ESTUDOS PREVIOS E INFORME SOBRE O PROCESO PARTICIPATIVO PARA A ORGANIZACIÓN DO MUNICIPIO DA CORUÑA EN DISTRITOS.

A documentación contida neste informe está suxeita a unha licenza Atribución - Non comercial - Compartir igual 4.0 Internacional de Creative Commons (CC BY-NC-SA 4.0).

Vostede é libre de:

- **Compartir** — copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato

- **Adaptar** — remesturar, transformar e recrear sobre o material

O licenciante non pode revogar estas liberdades mentres vostede cumpra os termos da licenza.

Nos seguintes termos:

- **Atribución** — Debe dar o recoñecemento apropiado, fornecer un vínculo á licenza e indicar se se fixeron cambios. Pode facelo de calquera maneira razoable pero non de maneira que poida suxerir que o licenciante o apoia a vostede ou o seu uso.

- **Non comercial** — Non pode utilizar este material para propósitos comerciais.

- **Compartir igual** — Se vostede remestura, transforma ou recrea sobre o material, debe distribuír as súas colaboracións coa mesma licenza cá orixinal.

Sen restricións adicionais — Non pode aplicar termos legais ou medidas tecnolóxicas que legalmente impidan a outros facer algo que a licenza permite.

A forma de citar o documento será: < **Concello da Coruña (2016). Estudos previos e informe sobre o proceso participativo para a organización do municipio da Coruña en distritos.** >

Este informe que presenta o Concello da Coruña sobre os resultados do Proceso Participativo para a organización da cidade en distritos está promovido polas concellerías de Participación e Innovación Democrática e Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, e realizado por Ergosfera coa colaboración do Observatorio Urbano e o Departamento de Innovación Tecnolóxica do Concello da Coruña.

Agradecementos especiais a todas as persoas que colaboraron na súa elaboración e no desenvolvemento dos encontros presenciais.

A Coruña, abril de 2016.

A versión dixital deste documento pódese consultar e descargar na web: < www.coruna.es/distritos >

Organización do documento.

I.- INTRODUCIÓN 5

II.- ESTUDOS E ANÁLISES 13

1.- Estudo conceptual: os distritos como forma de organización municipal 15

Análise do concepto de distrito desde a perspectiva etimolóxica (os distritos na historia e nos dicionarios), desde o marco legal vixente (os distritos na lexislación), e desde a escala urbana (os distritos como escala intermedia entre o municipio e os barrios).

2.- Estudo da lexislación relacionada coa organización municipal en distritos 25

Análise da lexislación estatal, autonómica e municipal relativa á división da cidade en distritos, facendo fincapé nos cambios derivados da entrada en vigor da *Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del gobierno local*.

3.- Estudo da organización municipal en distritos noutras cidades 37

Análise da división en distritos de 22 municipios do Estado co obxectivo de describir os modelos máis comúns e as solucións máis innovadoras e intencionadas, e reflexionar sobre a súa aplicabilidade ao caso da Coruña.

4.- Análise do proceso participativo para organizar o municipio da Coruña en distritos 57

Documentación do proceso participativo na que se detallan os datos e materiais producidos, así como a metodoloxía empregada e as conclusións acadadas sobre os barrios da cidade e sobre as opinións e propostas da veciñanza para os futuros distritos.

5.- Estudo doutras divisións históricas e actuais do municipio da Coruña 111

Análise de todo tipo de delimitacións administrativas e funcionais (como as parroquias, os distritos censuais ou as áreas escolares), así como das zonificacións do termo municipal creadas por outros motivos (como os tecidos urbanos, os usos do solo ou a topografía), para visualizar diferentes organizacións municipais, poder imaxinar moitas opcións para o caso dos distritos, e reflexionar sobre a posibilidade de recoller algunha destas divisións dentro dos criterios para fixar o seu trazado.

6.- Estudo dos barrios da Coruña como base para a organización municipal en distritos.....145

Análise das entidades de poboación da Coruña asimilables ao concepto de barrio, partindo da información obtida no proceso participativo, e complementándoa cun estudo cartográfico e bibliográfico, un estudo das listaxes oficiais de entidades de poboación e un estudo das mencións en diferentes plataformas dixitais como representación do recoñecemento popular. Na primeira fase deste estudo detectáronse e comezáronse a delimitar 297 entidades que, aínda sendo realidades urbanas e funcionais radicalmente heteroxéneas, xeran un sentido de identidade e recoñecemento colectivo que pode lexitimar a súa cualificación como barrios da cidade.

III.- CONCLUSIÓNS.....189

7.- Informe dos criterios adoptados e dos debates abertos como conclusión da primeira fase do proceso para organizar o municipio da Coruña en distritos.....190

Documentación dos criterios adoptados e síntese da información producida para a toma de decisións relativas á organización do municipio da Coruña en distritos.

8.- Avance dos seguintes estudos previos á proposta de división municipal en distritos.....213

Breve avance dos seguintes pasos previos á proposta inicial de distritos: por unha banda, a continuación e conclusión do traballo de identificación, delimitación e clasificación dos barrios da Coruña, e por outra, o estudo xurídico e administrativo sobre os límites e posibilidades para imaxinar a forma e a xestión dos distritos.

IV.- ANEXOS.....221

V.- ÍNDICES.....267

I.-
INTRODUCIÓN.

P-0.1.- Por que imos organizar a cidade en distritos?

O Concello da Coruña ten un compromiso firme coas persoas: facer da Coruña unha cidade igualitaria. Para acadar este obxectivo temos que traballar en novas formas de gobernanza coas que poidamos garantir a participación cidadá, descentralizar os recursos e servizos municipais e comprometernos coa transparencia e a rendición de contas, ademais de recoñecer a diversidade de lugares e formas de vida que conviven no termo municipal.

Para poder chegar a formular unha proposta de distritos para A Coruña que dea resposta á diversidade da nosa cidade, que respecte as diferentes identidades territoriais, que posibilite a participación cidadá de xeito permanente e que mellore a descentralización dos servizos e recursos públicos, é necesario realizar un traballo previo serio e rigoroso.

Para abordar esta fase previa de análise e investigación, o Goberno municipal da Coruña, a través das concellerías de Participación e Innovación Democrática e Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, realizou un proceso participativo por toda a cidade co que se pretendía coñecer e analizar a opinión, os saberes, os desexos e as necesidades da veciñanza da Coruña en relación coas diferentes realidades que configuran a cidade e o seu funcionamento. A partir desta información, sumada a unha precisa análise xurídica e administrativa, realizarase ao longo do ano 2016 unha proposta para a organización da cidade en distritos que implique unha maior e mellor calidade de vida para as persoas.

Este documento é un traballo de investigación que contextualiza os resultados do proceso e que inclúe: un estudo conceptual dos distritos como forma de organización municipal, un estudo da lexislación relacionada coa materia, un estudo sobre a súa implementación en diferentes cidades do Estado, unha análise das divisións históricas e actuais do municipio da Coruña e un estudo dos barrios da cidade, todos eles datos relevantes para telos en conta á hora de analizar a futura organización da cidade. Ademais, inclúe os resultados do proceso participativo, con datos sobre a participación, a metodoloxía empregada e os indicadores obtidos, así como os mapas que se realizaron en cada un dos encontros e vía internet, nos que se produciu colectivamente información moi valiosa sobre os espazos de referencia, as relacións cotiás entre barrios e outros datos relevantes.

A organización da cidade en distritos é unha esixencia para o Concello da Coruña dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno local. A motivación deste Concello á hora de abordar esta nova organización da cidade non é tanto a de dar unha resposta a esta lei, que tamén, senón sobre todo contribuír ao progreso democrático:

- Garantindo a participación cidadá nos asuntos de interese público.
- Comezando a descentralización ou desconcentración dos recursos e dos servizos municipais.
- Comprometéndose coa transparencia do público e coa rendición de contas ante a veciñanza.
- Recoñecendo a diversidade dos barrios e as formas de vida que conviven no territorio municipal.

P-0.2.- Portada da presentación no Foro Cidadán (Centro Ágora, 19-01-2016)

A división actual da cidade nos distritos da Peixaría e Oza responde a unha solución burocrática para cumprir a lexislación, vixente dende o 1 de xaneiro de 2004. É preciso avanzar neste senso e realizar unha proposta de distritos como ferramenta para facilitar a posta en marcha de políticas e formas de xestión innovadoras ao servizo da democracia.

É por iso que iniciamos este proxecto, que comezou co desenvolvemento do primeiro proceso participativo de grande escala que pon en marcha o Concello da Coruña. Un acontecemento que significou ao mesmo tempo a estrea de "A Porta Aberta", un novo dereito da cidadanía, unha canle que a Concellería de Participación e Innovación Democrática desenvolverá a partir de agora a través de diferentes procesos participativos nos que a veciñanza poderá discutir, achegar coñecemento e decidir sobre os temas que nos afectan na vida diaria, no barrio e na cidade.

Este primeiro gran proceso participativo implicou un traballo transversal entre diferentes concellerías e a creación dunha metodoloxía de traballo específica e adaptada aos obxectivos que se perseguían: abrir un debate entre a cidadanía sobre a organización da cidade en distritos, comezar a facer pedagoxía sobre que é e que significa un distrito e, sobre todo, obter información relevante sobre os barrios por parte de quen os vive, así como polos diferentes colectivos e organizacións da cidade. Esta información foi posteriormente analizada, contextualizada e será empregada para tomar a decisión política sobre os distritos para a cidade da Coruña. Tanto o número de distritos como a súa funcionalidade, as súas competencias, os seus lugares de referencia e servizos asociados, etc.

Para este fin, a Concellería de Participación organizou un total de 28 encontros presenciais por toda a cidade para que as veciñas e os veciños puidesen achegarse a pensar xuntos sobre os distritos e trasladar información relevante sobre a súa forma de vida en relación con outras áreas do termo municipal.

A estes encontros presenciais sumáronse un total de oito reunións con sectores ou axentes relevantes e vinculados co territorio: Asociación de Taxistas, Compañía de Tranvías, Servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, federacións e asociacións de veciños e veciñas, Universidade da Coruña, asociacións dos parques empresariais e outras organizacións presentaron información importante que vai permitir unha abordaxe social, e non unicamente xurídico-administrativa, da cuestión dos distritos.

De cara a facilitar a participación das persoas que non puideron achegarse aos encontros presenciais, a concellería puxo en marcha, en colaboración co Departamento de Innovación Tecnolóxica do Concello, unha plataforma dixital.

Todas estas ferramentas: encontros presenciais, plataforma dixital e reunións sectoriais, son as que nos permitiron recadar datos relevantes sobre o territorio, sobre o seu uso, sobre os espazos de referencia, sobre os desexos e sobre as posibilidades das persoas, pero tamén das empresas, asociacións e organizacións.

Ademais da publicación deste informe, as conclusións obtidas a partir do proceso participativo foron compartidas nun Foro Cidadán organizado o 19 de xaneiro de 2016 no Centro Ágora, unha forma de rendición de contas e devolución á veciñanza dos resultados das actividades desenvolvidas entre setembro e novembro de 2015, expoñendo as diferentes fases do proceso, ata o momento e futuras, así como o papel da información achegada polas persoas participantes.

Agora queda a parte máis relevante deste proceso: continuar a investigación iniciada e realizar o estudo xurídico-administrativo para finalizar nunha proposta meditada, participada e acaída de organización da cidade en distritos.

Por último, é moi salientable que a organización da cidade en distritos sexa un proxecto transversal levado a cabo conxuntamente entre a Concellaría de Participación e Innovación Democrática e a Concellaría de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, unha transposición directa da dobre condición dos distritos: por unha banda, como instrumento para posibilitar formas de innovación democrática que garantan a participación cidadá e, por outra, como entidade administrativa de carácter territorial vinculada intimamente coa realidade urbana.

Claudia Delso Carreira
Concelleira de Participación
e Innovación Democrática

Xiao Varela Gómez
Concelleiro de Rexeneración Urbana
e Dereito á Vivenda

II.-
ESTUDOS E ANÁLISES.

1.- ESTUDO CONCEPTUAL: OS DISTRITOS COMO FORMA DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.

1.1.- Introdución ao concepto de distrito.

Actualmente, e fóra das grandes cidades -onde o seu uso é xa popular desde hai décadas-, o termo distrito sempre soe formar parte de expresións do tipo “distrito creativo”, “distrito artístico”, “distrito do coñecemento” ou “distrito da innovación”. Trátase, polo tanto, dun termo case sempre asociado aos procesos de xentrificación globalizados, utilizado como arma simbólica cun obxectivo fundamental: mudar os nomes orixinais das pezas urbanas que o mercado inmobiliario desexa limpar, reconverter e capitalizar, a través dunha operación simultánea de borrado da memoria e xeración de expectativas.

A pesar deste uso problemático do termo na actualidade, a palabra distrito vén sendo de uso común desde hai moitos séculos, aparecendo xa no primeiro dicionario monolingüe do castelán, o *Tesoro de la lengua castellana o española* publicado por Sebastián de Covarrubias en 1611, e no primeiro repertorio lexicográfico da Real Academia Española, o coñecido como *Diccionario de autoridades* publicado entre 1726 e 1739.

Recompílanse a continuación estas primeiras definicións coñecidas do termo distrito, así como a súa etimoloxía e a definición das palabras latinas vinculadas á súa orixe:

Fonte	Definición
Tesoro de la lengua castellana o española (Sebastián de Covarrubias, 1611)	**DISTRITO**, el termino que contiene en si alguna Provincia, lugar, o termino, y la jurisdicion de la potestad de aquel termino, y distrito, del verbo distringo, arctestringo, constringo.
Diccionario de autoridades - Tomo III (Real Academia Española, 1732)	**DISTRITO**. s. m. La extensión, espácio o término de alguna Província, y generalmente qualquier espácio de tierra. Viene del Latino *Districtus.* CERV. Quix. tom. 2. cap. 32. Sin haver visto más mundo, que el que puede contenerse en veinte o treinta leguas de distríto. VILLAVIC. Mosch. Cant. 3. Oct. 5. *No hai silencio jamás en su distríto*, *Ni con tan grande accento la voz suena,* *Que se espante la gente con el grito,* *Que suele dar a quien le escucha pena.*
	DISTRITO. Vale tambien el espácio o território que comprehende la jurisdicción de un Juez o Señor. Latín. *Districtus. Ditio.* SOLIS, Hist. de Nuev. Esp. lib. 2. cap. 8. Llegaron a unos Pueblos del distríto de Zempoala.

Fig.1.1.A.- Definicións de distrito nos primeiros dicionarios de castelán.
Fontes: Citadas na táboa. Elaboración propia.

Fonte	Etimoloxía
Diccionario General Etimológico de la Lengua Española (Eduardo de Echegaray, 1887)	**Distrito** Del latín *districtus*, recogido, contenido; participio pasivo de *distringĕre*; del prefijo intensivo *di* y *stringĕre*, estrechar: catalán, *distrecte*; provenzal, *destreit*, *destret*, *destreg*; francés, *district*, *détroit*; italiano, *distretto*.
Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico (J. Corominas con la colaboración de J.A. Pascual, 1996)	**Distrito** Tomado del latín *districtum*, derivado de *distringere*, ‘separar’, y este derivado de *stringere*, ‘estrechar’.

Fig.1.1.B.- Etimoloxía da palabra distrito.
Fontes: Citadas na táboa. Elaboración propia.

P-1.1.- Os distritos nos dicionarios

Fonte	Definición
Diccionario Universal Latino-Español (Manuel de Valbuena, 1829)	**Districtus, a, um**. *Asc*. Estrecho, atado, oprimido. ‖ Ocupado, distraido. ‖ Riguroso, austero, severo, rígido. ‖ Incierto, dudoso. *part. de* Distringo.
	Distringo, is, inxi, ictum, ingĕre. *a. Cic*. Apretar, atar. ‖ Distraer, divertir, hacer diversion, embarazar, ocupar. ‖ *Col*. Coger, recoger.
	Stringo, is, strinxi, strictum, gĕre. *a. Quint*. Apretar, comprimir, estrechar fuertemente. ‖ Cortar, arrancar. ‖ Sen. Ofender. ‖ Tocar, herir ligeramente.
	Dĭtio, ōnis. *f. Cic*. Jurisdiccion, imperio, señorío, autoridad, poder, dominio, y el lugar donde se ejerce. *No se usa el nominativo*.
Oxford Latin Dictionary (1982)	**districtus, districta** adjective 1. busy / 2. pulled in different directions
	distringo, distringere, distrinxi, districtus verb 1. detain / 2. distract / 3. pull in different directions / 4. stretch out/apart
	stringo, stringere, strinxi, strictus verb 1. draw / 2. draw tight / 3. graze / 4. strip off
	dicio, dicionis noun 1. authority, power, control / 2. rule, domain, sway

Fig.1.1.C.- Definicións de termos latinos vinculados á orixe da palabra distrito.
Fontes: Citadas na táboa. Elaboración propia.

Xa nestas primeiras descricións en castelán, fixáronse os matices do concepto tal como o entendemos na actualidade, xa que todas as definicións do termo distrito inciden na súa dobre condición, territorial e funcional:

- Por unha banda, desde a súa orixe etimolóxica máis citada (distrito provén do latín *districtus*, e este á súa vez, de *distringĕre*, separar), os distritos son demarcacións ou divisións dunha entidade de poboación determinada (un territorio, unha provincia, unha cidade, etc.).

- Por outra banda, os distritos están igualmente definidos pola súa condición funcional, unha cuestión tamén relacionada coa súa etimoloxía, aínda que esta estea só recollida no *Diccionario de autoridades*, que suxire que ademais de *districtus*, tamén *dĭtio* (xurisdición, imperio, señorío, autoridade, poder, dominio, e o lugar onde se exerce) está na orixe do significado actual da palabra distrito. Neste senso, os distritos son divisións que teñen unha calidade xurídica e/ou administrativa, formulada hai séculos como delimitación do ámbito dun determinado poder (xudicial, imperial ou señorial), e, na actualidade, como instrumento para distribuír e ordenar dereitos, competencias ou servizos públicos.

Estas dúas condicións, territorialidade e funcionalidade, que como se pode observar sempre forman parte das definicións actuais do termo, son as grandes cuestións que marcarán o debate sobre a organización municipal en distritos, unha nova entidade que será diferente con respecto a outras ferramentas de organización urbana sen ámbito territorial delimitado (como os impostos ou os semáforos), e a outro tipo de divisións territoriais sen funcionalidade formal (como os barrios).



P-1.2.- Os distritos na lexislación

Fonte	Definición
Dicionario da Real Academia Galega	**distrito** *substantivo masculino* Cada unha das demarcacións xurídicas ou administrativas en que se divide unha poboación, provincia, cidade etc. *Distrito xudicial. Distrito universitario. Comisaría do distrito.*
Diccionario de la lengua española (Real Academia Española)	**distrito** (Del lat. *districtus*, de *distringĕre*, separar). *1. m.* Cada una de las demarcaciones en que se subdivide un territorio o una población para distribuir y ordenar el ejercicio de los derechos civiles y políticos, o de las funciones públicas, o de los servicios administrativos.
Diccionario de la lengua española Espasa-Calpe (© 2005)	**distrito** *1. m.* División de un territorio con carácter administrativo o jurídico: *distrito postal.*
Diccionario General de la Lengua Española Larousse (© 2012)	**distrito** (Del lat. *districtus* < *distringere*, separar.) *s.m.* ADMINISTRACIÓN División territorial administrativa o jurídica. *Ejemplo: en este distrito abundan los comercios, pero hay carencia de zonas verdes*.
Diccionario Manual de la Lengua Española Vox (© 2007)	**distrito** *s.m.* Parte en que se divide una población o un territorio para su administración.
Wikipedia - Consulta: 05-01-2016 - Última modificación: 31-12-2015	**distrito** La palabra distrito (del latín medieval *districtus*) se refiere a cada una de las demarcaciones en que se subdivide un territorio o una población, ya sea en forma administrativa, estadística o jurídica con la finalidad de obtener una distribución adecuada de sus servicios administrativos y organizar el ejercicio de su gobierno. La definición de Distrito a nivel mundial es ambiguo y el tipo de poder difiere entre países.

Fig.1.1.D.- Definicións de distrito nalgúns dos principais dicionarios actuais.
Fontes: Citadas na táboa. Elaboración propia.

Cabe sinalar, por último, un matiz importante reflectido en todas as definicións do termo: os distritos non son nunca definidos como territorios, senón como divisións, demarcacións ou partes dun territorio, sempre polo tanto subordinados a outra entidade ou escala territorial, xa sexa unha provincia, unha poboación ou unha cidade. Un matiz que non é nada casual, xa que se o termo deriva de *distringĕre* (separar), é normal que o concepto defina un sub-territorio proveniente dunha "separación" ou división doutro maior.

1.2.- O concepto de distrito na lexislación.

No referente á lexislación sobre a organización municipal, no artigo 128 da *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local*, engadido pola *Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del gobierno local*, os distritos son definidos como *"divisiones territoriales propias, dotadas de órganos de gestión desconcentrada, para impulsar y desarrollar la participación ciudadana en la gestión de los asuntos municipales y su mejora, sin perjuicio de la unidad de gobierno y gestión del municipio"*.

Ademais, na exposición de motivos da segunda das leis mencionadas, descríbense os distritos como un *"instrumento esencial para el desarrollo de políticas de proximidad y participación en los municipios altamente poblados, tanto desde la perspectiva de la desconcentración de funciones como desde la de la participación ciudadana"*.



P-1.3.A.- Da cama á Unión Europea



P-1.3.B.- Os distritos: escala intermedia entre os barrios e o municipio

Estas dúas definicións, formuladas dun xeito moito máis específico que nos dicionarios actuais, teñen, con todo, unha calidade moi relevante, xa que vinculan directamente a existencia dos distritos, tanto coa desconcentración de funcións e servizos municipais, como coa participación cidadá nos asuntos públicos. Así, non se trata dunha figura que os concellos poidan utilizar unicamente para cuestións adxectivas ou de control tributario, urbanístico ou estatístico, senón que o seu desenvolvemento debe ter como obxectivos fundamentais a loita contra a excesiva centralización dos servizos e investimentos públicos e a mellora dos baixísimos índices de participación cidadá nas políticas municipais.

1.3.- O concepto de distrito na escala urbana.

Na escala da que estamos a falar, o ámbito municipal, os distritos son subdivisións territoriais que teñen unha serie de características propias e, entre estas, a que quizais sirva mellor como forma complementaria para definir a súa realidade conceptual é a súa escala ou tamaño.

A forma máis sinxela de aproximación á escala dos distritos é comparándoa con ámbitos urbanos coñecidos por calquera persoa e, neste caso, a peza máis axeitada é sen dúbida o barrio, o territorio da vida cotiá da maioría da veciñanza e célula mínima con valor e recoñecemento colectivo na cidade. Deste xeito, pódese simplificar a situación definindo os distritos como agrupacións de varios barrios ou, o que é o mesmo, como ámbitos territoriais dunha escala intermedia entre o barrio e o municipio.

Xenericamente, esta simplificación pode formularse do seguinte xeito: calquera escala administrativa do territorio sitúase entre outras dúas, que tamén podemos considerar como niveis de agregación: unha escala superior (da que forma parte) e unha escala inferior (á que agrupa). Se falamos, por exemplo, da escala Provincia, esta sitúase entre a Comunidade Autónoma (escala superior) e os Municipios (escala inferior), aínda que cómpre sinalar que tamén existen excepcións a esta xerarquía (por exemplo, en Asturias, onde Provincia e Comunidade Autónoma coinciden, ou en Ceuta, onde Municipio e Cidade Autónoma coinciden). Deste xeito, podemos considerar os municipios como agrupacións de distritos, e a estes, como agrupacións de barrios, aínda que tamén neste caso son posibles as excepcións, xa que podería haber distritos que coincidan cun único barrio, ou ámbitos do territorio que non formen parte de ningún distrito e permanezan xestionados por outra administración.

Ademais, e especialmente no territorio galego, hai outra figura que pode axudar a entender o concepto de distrito: a parroquia, unha unidade territorial que, precedendo os municipios e sendo posteriormente a base sobre a que se trazaron os seus límites, ten varias características interesantes para reflexionar sobre os distritos. Primeiro, porque aglutina nunha mesma entidade a varios núcleos e lugares que comparten unha identidade común; e segundo, por unha condición urbanisticamente radical: as parroquias eran un instrumento para estruturar o territorio que, simultaneamente, eran o reflexo da propia estrutura (humana e produtiva) do territorio. Ambas as características parecen o punto de partida máis adecuado para fixar as aspiracións do que poderían chegar a significar os distritos.

2.- ESTUDO DA LEXISLACIÓN RELACIONADA COA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL EN DISTRITOS.

P-2.1.- Lexislación sobre a organización municipal en distritos: da Ley 7/1985 á Ley 57/2003

2.1.- Lexislación relacionada coa organización municipal en distritos.

A Constitución Española (art.137) establece que: *"El Estado se organiza territorialmente en municipios, en provincias y en las Comunidades Autónomas que se constituyan"*. O municipio é, polo tanto, a escala inferior, a entidade mínima de agregación nunha forma de organización que establece que os municipios agruparanse en provincias, estas en comunidades autónomas, e estas no Estado. O que veremos a través da lexislación é como xorde unha nova delimitación territorial (obrigatoria só nalgúns casos) por debaixo do municipio: os distritos.

A continuación recóllense todas as leis que no seu articulado mencionan a palabra distrito, así como a escala administrativa que a promulgou. Cómpre puntualizar que non todas elas fan referencia ao mesmo tipo de distritos: tanto a lei autonómica coma o PXOM falan dos distritos "urbanísticos" (aínda que non o concreten deste xeito), mentres que o resto das normativas falan de distritos "para a participación cidadá". Neste informe, cando se fala de distritos faise en referencia a estes últimos.

Normativa vixente	Escala da Administración Pública		
	Estado	Comunidade Autónoma	Municipio
Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.	**X**		
Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local.	X		
Real Decreto 1690/1986, de 11 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales.	X		
Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.	X		
Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.		X	
Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.		X*	
Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del gobierno local.	**X**		
Regulamento Orgánico de Participación Cidadá da Coruña (BOP A Coruña, 13-12-2004).			X
Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña (25-02-2013).			X*

Fig.2.1.- Lexislación relacionada coa organización municipal en distritos (en orde cronolóxica).
Fonte: Elaboración propia.

A situación pode resumirse do seguinte xeito: por unha banda, están as dúas normativas máis importantes e sobre as que se baseará esta análise, a Ley 7/1985 e a Ley 57/2003: as cuestións básicas para a organización da cidade en distritos reflíctense nos cambios introducidos pola segunda delas na anterior normativa, e que se resumen na introdución dun novo título no que se lexislan as diferenzas na forma de xestionar as grandes cidades; por outra banda, está o Regulamento Orgánico de Participación Cidadá da Coruña (2004), no que se definen moitas das cuestións relativas á organización e ao goberno dos distritos, pero no que só se fai referencia ao seu territorio cando se definen directamente os dous nos que se divide o municipio; e por último, están a Lei 9/2002 e o PXOM da Coruña (2013), que, aínda que só falen dos distritos urbanísticos, son documentos moi interesantes: no primeiro caso, porque suxire certas estratexias para a súa delimitación, e, no segundo, porque explica cómo se divide o municipio, unha vez máis, en dous distritos.



P-2.2.1.A.- Da Ley 7/1985 á Ley 57/2003: A que municipios afecta?



P-2.2.1.B.- Da Ley 7/1985 á Ley 57/2003: Reconfiguración das competencias dos organismos municipais

2.2.- Conclusións sobre o marco lexislativo da organización municipal en distritos.

2.2.1.- Da Ley 7/1985 á Ley 57/2003.

A *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local* (LRBRL) estableceu no seu día os organismos e as competencias que debía ter todo municipio (como territorio para administrar) no Estado. Esta lei contemplaba dous modelos, tomando como parámetro diferenciador a poboación: un primeiro modelo para municipios con menos de 5.000 habitantes (que supoñían un 95% dos municipios e un 15% da poboación); e un segundo modelo para municipios con máis de 5.000 habitantes (que supoñían un 5% dos municipios e un 85% da poboación). Malia isto, a diferenza fundamental entre os dous modelos estaba na "posibilidade" (1º modelo) ou na "obrigatoriedade" (2º modelo) de ter certos organismos e a distribución das súas competencias. Nos dous modelos existe a obriga de aprobar un Regulamento de Participación Cidadá que debe garantir certos dereitos, mais quedaba nas mans do goberno local establecer os seus órganos e mecanismos concretos.

Será a *Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del gobierno local* (LMMGL) a que modifique substancialmente a LRBRL, introducindo, entre outras cousas, o Título X, chamado *Régimen de organización de los municipios de gran población*. O ámbito de aplicación (art.121) segue facendo fincapé na poboación como parámetro diferenciador, aínda que tamén contempla outros criterios; aparece así un terceiro modelo que afecta a menos do 1% dos municipios, mais onde se concentra o 40% da poboación. Entre estes municipios, atópase o da Coruña, pola súa condición de capital provincial con máis de 175.000 habitantes.

De maneira resumida, os cambios fundamentais que introduce a LMMGL nos municipios obrigados a asumir o 3º modelo son os seguintes:

1.- A reconfiguración das competencias dos organismos a nivel municipal, unha cuestión que implica certos cambios na atribución e na posibilidade de delegación de competencias por parte duns organismos a outros (os principais destes organismos son o Pleno, a Alcaldía e a Xunta de Goberno Local).

2.- O establecemento dalgúns organismos obrigatorios para a participación cidadá:

- O Consello Social, que estará *"integrado por representantes de las organizaciones económicas, sociales, profesionales y de vecinos más representativas"* e que lle corresponderá *"la emisión de informes, estudios y propuestas en materia de desarrollo económico local, planificación estratégica de la ciudad y grandes proyectos urbanos"*.

- A Comisión especial de Suxestións e Reclamacións, que estará *"formada por representantes de todos los grupos que integren el Pleno"* e poderá *"supervisar la actividad de la Administración municipal, y deberá dar cuenta al Pleno, mediante un informe anual, de las quejas presentadas y de las deficiencias observadas en el*

P-2.2.1.C.- Da Ley 7/1985 á Ley 57/2003: Os tres novos organismos relativos á participación cidadá



P-2.2.1.D.- Da Ley 7/1985 á Ley 57/2003: A división do territorio do municipio en distritos para a participación

funcionamiento de los servicios municipales, con especificación de las sugerencias o recomendaciones no admitidas por la Administración municipal".

- As Xuntas Municipais de Distrito, que son *"órganos territoriales de gestión desconcentrada y cuya finalidad será la mejor gestión de los asuntos de la competencia municipal y facilitar la participación ciudadana en el respectivo ámbito territorial"*.

3.- A obrigatoriedade, como consecuencia da aparición das Xuntas Municipais de Distrito, de definir subdivisións territoriais no municipio: os distritos, *"para impulsar y desarrollar la participación ciudadana en la gestión de los asuntos municipales y su mejora"*.

2.2.2.- Cuestións fundamentais respecto aos distritos.

Este breve esbozo do marco lexislativo abonda para formular as cuestións fundamentais arredor dos distritos:

1.- Respecto á composición do seu goberno: Quen forma parte das Xuntas Municipais de Distrito (XMD)?

2.- Respecto á súa funcionalidade: Que competencias se poden e se queren descentralizar (desde os órganos do goberno municipal) ás Xuntas Municipais de Distrito?

3.- Respecto ao seu ámbito territorial: Como dividimos a cidade en distritos?

2.2.2.1.- A forma e a composición do goberno dos distritos segundo a lexislación e o Regulamento de Participación Cidadá da Coruña.

O Regulamento das Xuntas Municipais de Distrito, cuxa aprobación corresponde ao Pleno, é o documento que define as súas competencias e composición, xa que a LMMGL só sinala a obrigatoriedade dun cargo, a Presidencia do Distrito (nomeada pola Alcaldía e sendo sempre un/unha concelleiro/a), e a posibilidade doutro, a Secretaría de Distrito (que será exercida por un/unha funcionario/a do Concello). A composición "non electa" ou "non funcionaria" das XMD será definida no Regulamento de Participación Cidadá. No caso da Coruña, o actual regulamento define a composición das Xuntas Municipais de Distrito, chamadas "Consellos de Distrito", do seguinte xeito:

- Estarán integradas por un número impar de membros, entre tres e nove, e serán presididas polo/a concelleiro/a que asuma a Presidencia do Distrito.

- Os/as vogais serán nomeados/as polo Pleno por proposta da Alcaldía entre as persoas propostas polas asociacións veciñais do distrito.

- Polo menos o 50% dos/das representantes permanentes das entidades cidadás serán seleccionados/as entre as candidaturas nomeadas polas asociacións veciñais.



P-2.2.2.- Da Ley 7/1985 á Ley 57/2003: Tres preguntas básicas arredor dos distritos

2.2.2.2.- As funcións dos distritos segundo os regulamentos doutras cidades.

Aínda que a listaxe de funcións delegables polos órganos municipais regulada na lexislación é moi abstracta, a conclusión é que as competencias das XMD serán definidas cunha certa liberdade nos regulamentos orgánicos particulares de cada concello. Se facemos un repaso das funcións específicas das xuntas municipais de distrito definidas nalgúns dos regulamentos doutras cidades (neste caso de Granada, Madrid, Málaga, Sevilla, Valencia e Zaragoza) ademais de no da Coruña, obsérvase que as máis comúns son as seguintes:

A.- Fomentar a participación da veciñanza na actividade municipal, promovendo o asociacionismo e facilitando as relacións entre as asociacións e demais entidades cidadás e o Concello.

B.- Facilitar a máxima información á veciñanza sobre a xestión municipal, as reivindicacións veciñais e calquera outro asunto de interese para o distrito, así como ser informado previamente polos órganos responsables e informar a veciñanza dos plans e proxectos municipais que afecten ao territorio dos distritos.

C.- Programar, organizar e incentivar as actividades socioculturais do distrito en colaboración coas entidades cidadás.

D.- Ser a canle, e o primeiro filtro, para as aspiracións da veciñanza, atendendo todas as peticións e denuncias realizadas, examinándoas e elevando as oportunas aos órganos municipais correspondentes.

E.- Controlar o funcionamento dos servizos públicos, facer propostas en materia de equipamentos, e elaborar estudos sobre as necesidades de mellora dos distritos (obras, servizos, conflitos, etc.).

F.- Realizar informes previos ás actuacións municipais, á redacción de plans urbanísticos ou á elaboración dos orzamentos anuais en todo o que teña que ver co territorio dos distritos.

G.- Garantir a solidariedade e o equilibrio entre os diferentes barrios que conforman o seu ámbito territorial.

Ademais desta listaxe, o actual Regulamento Orgánico de Participación Cidadá da Coruña, especifica que, de forma coordinada coas liñas de actuación municipal, as XMD participarán no réxime de utilización e na xestión dos equipamentos municipais no distrito, e establece que todos os distritos contarán cunha Sección do Rexistro Xeral do Concello, así como da Oficina Municipal de Información e Atención á Cidadanía, servizos que quedarán desconcentrados.

A partir desta listaxe inicial de funcións (a maioría delas cun alto grao de abstracción, polo que será necesaria unha análise da súa idoneidade) e das achegas de todas as áreas do Concello e da veciñanza, elaborarase a listaxe definitiva das posibles competencias dos futuros distritos da Coruña.

2.2.2.3.- O territorio dos distritos segundo a lexislación.

O criterio para a delimitación dos distritos é unha cuestión que non se define na LMMGL, quedando nas mans da vontade do goberno local, xa que a única mención sobre o tema é para definir que a división do municipio en distritos é unha das atribucións do Pleno Municipal. Trátase así dunha folla en branco desde o punto de vista legal, polo que só se establece indirectamente un mínimo de dous distritos e ningún máximo.

Neste senso, o único documento atopado onde cando menos se mencionan algúns criterios para un caso semellante é o artigo 49 (división do solo urbano e urbanizable) da *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, no que se explicitan unha serie de recomendacións para a definición dos distritos urbanísticos. Así, no seu primeiro apartado indica que o solo urbano dividirase en distritos, neste caso en relación á ordenación urbanística e á accesibilidade das dotacións, *"utilizando preferentemente como límites os sistemas xerais e os elementos estruturantes da ordenación urbanística, e coincidindo na maior parte da súa extensión cos barrios, parroquias ou unidades territoriais con características homoxéneas"*.

3.-
ESTUDO DA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL EN DISTRITOS NOUTRAS CIDADES.



P-3.1.- 22 municipios: poboación, superficie e localización



P-3.1.1.- Os municipios e o seu número de distritos

3.1.- Análise da división en distritos de 22 municipios do Estado.

Outra das formas básicas de pensar a organización da Coruña en distritos é a análise dos modelos de división doutros municipios que xa o fixeron hai máis ou menos tempo. A selección dos municipios analizados estableceuse en baseándose na accesibilidade da información, é dicir, foron escollidos aqueles dos que se puideron atopar datos desagregados (a nivel de distrito), aínda que tamén se procurou que houbera casos de toda a xeografía do Estado.

Os 22 municipios analizados son, en orde de poboación: Madrid, Barcelona, València, Sevilla, Zaragoza, Málaga, Murcia, Palma, Las Palmas de Gran Canaria, Bilbo, Alacant, Córdoba, Valladolid, L'Hospitalet, Granada, Elx, Oviedo, Cartagena, Jerez de la Frontera, Burgos, Logroño e Alcobendas.

As fontes dos datos utilizados foron moi diversas, na medida do posible das páxinas oficiais dos concellos. O parámetro básico no que fai fincapé a Ley 57/2003 é o da poboación, pero tamén se procurou a superficie como segundo parámetro, así como a relación entre poboación e superficie, é dicir, a densidade de poboación. Os datos de poboación foron máis doados de obter, pero os planos non o foron tanto, de tal xeito que se tiveron que redebuxar en boa parte dos casos, polo que a fiabilidade das superficies (e polo tanto, das densidades) depende da resolución das imaxes consultadas.

Dada a dispersión e heteroxeneidade das fontes de información, as análises parten dos datos a nivel de distrito (datos desagregados) e, cando se fala a nivel de municipio, xúntanse os datos anteriores (datos agregados), polo que os datos a nivel municipal non sempre coinciden cos do INE. Ademais, neste texto e nas imaxes os datos numéricos aparecen redondeados para facilitar a comparación (os datos sen redondear pódense consultar no apartado 3.3).

O estudo exposto a continuación formulouse en dous apartados: o primeiro, a nivel municipal, sinalando o número de distritos e resaltando aqueles casos que teñen unhas condicións semellantes ás do municipio da Coruña; e o segundo, a nivel de distrito, para ver máis polo miúdo as diferenzas que se dan dentro dos propios municipios. Nos dous apartados desenvolvéronse tres análises segundo os datos de poboación, superficie e densidade de poboación.



P-3.1.1.1.A.- Análise segundo a poboación absoluta do municipio



P-3.1.1.1.B.- Análise segundo a poboación media por distrito

3.1.1.- Análise a nivel de municipio.

A nivel municipal obsérvase que non hai ningún caso como o da Coruña, no que existan unicamente dous distritos, sendo Burgos (con 3) e Alcobendas (con 4) os que menos distritos teñen e, no extremo oposto, València (con 19) e Madrid (con 21) os que máis.

3.1.1.1.- Análise segundo a poboación municipal.

Se atendemos á poboación absoluta do municipio, os casos máis semellantes ao da Coruña (245.000 habitantes) serían os de L`Hospitalet (253.000 habitantes e 6 distritos) e Granada (238.000 habitantes e 8 distritos). O máximo atopámolo en Madrid (3.168.000 habitantes e 21 distritos) e o mínimo en Alcobendas (112.000 habitantes e 4 distritos).

Se atendemos á poboación media por distrito (o número de habitantes dividido entre o número de distritos), o máximo atopámolo en Barcelona (160.000 habitantes por distrito, tendo 10 distritos) e o mínimo en Valladolid (26.000 habitantes por distrito, tendo 12 distritos).

3.1.1.2.- Análise segundo a superficie municipal.

Se atendemos á superficie absoluta do municipio, os casos máis semellantes ao da Coruña (38 km^2)serían os de Bilbo (41 km^2, con 8 distritos) e Alcobendas (45 km^2, con 4 distritos). En canto aos extremos, o municipio máis extenso é Córdoba (1.257 km^2 e 10 distritos) e o de menor superficie é L'Hospitalet (12 km^2 e 6 distritos).

Se atendemos á superficie media por distrito (a superficie total do municipio dividida entre o número de distritos), o máximo atopámolo en Jerez de la Frontera (170 km^2 por distrito, en 7 distritos) e o mínimo, de novo, en L'Hospitalet (2 km^2 por distrito, en 6 distritos).

3.1.1.3.- Análise segundo a densidade de poboación municipal.

Se atendemos á densidade de poboación do municipio, os casos máis semellantes ao da Coruña (6.500 hab/km^2) serían os de Madrid (5.200 hab/km^2 e 21 distritos) e València (8.000 hab/km^2 e 19 distritos). En canto aos extremos, o municipio máis denso é L'Hospitalet (20.300 hab/km^2 e 6 distritos) e o de menor densidade é Jerez de la Frontera (200 hab/km^2 e 7 distritos).

Destas análises a nivel municipal despréndese unha primeira conclusión: ningún dos parámetros estudados (poboación, superficie ou densidade) é, por si só, definidor do número de distritos dun determinado municipio. Non hai, polo tanto, unha relación definible entre estes datos a nivel municipal e o número de distritos que teña un municipio, polo que se continúa a análise a nivel de distritos para estudar se se poden observar patróns desde esa escala máis detallada.



P-3.1.1.2.A.- Análise segundo a superficie absoluta do municipio



P-3.1.1.2.B.- Análise segundo a superficie media por distrito



P-3.1.1.3.- Análise segundo a densidade de poboación municipal



P-3.1.2.A.- Municipios, división en distritos e área urbana consolidada



P-3.1.2.B.- A distinción entre distritos urbanos e rurais

3.1.2.- Análise a nivel de distrito.

Unha vez feitas as análises a nivel municipal, pasamos agora a ver máis polo miúdo, baixando de escala, o que acontece a nivel de distritos. E para iso, introducimos un novo parámetro: a área urbana consolidada, que é a superficie máis transformada pola urbanización e, polo tanto, unha representación bastante aproximada da distribución da poboación polo territorio municipal.

Unha primeira cuestión de interese, antes de pasar ás analises dos parámetros de poboación, superficie e densidade, é que sete dos municipios estudados (Córdoba, Elx, Jerez de la Frontera, Murcia, Oviedo, València e Zaragoza) establecen unha diferenciación entre distritos urbanos e distritos rurais ou periurbanos, unha fórmula da que haberá que estudar as súas implicacións ao respecto da xestión das asimetrías entre ámbitos do municipio. Outra das singularidades detectadas foi a existencia de ámbitos dentro dun municipio que non pertencen a ningún distrito, unha realidade só identificada en Valladolid.

3.1.2.1.- Análise segundo a poboación dos distritos.

Se atendemos á poboación absoluta dos distritos, os máximos atopámolos nos distritos de L'Eixample en Barcelona (con 264.000 habitantes) e Carabanchel en Madrid (con 243.000 habitantes), e os mínimos no Distrito Empresarial - Valdelacasa en Alcobendas (con 0 habitantes) e no Distrito 1 de Valladolid (con 4.000 habitantes). Pola súa banda, a media sitúase arredor dos 62.000 habitantes e a mediana arredor dos 47.000 habitantes.



Fig.3.1.2.1.A.- Distribución dos distritos segundo a súa poboación absoluta.
Fonte: Webs municipais. Elaboración propia.

Se atendemos á poboación relativa dos distritos (a porcentaxe da poboación dos distritos respecto á total do municipio), os máximos atopámolos no Distrito 4 de Cartagena (co 47,9%) e no Norte-Este de Burgos (co 45,3%), e os mínimos, quitando o caso do deshabitado Distrito Empresarial - Valdelacasa de Alcobendas, estarían no Distrito 17 Pobles del Nord de València (co 0,8%) e no Distrito 1 de Valladolid (co 1,3%).



P-3.1.2.1.A.- Análise segundo a poboación absoluta dos distritos



P-3.1.2.1.B.- Análise segundo a poboación relativa dos distritos



Fig.3.1.2.1.B.- Distribución dos distritos segundo a súa poboación relativa.
Fonte: Webs municipais. Elaboración propia.

Por outra banda, observando as gráficas de distribución dos distritos segundo a súa poboación absoluta e relativa, apréciase que moi poucos (14) pasan dos 150.000 habitantes ou acollen a máis do 25% da poboación total do municipio (17).

3.1.2.2.- Análise segundo a superficie dos distritos.

Se atendemos á superficie absoluta dos distritos, os máximos atopámolos no Distrito Rural de Jerez de la Frontera (1.143 km^2) e no Distrito Periurbano Este-Campiña de Córdoba (1.028 km^2), e os mínimos no Distrito 3 (0,2 km^2) e no Distrito 5 (0,3 km^2) de Valladolid. Pola súa banda, a media sitúase arredor dos 40 km^2 e a mediana arredor dos 8 km^2.



Fig.3.1.2.2.A.- Distribución dos distritos segundo a súa superficie absoluta.
Fonte: Webs municipais. Elaboración propia.



P-3.1.2.2.A.- Análise segundo a superficie absoluta dos distritos



P-3.1.2.2.B.- Análise segundo a superficie relativa dos distritos

Se atendemos á superficie relativa dos distritos (a porcentaxe da superficie dos distritos respecto á total do municipio), os máximos atopámolos no Distrito Rural de Jerez de la Frontera (co 96,2%) e no Distrito Periurbano Este-Campiña de Córdoba (co 81,7%), e os mínimos estarían no Distrito Poniente-Norte (0,1%) e no Distrito Levante (0,2%) de Córdoba.



Fig.3.1.2.2.B.- Distribución dos distritos segundo a súa superficie relativa.
Fonte: Webs municipais. Elaboración propia.

Por outra banda, observando as gráficas de distribución dos distritos segundo a súa superficie absoluta e relativa, apréciase que moi poucos pasan dos 50 km^2 (27) ou ocupan máis do 50% da superficie total do municipio (8).



P-3.1.2.3.- Análise segundo a densidade de poboación dos distritos

3.1.2.3.- Análise segundo a densidade de poboación dos distritos.

Se atendemos á densidade de poboación dos distritos, os máximos atopámolos no Districte IV (54.000 hab/km^2) e no Districte II (53.000 hab/km^2) de L'Hospitalet, e os mínimos, obviando o caso do deshabitado Distrito Empresarial - Valdelacasa de Alcobendas, serían o Distrito Rural de Jerez de la Frontera (con 6 hab/km^2) e o Distrito Periurbano Este-Campiña de Córdoba (con 10 hab/km^2). Pola súa banda, a media sitúase arredor dos 10.500 hab/km^2 e a mediana arredor dos 7.000 hab/km^2.



Fig.3.1.2.3.- Distribución dos distritos segundo a súa densidade de poboación.
Fonte: Webs municipais. Elaboración propia.

Por outra banda, observando a gráfica de distribución dos distritos segundo a súa densidade de poboación, apréciase que moi poucos pasan dos 30.000 hab/km^2 (9).

Observando as 5 análises en conxunto, pódese apreciar perfectamente o sistema de composición en distritos dominante, baseado na creación de distritos de gran superficie e pouca densidade de poboación nas áreas periféricas e menos urbanizadas dos municipios, e distritos máis pequenos e con altas densidades nos centros urbanos. O normal é, polo tanto, a mestura de distritos con características de poboación, superficie e densidade moi diferentes, xa se trate de combinacións de dous tipos básicos de distritos, como sucede en Córdoba, Elx, Jerez de la Frontera ou Zaragoza, ou de mesturas compostas por elementos moi heteroxéneos, como nos casos de Madrid, Málaga, Sevilla ou Valladolid.

As excepcións a este modelo xeral son Burgos e L'Hospitalet, no primeiro caso, porque só conta con 3 distritos e a súa distribución é tal que cada un engloba unha parte consolidada e outra menos urbanizada do municipio, sendo os 3 distritos máis ou menos do mesmo tamaño e cunha poboación da mesma orde de magnitude. No segundo caso, trátase dun municipio moi pequeno, practicamente consolidado na súa totalidade, e dividido en 6 distritos, 3 máis grandes e 3 máis pequenos, pero cunhas cifras de poboación semellantes.

Dada a reducida superficie do municipio da Coruña en comparación cos casos analizados, cómpre salientar unha última cuestión de interese: o tamaño dos distritos. Dos 193 distritos analizados, 24 non pasan dos 2 km^2, pertencendo os 8 máis pequenos (menores de 1 km^2) a Valladolid (5) e L'Hospitalet (3).



P-3.2.1.A.- Metodoloxía da modelización dos casos de estudo



P-3.2.1.B.- Os modelos dos 22 municipios estudados

3.2.- Análise dos diferentes modelos de organización municipal en distritos.

3.2.1.- A modelización dos casos de estudo.

A partir das análises anteriores, compuxéronse unha serie de modelos abstractos moi básicos da organización en distritos dos 22 municipios estudados [P-3.2.1.A], unha ferramenta que pode ser útil para visualizar semellanzas e diferenzas, así como patróns que axuden a reflexionar sobre os principais parámetros que hai que ter en conta.

A metodoloxía empregada para a modelización consistiu na abstracción dos 22 casos estudados a un modelo circular onde se representan tres parámetros: o límite municipal (que dá conta do tamaño), a superficie urbana consolidada (que representa o grao de urbanización e a localización da densidade de poboación) e os límites dos distritos.

Para chegar a estes modelos, nun primeiro momento, partiuse da representación circular de dous parámetros, o límite municipal (1), que representa o tamaño do municipio (pequeno, mediano ou grande), e a área urbana consolidada en relación ao devandito límite (2). Desta operación resultan 3 modelos segundo se a superficie consolidada ocupa unha pequena parte, unha boa parte, ou a case totalidade do municipio.

O seguinte paso foi introducir un novo parámetro: unha liña que sinala onde se produce un cambio significativo na formalización dos distritos (principalmente no seu tamaño) en relación coa superficie consolidada (3), o que servirá para que a abstracción da división en distritos de cada caso sexa sensible á importantísima relación entre a forma e o tamaño dos distritos e o grao de consolidación urbana do territorio que abranguen.

Esta nova liña, que separa sempre un interior dun exterior, pode situarse no interior da superficie consolidada, coincidir co seu bordo, situarse no seu exterior, ou non existir por coincidir practicamente co límite municipal. Neste senso, é preciso sinalar que esta división virtual é xa unha realidade nos sete casos que diferencian entre distritos urbanos e rurais, e que, en calquera caso, é unha forma de darlle importancia á cuestión formal da unión ou separación entre os territorios con calidades urbanísticas diferentes, formulando que, polo menos nos terrritorios complexos como as áreas urbanas galegas, é preciso poder posicionarse sobre se se tende cara a unha diferenciación entre ambos tipos de territorios ou todo o contrario.

Ao introducir este parámetro obtivéronse os esquemas base sobre os que se modelizaron os 22 casos, facendo a continuación unha primeira clasificación [P-3.2.1.B] segundo o seu tamaño (superficie total do municipio) e o seu número de distritos.



P-3.2.2.A.- Unha clasificación dos modelos



P-3.2.2.B.- Síntese dos modelos posibles

3.2.2.- Clasificación e síntese dos modelos posibles.

Unha vez se poden visualizar e comparar os 22 casos modelizados [P-3.2.2.A], comezan a aparecer patróns que suxiren os parámetros a través dos cales formular a súa síntese: por unha banda, se se distingue ou non un interior dun exterior, por outra, a cantidade de divisións que se establecen (tanto no interior como no exterior), e por último, se estas divisións son homoxéneas ou heteroxéneas en canto ao seu tamaño. Os modelos que xorden segundo estes parámetros de análise son os seguintes:

- Modelos que distinguen entre un interior e un exterior:

    - Modelos que fan moitas divisións tanto no interior coma no exterior:
        - Divisións interiores homoxéneas e exteriores heteroxéneas: Murcia, Sevilla e Zaragoza.
        - Divisións interiores e exteriores heteroxéneas: Madrid, Málaga, València e Valladolid.

    - Modelos que fan moitas divisións no interior pero poucas no exterior:
        - Divisións interiores e exteriores homoxéneas: Elx e Oviedo.
        - Divisións interiores heteroxéneas e exteriores homoxéneas: Jerez de la Frontera.
        - Divisións interiores e exteriores heteroxéneas: Córdoba.

    - Modelos que fan poucas divisións no interior pero moitas no exterior:
        - Divisións interiores e exteriores homoxéneas: Alcobendas, Bilbo, Cartagena, Las Palmas de Gran Canaria e Logroño.
        - Divisións interiores homoxéneas e exteriores heteroxéneas: Alacant, Barcelona e Palma.

- Modelos que non distinguen entre un interior e un exterior:

    - Divisións homoxéneas: Burgos.

    - Divisións heteroxéneas: Granada e L'Hospitalet.

Cos parámetros anteriores, que proceden dos casos reais, pódese configurar unha matriz de posibilidades de división en distritos na que aparecen ocos [P-3.2.2.B], é dicir, que ademais dos modelos existentes nos municipios estudados, existen outros modelos que aínda non foron postos en práctica, pero que se poderían ter en conta como posibilidade.

Unha vez decididas as cuestións relativas ao número de distritos ou aos parámetros básicos cos que conformalos, será o momento de comprobar a idoneidade destes modelos, partindo sempre da premisa de que non por seren máis ou menos asumidos por outras cidades teñen por que ser adecuados para o caso da Coruña.

4.-
ANÁLISE DO PROCESO PARTICIPATIVO PARA ORGANIZAR O MUNICIPIO DA CORUÑA EN DISTRITOS.

P-4.1.A.-

Os encontros presenciais nos barrios

P-4.1.A.- Os encontros presenciais nos barrios

P-4.1.B.-

Elementos e metodoloxía do proceso participativo

ELEMENTOS:

28
Encontros presenciais nos barrios

Plataforma de participación en internet

8
Reunións sectoriais

METODOLOXÍA:

- Formulario individual con preguntas sobre o barrio e os distritos
- Debuxo individual dos límites do propio barrio
- Debuxo individual dunha proposta de distrito
- Debuxo colectivo dunha proposta de distrito
- Relato colectivo dos acordos e desacordos na proposta de distrito
- Entrevista-conversación

P-4.1.B.- Elementos e metodoloxía do proceso participativo

4.1.- Introdución á metodoloxía do proceso participativo.

O proceso participativo para organizar a cidade en distritos desenvolveuse a través dunha metodoloxía deseñada *ad hoc* para acadar a máxima inclusividade e poñer en marcha intelixencias individuais e colectivas. Unha das primeiras decisións fundamentais foi a de comezar a reflexión sobre os distritos desde a escala dos barrios, xa que o proceso participativo partiu dunha necesidade de coñecer como funciona e como se vive a cidade que se pretende posteriormente organizar.

En termos prácticos, o proceso participativo estivo composto por tres elementos ou ferramentas básicas: vinte e oito encontros presenciais nos barrios, oito encontros sectoriais con axentes relevantes no que se refire ao territorio e á súa organización, e unha plataforma de participación en internet.

Tanto os encontros presenciais nos barrios como a plataforma en internet estiveron baseados nunha metodoloxía similar, que consistiu nun formulario cunha serie de preguntas e dous mapas sobre os que debuxar os límites dos barrios e unha proposta de distrito. Nas reunións presenciais elaborouse ademais un relato colectivo sobre o proceso para definir a proposta de distrito, que neste caso realizábase en pequenos grupos de traballo.



P-4.1.C.- O proceso participativo en números

P-4.1.1.A.- A participación nos encontros presenciais

4.1.1.- Os encontros presenciais nos barrios.

O proceso para a organización da cidade en distritos propúxose chegar a calquera persoa que desexase participar fora o que fora o seu lugar de residencia. Con este obxectivo, convocáronse 28 reunións presenciais nos barrios da cidade nas que participaron un total de 689 persoas. Estes encontros, cunha duración de entre unha hora e media e dúas horas, supuxeron a fonte principal de información e contacto coa cidadanía ata o momento, e contaron coa participación dun equipo técnico de mediadores e urbanistas, de persoal da concellería e a propia concelleira de Participación e Innovación Democrática, de persoal da Concellería de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, así como do alcalde da Coruña en varios dos encontros.

Nº	Data	Lugar	Participantes	Mesas de traballo
1ª	22-09-2015 (10:00h)	C.C.M. A Silva	31	6
2ª	22-09-2015 (18:00h)	C.C.M. Palavea	42	8
3ª	23-09-2015 (10:00h)	C.C.M. Feáns	35	7
4ª	23-09-2015 (18:00h)	C.C.M. San Diego	21	4
5ª	24-09-2015 (10:00h)	C.C.M. Castrillón	19	5
6ª	24-09-2015 (18:00h)	C.C.M. Eirís	11	3
7ª	25-09-2015 (18:00h)	C.C.M. Mesoiro	16	4
8ª	28-09-2015 (18:00h)	C.C.M. Cidade Vella	32	6
9ª	29-09-2015 (18:00h)	C.C.M. Monelos	43	7
10ª	30-09-2015 (18:00h)	Espazo de Encontro Veciñal do Birloque	57	9
11ª	30-09-2015 (18:00h)	Delegación da Coruña do C.O.A.G. (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia)	13	3
12ª	01-10-2015 (18:00h)	Centro Veciñal de Bens	7	2
13ª	01-10-2015 (18:00h)	U.N.E.D. (Universidad Nacional de Educación a Distancia)	16	4
14ª	06-10-2015 (18:00h)	C.C.M. Sagrada Familia	32	5
15ª	07-10-2015 (18:00h)	Centro Veciñal de Nostián	13	2
16ª	08-10-2015 (18:00h)	C.C.M. Os Mallos	61	15
17ª	08-10-2015 (18:00h)	O.M.I.C. (Oficina Municipal de Información ao Consumidor)	3	1
18ª	13-10-2015 (18:00h)	Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil	15	4
19ª	14-10-2015 (18:00h)	Facultade de Dereito da UDC	8	2
20ª	15-10-2015 (18:00h)	C.E.I.P. Eusebio da Guarda	15	4
21ª	19-10-2015 (18:00h)	Fórum Metropolitano	8	2
22ª	20-10-2015 (18:00h)	Federación Provincial de Anpas de Centros Públicos	5	2
23ª	22-10-2015 (18:00h)	C.C.M. Monte Alto	54	12
24ª	23-10-2015 (18:00h)	C.C.M. Elviña	33	6
25ª	27-10-2015 (18:00h)	Centro Ágora	35	7
26ª	28-10-2015 (18:00h)	C.C.M. Os Rosais	35	7
27ª	29-10-2015 (19:00h)	Sociedad Recreativa Cultural y Deportiva Tempo Novo	16	3
28ª	30-10-2015 (19:00h)	C.C.M. San Pedro de Visma	13	3
TOTAL			**689**	**143**

Fig.4.1.1.- Os encontros presenciais nos barrios.
Fonte: A Porta Aberta. Elaboración propia.

Observando os barrios de procedencia das persoas participantes en cada un dos encontros, é significativa a diferenza entre as reunións desenvolvidas en lugares da cidade consolidada, onde participou xente de moitos barrios próximos ao espazo de encontro e incluso algunha persoa dalgún barrio afastado, e as reunións nos lugares máis periféricos, onde só participou a veciñanza máis

P-4.1.1.B.-

Os encontros presenciais nos barrios

P-4.1.1.B.- Os encontros presenciais nos barrios

P-4.1.1.C.-

Elementos e materiais de traballo nos encontros presenciais

PORTA

EXPLICACIÓN

CUESTIONARIO

MAPAS

RELATO

RECOLLIDA DOS DATOS

P-4.1.1.C.- Elementos e materiais de traballo nos encontros presenciais

próxima, como en Bens, Elviña ou Nostián, chegando incluso ao caso de que todas as persoas se consideraran dun mesmo barrio, como sucedeu nos Rosais.

Outro tema moi destacable é a diferenza entre a baixa participación nos barrios do considerado "centro" da cidade (Catro Camiños, Ensanche e Peixaría-Orzán) e o resto do termo municipal, onde esta foi moito máis elevada, unha cuestión que pode reflectir diferenzas nos modos de vida da veciñanza, pero que seguramente sexa unha simple consecuencia directa da inexistencia de centros cívicos no ámbito, xa que todas as reunións nestes barrios foron desenvolvidas en bibliotecas, colexios ou locais doutras institucións, cos que a veciñanza non ten unha relación cotiá.

4.1.2.- As reunións sectoriais.

Ademais das 28 reunións abertas á veciñanza, mantivéronse oito reunións sectoriais con distintos axentes relevantes en materia de territorio na cidade, todas elas cunha duración de entre unha e dúas horas e media, e nas que sempre se contou coa participación de varias persoas en representación da institución invitada ao encontro. A selección dos axentes convocados realizouse en función do seu coñecemento do municipio, unhas veces derivado dunha determinada práctica profesional, outras por xogar un papel relevante como comunidades específicas de grande escala, e outras pola relación que establecen entre coñecemento do territorio e vida cotiá.

Nº	Data	Lugar	Axente	Nº aproximado de persoas ou entidades representadas
1ª	21-10-2015 (16:00h)	Concello da Coruña	CESPA - Servizos de recollida de lixo e limpeza viaria da Coruña	≈ 400 empregados/as
2ª	26-10-2015 (17:00h)	Asociación Local de Auto-Taxis de A Coruña	Asociación Local de Auto-Taxis de A Coruña	≈ 400 taxistas asociados/as
3ª	27-10-2015 (12:00h)	Concello da Coruña	Universidade da Coruña	≈ 1.400 profesores/as
4ª	28-10-2015 (12:00h)	Concello da Coruña	Asociación de Empresarios de Agrela	≈ 320 empresas asociadas
5ª	29-10-2015 (10:00h)	Concello da Coruña	Asociación de Empresarios del Polígono de Pocomaco	≈ 400 empresas asociadas
6ª	04-11-2015 (10:30h)	Concello da Coruña	Sociedad Estatal Correos y Telégrafos	≈ 200 empregados/as
7ª	04-11-2015 (19:00h)	C.C.M. Cidade Vella	Federacións e Asociacións Veciñais da Coruña	≈ 7.000 socios/as
8ª	12-11-2015 (10:00h)	Concello da Coruña	Compañía de Tranvías de La Coruña	≈ 250 empregados/as

Fig.4.1.2.- As reunións sectoriais.
Fonte: A Porta Aberta. Elaboración propia.

O número total de persoas representadas nestas reunións sectoriais é difícil de estimar, pero pódese ter unha idea se se observa o importante número de persoas vinculadas ás organizacións contactadas, xa sexa como traballadores/as, veciños/as ou empresas asociadas, polo que poderiamos estar a falar de máis de 10.000 persoas representadas.

P-4.1.3.-

A plataforma de participación en internet

173 participantes

Monte Alto (15)
Catro Camiños (13)
Agra do Orzán (12)
Ensanche (10)
Peixaría (10)
Os Castros (9)
Castrillón (7)
Os Rosais (7)
Monelos (6)
Os Mallos (6)
Peruleiro (6)
A Falperra (5)
Riazor (5)
Santa Margarida (5)
A Gaiteira (4)
Elviña (4)
Novo Mesoiro (4)
As Alochas (3)
Barrio dos Flores (3)
Cidade Escolar (3)
O Ventorrillo (3)
Sagrada Familia (3)
Vioño (3)

Centro (2)
Cidade Vella (2)
Elviña (2)
Juan Flórez (2)
Labañou (2)
Lonzas (2)
O Birloque (2)
O Martinete (2)
Paseo das Pontes (2)
Polígono de Elviña 1ª Fase (2)
Polígono de Elviña 2ª Fase (2)
San Pedro de Visma (2)
San Roque de Fóra (2)
Santa Lucía (2)
A Cubela (1)
A Gaiteiriña (1)
As Lagoas (1)
As Xubias (1)
A Zapateira (1)
Beis (1)
Durmideiras (1)
Ensanche de Riazor (1)
Nebenga (1)
Nisto grande (1)
Os Mamar (1)
Palavea (1)
San Agustín (1)
Someso (1)

P-4.1.3.- A plataforma de participación en internet

4.1.3.- A plataforma de participación en internet.

Como complemento ás reunións presenciais nos barrios e nun intento de facer un proceso o máis accesible posible, deseñouse unha plataforma dixital na que calquera cidadán puidera participar no proceso da forma máis parecida posible á desenvolvida nos encontros físicos. Deste xeito, a única diferenza importante entre participar fisicamente ou a través de internet foi o debuxo da proposta de distrito, que no primeiro caso se facía de forma colectiva e se complementaba cun relato que recollía os debates xerados nos grupos de traballo, e no segundo caso, tratábase directamente dun debuxo individual.

Do proceso participativo en internet, aberto durante 38 días, desde o 28 de setembro ata o 4 de novembro de 2015, obtivéronse 173 respostas válidas. Respecto aos barrios de procedencia da xente que participou por este medio, destaca o feito de que non se percibe como determinante o parámetro xeracional, é dicir, os barrios cunha poboación máis nova, como Matogrande, Novo Mesoiro ou Os Rosais, non destacan neste apartado por encima de barrios como Monte Alto, Catro Camiños ou Agra do Orzán.



P-4.2.A.- Materiais producidos no proceso participativo

4.2.- Materiais producidos no proceso participativo.

Os materiais recompilados como parte do proceso participativo foron de tres tipos: por unha banda, os formularios individuais, compostos por 8 preguntas (3 sobre a escala barrio e 5 sobre a escala distrito); por outra banda, os debuxos, un sobre os límites do propio barrio de cada participante, e outro cunha proposta de delimitación dun futuro distrito, feita de forma colectiva nos encontros presenciais, e de forma individual na plataforma online; e por último, o relato, un pequeno texto no que cada grupo de traballo (só, polo tanto, nos encontros presenciais) describiu os acordos e desacordos máis importantes á hora de definir os distritos.

Fonte	Lugar	Formularios individuais (barrios e distritos)	Mapas individuais (barrios)	Mapas colectivos (distritos)	Mapas individuais (distritos)
1º Encontro	C.C.M. A Silva	31	31	6	-
2º Encontro	C.C.M. Palavea	42	42	8	-
3º Encontro	C.C.M. Feáns	35	34	7	-
4º Encontro	C.C.M. San Diego	21	21	4	-
5º Encontro	C.C.M. Castrillón	19	19	5	-
6º Encontro	C.C.M. Eirís	11	11	3	-
7º Encontro	C.C.M. Mesoiro	16	16	4	-
8º Encontro	C.C.M. Cidade Vella	32	32	6	-
9º Encontro	C.C.M. Monelos	43	43	7	-
10º Encontro	Espazo de Encontro Veciñal do Birloque	57	55	9	-
11º Encontro	Delegación da Coruña do C.O.A.G. (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia)	13	13	3	-
12º Encontro	Centro Veciñal de Bens	7	7	2	-
13º Encontro	U.N.E.D. (Universidad Nacional de Educación a Distancia)	16	16	4	-
14º Encontro	C.C.M. Sagrada Familia	32	32	5	-
15º Encontro	Centro Veciñal de Nostián	13	13	2	-
16º Encontro	C.C.M. Os Mallos	61	59	15	-
17º Encontro	O.M.I.C. (Oficina Municipal de Información ao Consumidor)	3	3	1	-
18º Encontro	Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil	15	15	4	-
19º Encontro	Facultade de Dereito da UDC	8	4	4	-
20º Encontro	C.E.I.P. Eusebio da Guarda	15	15	4	-
21º Encontro	Fórum Metropolitano	8	8	2	-
22º Encontro	Federación Provincial de Anpas de Centros Públicos	5	5	2	-
23º Encontro	C.C.M. Monte Alto	54	53	12	-
24º Encontro	C.C.M. Elviña	33	33	6	-
25º Encontro	Centro Ágora	35	35	7	-
26º Encontro	C.C.M. Os Rosais	35	35	7	-
27º Encontro	Sociedad Recreativa Cultural y Deportiva Tempo Novo	16	16	3	-
28º Encontro	C.C.M. San Pedro de Visma	13	13	3	-
7ª Reunión Sectorial (Federacións e Asociacións Veciñais)		-	-	5	-
Plataforma online		173	173	-	173
TOTAL		**862**	**852**	**150**	**173**

Fig.4.2.- Materiais recompilados no proceso participativo.
Fonte: A Porta Aberta. Elaboración propia.



P-4.2.B.- Síntese gráfica da escala barrio no proceso participativo



P-4.2.1.1.- Os barrios identificados no proceso participativo

Ao final do proceso participativo obtivéronse 862 respostas ao formulario individual, 852 debuxos de barrios e 323 debuxos de distritos (150 realizados de forma colectiva e 173 individuais).

4.2.1.- Materiais de escala barrio.

Aínda que o obxectivo do proceso participativo era pensar sobre os futuros distritos da cidade, boa parte da metodoloxía de traballo centrouse nun ámbito máis próximo: o barrio. É precisamente a esta escala na que a información achegada por cada habitante da cidade é máis valiosa polo que ten de obxectiva: o barrio é unha parte fundamental da nosa vida cotiá, e como tal, todos e todas temos información moito máis precisa que a que unha administración pode obter dos estudos estatísticos e demais fontes oficiais.

O primeiro bloque do cuestionario traballado polos/as participantes no proceso estaba composto por un debuxo, no que se pedía que se representara sobre un plano a delimitación do propio barrio, e tres preguntas sobre el: cal é o seu nome, cal é o seu centro ou espazo de referencia, e cales son os barrios limítrofes cos que máis se relaciona (pola vida cotiá, para mercar, traballar, etc.) cada persoa participante.

Tipo de datos obtidos no proceso participativo	Cuestións respostadas	Encontros físicos	Participación online	Total
Datos alfanuméricos	Cal é o teu barrio? (P.1)	689	173	862
	Cal é o centro ou espazo de referencia do teu barrio? (P.2)	689	173	862
	Cales son os barrios limítrofes cos que máis te relacionas (pola vida cotiá, para mercar, traballar, etc.)? (P.3)	689	173	862
Datos gráficos	Delimitación do barrio (P.1)	679	173	852

Fig.4.2.1.- Materiais de escala barrio.
Fonte: A Porta Aberta. Elaboración propia.

Desta parte do proceso recompilouse información valiosísima como base cartográfica sobre a que formular a división da cidade en distritos, xa que ata o de agora non existía ningún traballo neste senso: nin existe unha lista oficial de barrios da cidade, nin por suposto unha delimitación, nin un estudo sobre os espazos que a veciñanza considera os centros neurálxicos dos seus territorios cotiáns.

Durante o proceso participativo produciuse material abondo para facer un traballo de análise e síntese sobre catro temas fundamentais: a identificación de barrios, a súa delimitación, os espazos de referencia e as relacións entre barrios. Catro cuestións que se desenvolven a continuación xunto cunha serie de planos síntese e de detalle dos 20 barrios sobre os que máis información se recompilou.

4.2.1.1.- A identificación dos barrios.

Os barrios identificados a partir das respostas das persoas participantes no proceso foron en total 132, sendo 87 os detectados nas respostas á pregunta 1 (Cal é o teu barrio?) e 121 os identificados nas respostas ás preguntas 3 (Cales son os barrios limítrofes cos que máis te relacionas?) e 7 (Con qué barrios limítrofes pensas que se vincula o teu barrio para configurar un distrito?).



P-4.2.1.2.A.- As delimitacións dos barrios



P-4.2.1.2.B.- As delimitacións de 48 barrios (dos que se recompilou máis información no proceso participativo)

4.2.1.2.- A delimitación dos barrios.

As delimitacións dos barrios obtidas no proceso participativo expresan a diversidade de acepcións do concepto de barrio e de interpretacións persoais no recoñecemento dos seus límites. Mesmo en barrios marcados claramente por barreiras infraestruturais ou tecidos urbanos perfectamente diferenciados, como o Barrio das Flores, Os Rosais, Novo Mesoiro ou a Sagrada Familia, as delimitacións debuxadas pola veciñanza indican que o ámbito de influencia do barrio vai alén destes límites, polo que parece claro que existen determinadas áreas urbanas que pertencen a máis dun barrio.

Mediante a representación superposta de todos os debuxos realizados para cada un dos barrios queda perfectamente definido un centro neurálxico, o que sería o ámbito "consensuado", e uns límites difusos e inconcretos, que expresan as diferentes visións do que abrangue o seu barrio para cada veciño ou veciña que o habita. Canto maior é o número de respostas (o máximo teno Monte Alto con 62, pero hai moitos casos nos que este número é moi limitado), mellor se pode apreciar este esvaecemento centrífugo do barrio.

Tamén é destacable que nun bo número de casos as delimitacións debuxadas van moito máis aló dos límites do seu propio barrio, unha cuestión que pode deberse á decisión de representar un barrio maior ou máis recoñecido en vez de debuxar un contorno máis inmediato e específico aínda que teña identidade propia, unha situación que pode acontecer en lugares como Monte Alto (onde a maioría das delimitacións recollen toda a península da Torre) ou en Monelos. Doutra banda, nos barrios de orixe rural ou parroquial, os límites son difusos e moi amplos por outras razóns como a inclusión das agras (Feáns) ou o antigo territorio parroquial (Oza, San Cristovo).



P-4.2.1.3.- Os espazos de referencia dos barrios

4.2.1.3.- Os espazos de referencia dos barrios.

Un dos datos que se recompilaron no proceso participativo foi o dos lugares que a veciñanza considera centrais ou de referencia nos seus barrios. A listaxe final elaborouse principalmente coas respostas á pregunta 2 (Cal é o centro ou espazo de referencia do teu barrio?), aínda que tamén se tiveron en conta algunhas das respostas ás preguntas 3 (Cales son os barrios limítrofes cos que máis te relacionas?) e 7 (Con qué barrios limítrofes pensas que se vincula o teu barrio para configurar un distrito?), xa que moitas das persoas participantes non identificaron barrios ou ámbitos doutro tipo senón lugares particulares. Ante esta situación, considerouse que se se mencionan estes lugares é porque tamén se entenden como centrais para a vida cotiá, polo que o mapa resultante sería máis completo se os incluía (neste caso, só aqueles que foron mencionados por máis dunha persoa).

En total, das 1.403 respostas (non coinciden co número de participantes porque algunhas persoas non contestaron e outras mencionaron ata sete puntos), identificáronse 279 lugares considerados centros de referencia dos barrios segundo o proceso participativo, correspondendo 81 deles a elementos da rede viaria (rúas, avenidas, glorietas, etc.), 80 a espazos públicos estanciais (prazas, parques, praias, etc.), 76 a equipamentos públicos (centros cívicos, instalacións deportivas, bibliotecas, etc.), e 42 a espazos colectivos ou privados (desde locais de asociacións a bares, igrexas ou centros comerciais).

Destes 279 lugares, 94 só foron mencionados unha vez, 150 tiveron entre 2 e 10 mencións, e 35 foron identificados entre 11 e 50 veces. Os dez lugares máis mencionados foron: rúa Barcelona (50), Campo da Leña (40), praza das Conchiñas (34), praza de Pontevedra (32), praza de Lugo (31), praza Elíptica (30), Mercado Municipal de Elviña (30), praza da Fariña (26), praza de Pablo Iglesias (26) e praza de Vigo (22), polo que parece claro que as prazas seguen sendo o espazo público por antonomasia na cidade contemporánea: dos 10 casos máis mencionados, 8 son prazas, outro é unha rúa peonil e outro é un mercado municipal. Se analizamos os 35 casos que foron mencionados máis de 10 veces, o resultado é de 11 prazas, 4 parques, 2 rúas peonís (non situadas no centro urbano histórico, senón nos barrios entre roldas), 3 mercados municipais, 9 centros cívicos ou veciñais municipais, 5 rúas ou avenidas e 1 centro comercial.

Para analizar os resultados da listaxe máis pormenorizadamente, dividíronse os lugares identificados en catro grandes grupos:

- Rede viaria. Un conxunto de 81 lugares (o 29% do total) con 336 mencións (o 24% do total) formado por avenidas, roldas, paseos, rúas, cruzamentos de rúas, glorietas e rúas peonís. Ademais da presenza de 7 glorietas (aínda que só con 11 mencións) e 2 cruzamentos de rúas (con 5 mencións) como singularidades dentro dun conxunto de lugares marcados principalmente pola linealidade, é destacable a importancia das 8 rúas peonís mencionadas, xa que representando menos do 3% dos lugares, recibiron algo máis do 6% das mencións totais (85); e inda por riba, as máis recoñecidas como referencia son as tres rúas máis afastadas do centro histórico: a Rúa Barcelona (50), a Rúa Ángel Senra (12) e a Rúa da Gaiteira (9), o que parece indicar que as operacións de peonalización, moitas veces contestadas pola veciñanza, acaban convertendo ás rúas transformadas en núcleos vertebradores da vida colectiva nos barrios máis densificados e sen espazos públicos.

- Espazos públicos estanciais. Un conxunto de 80 lugares (29%) con 548 mencións (39%) formado por prazas, parques, xardíns, praias, fitos patrimoniais, fontes, paradas de bus e centros urbanos. Neste caso hai tres cuestións que merecen atención: por unha banda,

destaca o gran dominio das prazas como tipoloxía urbana máis identificada como centro de referencia dos barrios, sendo 56 os casos (20%) e 413 as mencións que recibiron (29%); por outra banda, é moi salientable a mención de dúas paradas de bus (en Nostián e Os Castros), o que reflicte a importancia destes espazos como lugar de estancia máis aló da súa condición funcional; e por último, un caso completamente singular é a mención ao centro de Feáns, unha noción, a do centro, que só aparece referida á considerada zona centro da cidade en todo o proceso participativo, polo que a súa identificación é moi representativa da autonomía de Feáns, un barrio no que existe a posibilidade de que a súa veciñanza poida falar do seu propio centro urbano.

- Equipamentos. Un conxunto de 76 lugares (27%) con 413 mencións (29%) formado por centros cívicos municipais, instalacións deportivas, mercados e centros comerciais municipais, centros de saúde, escolas infantís, colexios, institutos e outros equipamentos docentes, bibliotecas, estacións de transporte, equipamentos culturais e equipamentos administrativos. Aínda que se constata que todos os tipos de equipamentos públicos teñen a capacidade de xerar centralidade e recoñecemento nos barrios, nesta categoría destaca a importancia dos centros cívicos municipais e similares, con 21 casos identificados (8%) e 211 mencións (15%), e dos mercados municipais, con 6 casos (2%) e 65 mencións (5%).

- Espazos colectivos e privados. Un conxunto de 42 lugares (15%) con 106 mencións (8%) formado por asociacións e centros sociais, bares e cafeterías, centros comerciais, supermercados, igrexas e edificios privados. Tres son as cuestións destacables neste grupo: por unha banda, é relevante a presenza de 5 centros comerciais (2%) con 34 mencións (2%), pero máis se cabe a dos 3 supermercados (1%) con 11 mencións (1%), unha realidade na que sobresae o Gadis de Elviña, que con 8 mencións reflicte a importancia que adquiriron certos espazos comerciais na vida cotiá dos barrios como o Polígono de Elviña, onde as referencias urbanas son moi difusas debido á súa formalización urbanística tan diferente respecto ao mundo das prazas e a rúa corredor; por outra banda, destaca que o número de igrexas identificadas sexa alto, 14 (5%), pero que só tiveran 27 mencións (2%), o que pode dar unha idea da súa importancia social aínda que sexa para un número de persoas cada vez menor; por último, é moi destacable a mención a bares e cafeterías, seis casos que teñen como singularidade que, salvo Os Belés (situado en Monelos e que probablemente sexa un dos bares históricos máis famosos da cidade), os outros cinco están situados en núcleos da primeira periferia metropolitana, tres en Feáns, un en Mesoiro e outro en Castro, lugares onde a presenza dun café-bar marca a diferenza e ten unha importancia radical nas posibilidades de ocio e socialización da veciñanza.

Como conclusión desta análise, ademais de obter unha grella de puntos de referencia que será útil para representar os barrios e pensar o trazado dos límites dos distritos, é interesante constatar a gran cantidade de tipos de cousas urbanas que podemos considerar un espazo central ou de referencia segundo a nosa vivencia do barrio. Se dun proceso participativo non centrado exclusivamente no tema podemos definir ata 33 categorías de lugares, parece claro que dun estudo máis en profundidade podería saír unha listaxe aínda moito máis rica.



P-4.2.1.4.A.- As relacións entre barrios

4.2.1.4.- As relacións entre os barrios.

Para determinar o grao de relación entre os barrios da cidade cruzáronse as respostas á pregunta 1 (Cal é o teu barrio?) coas da pregunta 3 (Cales son os barrios limítrofes cos que máis te relacionas?). Destos datos obtivéronse dous tipos de vencello entre os barrios: por unha banda, a "relación", referida a unha comunicación unidireccional (a relación do "barrio A" co "barrio B"), e por outra, a "ligazón", que fai referencia ás comunicacións bidireccionais (a media entre a relación do "barrio A" co "barrio B" e viceversa).

Para poder establecer criterios de homoxeneidade na lectura dos datos, os resultados obtidos directamente do proceso participativo tratáronse como valores relativos (porcentuais), tendo especial coidado coa lectura dos resultados daqueles barrios que tiveron poucos participantes, ou só unha resposta (como O Bosque, San Xosé, San Agustín, Penamoa, Novos Xulgados, Marzán, Maestranza, Grupo de vivendas Francisco Franco ou As Lagoas).

Xa sobre o plano, representáronse as porcentaxes das respostas dos veciños dun barrio "orixe" que se relacionan con outro barrio "destino". Tamén se representaron as relacións que teñen os barrios "destino" cos barrios "orixe", podendo comprobar así a ligazón existente entre ambos. Deste xeito, os tipos de relacións entre barrios pódense dividir en tres tipos principais:

- Relación recíproca, cando ambos os barrios teñen unha porcentaxe similar de veciños/as que se relacionan co outro barrio, unha situación que acontece, polo xeral, entre barrios contiguos que poden complementarse funcionalmente. Como exemplos deste tipo de relación podemos mencionar Os Rosais con Labañou (39,8-38,5), A Gaiteira cos Castros (33,3-34,1), Novo Mesoiro con Feáns (38,1-37,7), Feáns e Mesoiro (28,6-23,7), Sagrada Familia e Os Mallos (26,6-27,4), Mariñeiros co Ventorrillo (12,5-12,1), Catro Camiños e A Gaiteira (20,6-23,8) ou Palavea con Pedralonga (44,6-55,6).

- Relación descompensada, cando un dos barrios se relaciona con outro moito máis ca viceversa, o que pode explicarse por tratarse de barrios con algunha dependencia doutro barrio con maior actividade, servizos ou densidade, ou por atoparse no camiño entre o barrio e algún dos principais polos de actividade da cidade. Como exemplos deste tipo de relación podemos mencionar a Cances co Agra do Orzán (28,6-0,7), A Silva co Ventorrillo (83,3-1,7), As Lagoas con Monte Alto (66,7-1,1), San Agustín con Monte Alto (66,7-0,5), Oza con Catro Camiños (26,3-1,6), Orzán con Monte Alto (27,1-8,8), San Roque de Fóra cos Rosais (37,5-4,2), Polígono de Elviña 2ª Fase coa 1ª Fase (33,3-4,4) ou As Conchiñas cos Mallos (33,3-0,6).

- Relación unidireccional, cando só un dos barrios ten relación co outro. Como exemplos deste tipo de relación podemos mencionar a Urbanización Soto con Monelos (66,7-0), A Cabana con Matogrande (44,6-0), Urbanización Breogán con Mesoiro (41,7-0), Ensanche de Riazor co Ensanche (37,5-0), Grupo de vivendas Nuestra Señora del Carmen cos Rosais (66,7-0).

Por outra banda, cando analizamos estes datos nas dúas direccións podemos establecer "graos de unión" entre barrios. Os maiores índices danse en barrios das primeiras periferias, como Pedralonga e Palavea (50,1%), Santa Xema e Pedralonga (44,4%), A Silva e Ventorrillo (42,5%) ou Os Rosais e Labañou (37,1%); e entre barrios densos contiguos, como Agra do Orzán e O Ventorrillo (38,5%), Ensanche e Peixaría (37,3%) ou Os Castros e A Gaiteira (33,7%). No caso contrario, dos case cen



P-4.2.1.4.B.- As relacións entre barrios na zona Agra do Orzán - Os Mallos



P-4.2.1.4.C.- As relacións entre barrios na zona Castrillón - Os Castros

casos nos que este índice de ligazón está por debaixo do 1%, sinalamos algúns exemplos de barrios densos, como Monte Alto e Os Castros (0,26%), Monte Alto e Agra do Orzán (0,26%), Os Mallos e Os Rosais (0,32%), Os Mallos e Os Castros (0,32%), Agra do Orzán e Ensanche (0,39%), Os Rosais e a Peixaría (0,43%), Monte Alto e Os Mallos (0,52%), Monte Alto e Os Rosais (0,52%), ou Monelos e os Castros (0,54%); e outros exemplos de barrios contiguos, como O Birloque e Campus Universitario de Elviña (0,46%), Castrillón e Santa María de Oza (0,57%) ou Elviña e Campus Universitario da Zapateira (0,64%).

Os movementos da veciñanza dun barrio cara a outro poden estar motivados por múltiples causas (laborais, actividades ou equipamentos complementarios, lecer, etc.), polo que é difícil establecer unha motivación principal, máis se se analizan as características de cada barrio e as relacións tanto de entrada como de saída, pódese intuír se se trata de relacións de complementariedade ou necesidade, ou se máis ben son barrios que conforman un territorio interconectado.

Analizando as respostas dos/das participantes sobre os barrios cos que se relacionan, pódense recoñecer unha serie de áreas con fortes vencellos. Os barrios da península da Torre orbitan sobre Monte Alto, que á súa vez é un dos barrios que teñen unha maior porcentaxe de relacións dentro do seu propio barrio. O conxunto desta península ten unhas relacións mutuas altas, ao mesmo tempo que manteñen unha forte conexión coa Peixaría.

Dun xeito análogo pódese observar a relación da Peixaría e o Ensanche coa área desde Santa Lucía ata Monelos e Os Castros. Mais neste caso trátase dunha rede de barrios con fortes vencellos entre eles: Catro Camiños - A Gaiteira - Os Castros - Castrillón - Monelos - A Cubela. A relación é similar entre as roldas de Nelle e Outeiro, un ámbito conformado por barrios de similar morfoloxía e orixe, con altas densidades de poboación e fortes ligazóns entre eles: Os Mallos - Sagrada Familia - Agra do Orzán - O Ventorrillo. Nos Rosais a relación entre os barrios anexos prodúcese dun xeito asimétrico, xa que todos os barrios teñen fortes relacións cos Rosais, pero entre eles teñen unha relación máis feble: Os Rosais - Labañou - San Roque de Fóra - Cidade Escolar - G.V. Nuestra Señora del Carmen - San Pedro de Visma.

Afastándonos do centro urbano pódense atopar ámbitos con maior independencia, onde as relacións entre poucos barrios son fortes e existe unha menor direccionalidade cara á cidade máis densa: Palavea - Santa Xema - Pedralonga ou Feáns - Mesoiro - Novo Mesoiro, como exemplos máis preto dos límites municipais, e Someso - O Birloque - Matogrande - Elviña, como exemplo deste tipo de relacións noutro tipo de territorio. Parecen existir, polo tanto, certos patróns de relación cos nodos de centralidade xeográfica-funcional (Peixaría-Ensanche e Catro Camiños), podéndose intuír tres tipos de influencia do centro segundo a distancia do barrio. Nas proximidades do istmo, practicamente todos os barrios teñen algunha relación co centro (Peixaría, A Mariña ou Os Cantóns); nun segundo cinto máis afastado, as principais relacións son na dirección centro (Polígono de Elviña, O Birloque, O Ventorrillo ou A Silva); e nun terceiro cinto máis exterior, esta relación disípase a favor doutras relacións non radiais (Elviña, Palavea, Feáns ou San Pedro Visma).



P-4.2.1.4.D.- As relacións entre barrios na zona Elviña - Palavea



P-4.2.1.4.E.- As relacións entre barrios na zona Feáns - Mesoiro



P-4.2.1.4.F.- As relacións entre barrios na zona Cidade Vella - Monte Alto



P-4.2.1.4.G.- As relacións entre barrios na zona Bens - Nostián

Por outra banda, cómpre sinalar que, así como existen ámbitos urbanos cunha sensible influencia no resto dos barrios, tamén hai outros factores que condicionan fortemente a direccionalidade dos movementos e as relacións entre barrios. O factor máis inmediato é quizais a situación xeográfica, unha cuestión moi apreciable nos barrios próximos ao mar ou aos montes (como a Cidade Vella, o Ensanche ou Os Rosais), nos que non existen relacións cara a determinados puntos cardinais. Outros barrios tamén poden ter unha direccionalidade condicionada por estar situados nos límites da cidade, cuns índices de relación de entrada un pouco máis baixos ao non ser zonas de paso de ningún dos fluxos principais da área urbana. Por último, outro dos motivos polos que poden estar fortemente condicionadas as relacións entre os barrios é a situación nalgún dos seus límites dalgunha peza que supoña unha barreira: unha grande infraestrutura viaria (como acontece no Birloque ou Palavea), ou un elemento que non sexa receptor de fluxos veciñais pola súa monofuncionalidade, como un parque empresarial ou polígono industrial (o que acontece na Sagrada Familia ou Novo Mesoiro) ou un territorio de vivenda unifamiliar dispersa (como os casos de Feáns ou Elviña).

Outra das cuestións que hai que destacar son as relacións que se establecen con barrios situados fóra do termo municipal como A Corveira, Borroa, O Portádego, Perillo, Santa Cristina ou Vilaboa, unha cuestión que suxire a necesidade de entender a realidade metropolitana máis aló dos límites administrativos virtuais e, polo tanto, estudar especificamente os territorios periféricos marcados por estas relacións de cara a telo en conta á hora de organizar os distritos.

Por último, é preciso sinalar que esta análise non abarca toda a cidade en detalle porque non se dispón de datos abondo: os resultados deste estudo están limitados polo alcance e o número de respostas obtidas no proceso (definidas, á súa vez, polos recursos dispoñibles para este primeiro proceso participativo), polo que non poden empregarse como unha ferramenta plenamente obxectiva de cara a analizar todo o municipio de forma homoxénea. A metodoloxía específica deseñada si foi, non obstante, un experimento cuns resultados moi apreciables, polo que no futuro servirá para analizar outros temas urbanísticos como os referidos á mobilidade.



P-4.2.1.5.A.- As delimitacións de 20 barrios (dos que se recompilou máis información no proceso participativo)



P-4.2.1.5.B.- As relacións de 20 barrios (dos que se recompilou máis información no proceso participativo)

4.2.1.5.- Síntese gráfica dos 20 barrios dos que se recompilou máis información no proceso participativo.

As posibilidades de explotación dos datos recompilados sobre os barrios é máis ou menos adecuada para a análise xeral da escala municipio, pero para analizar os barrios en concreto faise necesaria a existencia dun volume de información mínimo para que o resultado poida considerarse cun certo peso de intelixencia colectiva. A continuación móstranse os planos síntese dos 20 barrios dos que se recompilou máis información no proceso participativo (en concreto, dos que foron mencionados 15 ou máis veces como barrio de residencia): Monte Alto, Os Mallos, O Birloque, Os Rosais, Agra do Orzán, Monelos, Castrillón, Os Castros, Palavea, Cidade Vella, Feáns, O Ventorrillo, Polígono de Elviña 2ª Fase, Sagrada Familia, Catro Camiños, Elviña, Peixaría, Ensanche, Novo Mesoiro e Peruleiro.

Cada un destes documentos é unha síntese do proceso participativo no referente a un barrio concreto, e están compostos pola seguinte información:

- O topónimo oficial e as diferentes variacións que foron mencionadas no proceso participativo ou detectadas no estudo desenvolvido no capítulo 6 deste documento.

- A superposición das delimitacións do barrio debuxadas no proceso participativo, remarcando tres contornos singulares: unha primeira liña, exterior, que engloba a todas as delimitacións propostas; unha segunda liña, interior, que marca a área onde máis delimitacións se superpoñen; e unha terceira liña que representa a delimitación proposta no estudo desenvolvido no capítulo 6.

- Os lugares sinalados como centros de referencia. Neste caso represéntanse todos os lugares situados dentro da liña exterior que enbloba todas as delimitacións do barrio debuxadas.

- As relacións con outros barrios, representadas na propia cartografía e na forma dun gráfico circular complementario. Este diagrama representa a relación entre as respostas da veciñanza do propio barrio e as respostas de persoas doutros barrios que se relacionan co primeiro. Cada círculo concéntrico representa unha porcentaxe das respostas que indican unha relación con outro barrio (5% para a relación de saída e 10% para a relación de entrada), co que se poden visualizar as direccións principais de saída e entrada de cada barrio. Cando as relacións mutuas superan o 10%, indícase cunha barra de grosor rotulado e o nome do barrio co que existe esa ligazón.



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Monte Alto



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Os Mallos



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: O Birloque



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Os Rosais



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Agra do Orzán



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Palavea



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Monelos



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Cidade Vella



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Castrillón



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Os Castros



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: O Ventorrillo



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Feáns



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Catro Camiños



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Sagrada Familia



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Elviña



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Polígono de Elviña 2ª Fase



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Novo Mesoiro



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Ensanche



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Peixaría



P-4.2.1.5.C.- Síntese gráfica de 20 barrios: Peruleiro



P-4.2.2.1.A.- As delimitacións dos distritos



P-4.2.2.1.B.- As delimitacións dos distritos no marco das cartografías base

4.2.2.- Materiais de escala distrito.

Xa na escala dos distritos, as cuestións xenéricas sobre as que se comezou a reflexionar con este proceso participativo foron as seguintes: a funcionalidade dos distritos, a súa delimitación, o seu espazo de referencia e a súa denominación. Estes catro temas foron lanzados a través de catro das preguntas (5, 6, 8 e 9) presentes no formulario deseñado para o proceso participativo e cuberto de forma individual.

Por outra banda, e xa de forma específica para cada un dos grupos de traballo nos encontros presenciais e para as persoas individuais que participaron a través da plataforma en internet, listáronse os barrios cos que cada participante conformaría o seu distrito e realizáronse propostas de distritos a través do debuxo dos seus límites sobre un plano do municipio. Por último, e só no caso das reunións presenciais, os grupos de traballo realizaron un relato no que explicitaron os grandes acordos e desacordos á hora de definir o distrito proposto.

Tipo de datos obtidos no proceso participativo	Cuestións respostadas	Encontros físicos	Participación en internet	Total
Datos alfanuméricos	Para que pensas que son útiles os distritos? (P.5)	689	173	862
	Que criterios se deberían ter en conta á hora de definir os distritos? (P.6)	689	173	862
	Con que barrios limítrofes pensas que se vincula o teu barrio para configurar un distrito? (P.7)	689	173	862
	Onde se debería situar/localizar o espazo de referencia do distrito? (P.8)	689	173	862
	Que criterios usarías para darlle nome ao distrito? (P.9)	689	173	862
	Relato	143	-	143
Datos gráficos	Delimitación do distrito	150	173	323

Fig.4.2.2.- Materiais de escala distrito.
Fonte: A Porta Aberta. Elaboración propia.

4.2.2.1.- As propostas de distritos.

A análise formulada a continuación ten como fonte de información as 323 delimitacións de distrito resultantes do proceso participativo, 150 realizadas de forma colectiva nos encontros presenciais e 173 debuxadas de forma individual a través da plataforma en internet.

Ao igual que no caso dos debuxos dos barrios, o conxunto das delimitacións dos distritos abarcan practicamente todo o termo municipal. Non obstante, neste caso, á hora de analizar os resultados detectouse unha característica que dificulta en gran medida a extracción de conclusións ou información relevante no plano formal, xa que as delimitacións sempre basculan sobre o punto onde se desenvolveu o encontro presencial, englobando os barrios veciños que entran no marco establecido pola cartografía base sobre a que se debuxaban as propostas de distritos.

O patrón resultante é que, en todos os casos onde hai un número mínimo de debuxos, os distritos tenden a centrarse no punto do encontro e englobar os barrios veciños ata os límites da cartografía, a non ser que haxa algún obstáculo infraestrutural relevante ou un cambio radical de condición urbana. A conclusión desde esta perspectiva de análise é, polo tanto, que se se fixeran máis encontros, máis



P-4.2.2.1.C.- Superposición das cartografías base



P-4.2.2.1.D.- Superposición das delimitacións dos distritos

centroides de distritos sairían representados, polo que o único que se pode establecer con certeza é que todos os barrios serían proclives a compartir distrito cos seus barrios veciños.

Desde a análise destes planos en particular para cada unha das reunións, só chama a atención algún detalle, como que os distritos debuxados nas reunións de Monte Alto e a Cidade Vella remarquen a relación entre eles sobre a relación coa Peixaría. Por outra banda, se nos fixamos na superposición das cartografías base sobre as que se fixeron os debuxos [P-4.2.2.1.C], destaca o feito de que na zona central onde máis cartografías base se superpoñen (e polo tanto máis posibilidades teñen os barrios situados dentro dese ámbito de seren incluídos nalguha das propostas de distrito), os ámbitos máis "descartados" son os esperados (Agrela, Penamoa - Bens, o Porto ou o Parque Ofimático), agás dous casos chamativos: a Cidade Xardín e A Falperra [P-4.2.2.1.D], que foron incluídos en moi poucos dos distritos imaxinados, e, aínda que é certo que as reunións máis próximas a estes lugares non contaron cunha grande asistencia de participantes, a diferenza con respecto aos outros barrios desa zona é un bo reflexo de que ningún dos dous é un lugar de paso transversal desde os barrios de entre roldas cara ao centro.

Por outro lado, fixéronse dúas análises a maiores a partir dos 20 barrios estudados en profundidade no apartado anterior, co obxectivo de comprobar a hipótese de que as delimitacións de distritos realizadas, sempre que haxa debuxos de propostas abondo, tenden a facer que calquera punto do territorio poida conformar un distrito con calquera dos barrios que o rodean.

De primeiras, superpuxéronse as delimitacións colectivas de distritos nas que participaron as persoas que declararon ser dalgún dos 20 barrios estudados, comparando o resultado cos límites máximos e mínimos das delimitacións deses barrios realizadas por esas mesmas persoas [P-4.2.2.1.E]. Nun paso seguinte, e partindo das delimitacións dos 20 barrios elaboradas no capítulo 6 deste documento, superpuxéronse todas as delimitacións de distritos que as conteñen [P-4.2.2.1.F]. Se xa no primeiro dos documentos se intúe que, tomando como referencia o núcleo máis recoñecido como barrio, os ámbitos dos distritos non teñen unha direccionalidade clara, no segundo deles, queda perfectamente representado como o límite máximo dos distritos que inclúen a un determinado barrio tende a ser, agás nos casos nos que existen límites xeográficos insalvables, un ámbito que rodea o barrio por todas partes sen dar demasiadas pistas sobre a prioridade das relacións entre os barrios á hora de conformar un distrito.

Por último, además da información gráfica recompilada (os debuxos das propostas de distritos), cada grupo de traballo elaborou un relato do proceso de debate para chegar á proposta colectiva, introducindo calquera cuestión que se considerara relevante para entender as dúbidas e conflitos xurdidos. Dos múltiples temas mencionados, faise unha breve escolma a continuación:

- Os equipamentos públicos son o elemento que máis debates suscita ó seu redor, desprendéndose unha idea deles non só vinculada ó estado do benestar, senón aparecendo case como símbolos de inclusión na "urbanidade". Os comentarios xerados por estes elementos urbanos van desde a denuncia e reclamación de novos servizos para os barrios, ata as dúbidas sobre se é conveniente ou non incluír moitas dotacións nos distritos propostos, ou reflexións sobre como estruturar os distritos para que a distribución dos equipamentos sexa homoxénea en toda a cidade.

- Outro dos parámetros máis mencionados como método para compoñer os distritos é o modo de vida, a semellanza social (en termos que non se matizan), unha cuestión que se ten moito en conta á hora de formular a inclusión ou non doutro barrio no distrito propio.



P-4.2.2.1.E.- Os distritos nos 20 barrios estudados en detalle (análise segundo as propostas de distrito da veciñanza dos 20 barrios)



P-4.2.2.1.F.- Os distritos nos 20 barrios estudados en detalle (análise segundo o total das propostas de distrito)

Principalmente procúrase o recoñecemento como iguais e compartir problemas comúns cos barrios cos que se forman os distritos, chegando a considerar un motivo para non unirse cun barrio que estes problemas e aspiracións sexan considerados diverxentes, sobre todo cando se trata de formas urbanas radicalmente diferentes, como ocorre entre os núcleos de orixe rural e os polígonos residenciais periféricos desenvolvidos nas últimas décadas.

- Moitas das persoas participantes lembráronse das parroquias á hora de definir os distritos, expoñendo e valorando a súa condición de organización inscrita no territorio, aínda que non sexan moitos/as os/as veciños/as da cidade que a poidan ler. A parroquia como idea asociada a unha identidade compartida entre barrios actualmente diferentes, á memoria e ao patrimonio, máis tamén a determinadas formas territoriais que están en permanente conflito cos desenvolvementos urbanísticos da cidade. A parroquia non (só) como memoria, senón como presente alternativo á idea dominante de urbanidade.

- En canto aos problemas mencionados, é preciso sinalar o illamento que supón para moitos barrios convivir cas grandes infraestruturas viarias ou instalacións produtivas da cidade, unha cuestión de primeira magnitude en lugares como Agrela, Bens, Nostián, Palavea, San Vicenzo de Elviña ou Vío.

- Unha das dúbidas máis repetidas foi a de se incluír como parte dos distritos as grandes pezas non residenciais (parques empresariais, estacións, pezas industriais como a refinería ou a fábrica de armas, praias, grandes parques, cuarteis, etc.), xa que non se sabe que implicacións tería para a súa xestión.

- Por último, cómpre salientar os comentarios sobre a importancia da vida que atravesa o límite administrativo (e virtual) do municipio, semellando case antinatural para algunhas zonas da Coruña non conformar distrito máis ben con lugares de Arteixo (como Borroa ou Meicende) ou Culleredo (como O Portádego ou Vilaboa). O cotián fronte ao administrativo.

P-4.2.2.2.-

Pregunta 5.

Para que pensas que son útiles os distritos?

Encontros presenciais	
Respostas totais	688
Respostas válidas	629
Respostas válidas (x1 opc.)	60
Respostas válidas (x2 opc.)	569
Respostas válidas (total)	1.198
Plataforma online	
Respostas totais	173
Respostas válidas	173
Respostas válidas (x1 opc.)	5
Respostas válidas (x2 opc.)	168
Respostas válidas (total)	341
Respostas válidas (total)	1.539



P-4.2.2.2.- Pregunta 5. Para que pensas que son útiles os distritos?

P-4.2.2.3.-

Pregunta 6.

Que criterios se deberían ter en conta á hora de definir os distritos?

Encontros presenciais	
Respostas totais	688
Respostas válidas	634
Respostas válidas (x1 opc.)	79
Respostas válidas (x2 opc.)	555
Respostas válidas (total)	1.189
Plataforma online	
Respostas totais	173
Respostas válidas	173
Respostas válidas (x1 opc.)	18
Respostas válidas (x2 opc.)	155
Respostas válidas (total)	328
Respostas válidas (total)	1.517



P-4.2.2.3.- Pregunta 6. Que criterios se deberían ter en conta á hora de definir os distritos?

4.2.2.2.- A utilidade dos distritos.

O primeiro tema sobre o que se propuxo reflexionar é para qué poden ser útiles os distritos, é dicir, cales poden ser as súas competencias delegadas polo concello, qué melloras poden introducir nos mecanismos de participación cidadá, ou qué beneficios directos poden ter para a veciñanza dun determinado territorio. Esta complexa cuestión tratouse a través da quinta pregunta do formulario:

Pregunta 5	Para que pensas que son útiles os distritos?
Posibles respostas	A. Para que o concello rinda contas á cidadanía.
	B. Para que o concello recolla demandas da veciñanza.
	C. Para que a veciñanza debata sobre os asuntos e investimentos que lles afectan.
	D. Para que a veciñanza decida sobre os asuntos e investimentos que lles afectan.

Fig.4.2.2.2.- Pregunta 5 e posibles respostas.
Fonte: A Porta Aberta.

O resultado da consulta foi o seguinte: a maioría dos/das participantes optaron polas respostas B (33,6%) e D (30,7%), sendo menos elixida a C (22,8%) e moito menos a A (12,9%). Este resultado pode interpretarse como unha aposta desde a veciñanza por ter un papel activo na denuncia e toma de decisións sobre os asuntos públicos, desexando ser consultada sobre os problemas do contorno cotián, mais tamén poder pensar nas formas de solucionalos, incidindo de xeito activo nos investimentos municipais a través de orzamentos participativos.

4.2.2.3.- Os criterios para definir os distritos.

A segunda das cuestións para debater relativas á delimitación dos distritos é a de cómo deberiamos decidir a súa composición, é dicir, cales deben ser os criterios para definir o ámbito de cada distrito. Esta cuestión tratouse a través da sexta pregunta do formulario:

Pregunta 6	Que criterios se deberían ter en conta á hora de definir os distritos?
Posibles respostas	A. O número axeitado de habitantes.
	B. Condicións de vida semellantes.
	C. Barrios contiguos unidos por vínculos históricos.
	D. Dotación de servizos públicos.

Fig.4.2.2.3.- Pregunta 6 e posibles respostas.
Fonte: A Porta Aberta.

O resultado da consulta foi o seguinte: a maioría dos/das participantes optaron pola resposta D (39,2%), sendo menos elixidas a B (23,7%) e a C (22,7%) e moito menos a A (14,4%). Este resultado deixa claro que para a veciñanza o mellor xeito de compoñer os distritos é mediante unha distribución xusta das dotacións públicas, recoñecendo tamén unha relevancia significativa das cuestións relativas á unión cos semellantes, xa sexa desde o punto de vista social ou urbano. No apartado 7.4.2 deste documento analízanse máis pormenorizadamente as virtudes e limitacións destes e doutros posibles criterios.



P-4.2.2.4.- Pregunta 8. Onde se debería situar/localizar o espazo de referencia do distrito?



P-4.2.2.5.- Pregunta 9. Que criterios usarías para darlle nome ao distrito?

4.2.2.4.- A situación do espazo de referencia dos distritos.

O seguinte tema sobre o que se propuxo reflexionar é onde se debería localizar o espazo de referencia do distrito, o centro simbólico e funcional da nova división administrativa. Esta cuestión tratouse a través da oitava pregunta do formulario:

Pregunta 8	Onde se debería situar/localizar o espazo de referencia do distrito?
Posibles respostas	A. Fixo. No espazo municipal máis significativo de entre os que haxa nos barrios incluídos no distrito.
	B. Rotando nos espazos municipais dos barrios que conforman os distritos.

Fig.4.2.2.4.- Pregunta 8 e posibles respostas.
Fonte: A Porta Aberta.

O resultado da consulta foi o seguinte: a maioría dos/das participantes optaron pola resposta A (68,8%) fronte á B (31,2%), polo que, neste caso, parece que non hai dúbida da opción que prefire a veciñanza. Non obstante, se observamos os resultados máis polo miúdo, pódese apreciar que nas reunións desenvolvidas nos puntos máis afastados do centro urbano o resultado foi lixeiramente diferente, como en Palavea (61-39%) ou Feáns (58-42%), chegando aos casos de Bens (50-50%) e Nostián (33-67%) nos que a diferenza foi moi sensible. Mesmo neste caso, no que o resultado global parece ser inequívoco, existen importantes diferenzas segundo o lugar de residencia da veciñanza.

4.2.2.5.- Os criterios para darlles nome aos distritos.

O último tema sobre o que se propuxo reflexionar foi o de cómo e con qué criterios deberiamos nomear cada distrito. Esta cuestión tratouse a través da novena pregunta do formulario:

Pregunta 9	Que criterios usarías para darlle nome ao distrito?
Posibles respostas	A. O nome do barrio máis poboado dos que conforman o distrito.
	B. Todos os nomes dos barrios que forman o distrito separados por guións.
	C. Asignarlle un número a cada distirto.
	D. Outro.

Fig.4.2.2.5.- Pregunta 9 e posibles respostas.
Fonte: A Porta Aberta.

O resultado da consulta foi o seguinte: a maioría dos/das participantes optaron pola resposta C (33,1%), sendo menos elixidas a B (24,7%), a D (22,8%) e a A (19,4%). En canto ás opcións alternativas ás formuladas como posibilidades, mencionadas polas persoas que escolleron a resposta D (e descartando as opcións únicas, non repetidas polo menos unha vez), pódense establecer tres bloques: o primeiro, que destaca sobre os demais, é a proposta de poñerlles nomes que fagan referencia á historia da zona (15); nun segundo bloque teriamos as propostas de establecer os nomes mediante procesos consultivos (8), poñerlles nomes referentes a unha característica común (7), á xeografía (7) ou a persoas relevantes (6); e nun último tramo aparecerían as propostas de nomealos con códigos alfanuméricos (5), con opcións combinadas entre a B e a C (3) ou entre a A e a C (2), ou creando un novo nome a partir da mestura dos nomes dos barrios que os compoñen (2).

4.2.3.- Materiais de tipo sectorial.

As oito reunións sectoriais mantidas serviron para coñecer a visión do municipio dunha serie de organizacións moi diferentes cuxo papel na división da cidade en distritos baséase nos coñecementos e experiencias particulares que teñen do territorio. Podemos dividir os axentes convocados segundo o tipo de coñecemento da cidade que posúen, unhas veces desde o profesional e outras desde o vital.

Por unha banda, convocouse a axentes vinculados a prácticas profesionais que implican o coñecemento do territorio municipal en toda a súa amplitude, actividades que se desprazan constantemente pola cidade e cuxos movementos son planificados para obter unha determinada efectividade e experiencia. Neste bloque convocouse o servizo de recollida do lixo e limpeza viaria (CESPA), o servizo de correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos), e os servizos de transporte público de autobuses (Compañía de Tranvías de La Coruña) e a asociación maioritaria de taxis (Asociación Local de Auto-Taxis de A Coruña).

Por outra banda, convocouse a Universidade da Coruña, como axente vinculado ao coñecemento técnico e multidisciplinar do territorio. A esta reunión asistiron representantes da E.T.S. de Arquitectura, da Facultade de Socioloxía e da Facultade de Ciencias da Educación.

Por último, convocáronse as dúas federacións e todas as asociacións veciñais da cidade, como organizacións máis vinculadas ao coñecemento do territorio desde a experiencia e a vida cotiá. Ademais, tamén se convocaron as asociacións dos dous grandes parques empresariais da cidade, Agrela e Pocomaco, xa que se trata de dúas pezas urbanas de gran relevancia en termos de superficie e actividade, que na actualidade están experimentando un proceso de transformación importante que os afasta cada vez máis da condición de polígonos industriais e os achega cara á de barrios.

En todas estas reunións tratáronse temas de moito interese sobre o funcionamento da cidade e as problemáticas ás que se enfrontan cada unha das organizacións convocadas. A modo de breve resumo mencionamos a continuación as cuestións fundamentais que se reflexionaron grazas a estas reunións de cara á organización da cidade en distritos.

- As reunións cos servizos de correos e o de recollida de lixo e limpeza viaria, foron moi interesantes porque ambas as organizacións explicaron con detalle as súas respectivas divisións da cidade. Unhas divisións deseñadas cunha enorme precisión para que a xestión e a organización do traballo que realizan sexa o máis eficaz posible, e onde se teñen en conta todo tipo de parámetros: a cantidade de correo, a facilidade de reparto, a presenza de locais comerciais, escaleiras ou costas, o tipo de trama urbana ou o número de habitantes, no caso de correos; e cantidade de lixo producida, a facilidade de entrada cos camións, os sentidos do tráfico, ou o desenvolvemento de eventos periódicos, como os partidos de fútbol ou as festas nos barrios, ou excepcionais, como as manifestacións ou os accidentes, no caso do servizo de limpeza. A visión do territorio como un contorno no que certas cousas se poden parametrizar para imaxinar o mellor xeito de habitalo foi unha aprendizaxe importante derivada destas dúas reunións.

- As reunións coas asociacións de empresarios de Agrela e Pocomaco tiveron un grande interese polo relato que fixeron, directa e indirectamente, de como están a vivir a transformación desde unha condición de polígonos industriais, cara á de parques empresariais, e finalmente barrios da cidade que simplemente teñen unhas características determinadas. Ambas as asociacións teñen unha importancia moi forte na vida dos seus ámbitos, sendo quen de elaborar estudos e plans propios para o seus territorios, levar a cabo convenios cos/coas propietarios/as de naves ou "veciñanza do barrio", ou expandir o seu ámbito de influencia ampliando a posibilidade de participación nas asociacións a lugares anexos coas mesmas características. Difiren, non obstante, no seu posicionamento respecto aos cambios experimentados nos últimos anos, xa que, mentres desde Agrela, o máis claramente mutado en barrio terciario, vese con bos ollos a aparición de todo tipo de actividades e fluxos cidadáns no seu territorio, en Pocomaco vese un certo problema nestas cuestións porque poden interferir no seu funcionamento, na súa eficacia como polígono loxístico. Que o principal problema de ambos os territorios sexa o aparcamento, é un reflexo máis do moito que comparten con calquera outro barrio da cidade.

- A reunión coa Universidade da Coruña foi especial pola diversidade de puntos de vista que podían ofrecer cada un dos saberes representados. Formuláronse temas prácticos importantes, como o de ter en conta as delimitacións actuais das seccións censuais para que poidan continuar as series históricas empregadas nas investigacións. Ademais, xurdiron moitos outros temas máis profundos, como o debate sobre o papel dos distritos no ecosistema de identidades establecido (o barrio como realidade histórica e social -difusa-, fronte ao distrito como realidade administrativa -nítida-), a pregunta sobre se os distritos poden ser parte dunha estratexia para fomentar outro reparto da riqueza (o debate entre a homoxeneidade ou heteroxeneidade interna dos distritos), ou a cuestión de se os ámbitos non residenciais poderían ser distritos especiais, introducindo o tema da posibilidade das asimetrías funcionais entre distritos.

- As reunións coa Asociación Local de Auto-Taxis e a Compañía de Tranvías serviron para descubrir a importantísima relación dos taxistas coa toponimia, unha realidade, a da relación entre nomes e lugares, da que teñen un gran coñecemento, xa que están sempre en contacto coa actualidade (son os primeiros en detectar e incorporar os cambios e novidades), e poden trazar a súa historia ao coñecer a xenealoxía das transformacións. Por outra banda, no referente aos buses, o máis sinalable foi o debate arredor da importancia transcendental da accesibilidade ao transporte público na calidade (e posibilidade) da vida urbana, así como o papel político que xogan determinadas accións técnicas, como o caso do carril-bus, existente durante uns anos na cidade e posteriormente eliminado a pesar de que os profesionais do sector e unha parte da veciñanza o valoraran moi positivamente.

- Por último, a reunión coas federacións e asociacións veciñais da Coruña puxo de manifesto a necesidade dun traballo de longo percorrido para reconstruír a lexitimidade das relacións entre o concello e as asociacións, xa que parece existir unha certa desconfianza nas institucións proveniente das formas de relación establecidas durante décadas. Ademais, se algo destacou é unha impresión xeneralizada de que, ata o de agora, existiu unha diferenza de tratamento e interese municipal entre o centro e os barrios da periferia, o que, xunto coa necesidade de máis interlocución co concello que se demandou, ten unha total relación co deseño funcional e territorial dos distritos.

5.-
ESTUDO DOUTRAS DIVISIÓNS HISTÓRICAS E ACTUAIS DO MUNICIPIO DA CORUÑA.

5.1.- Introdución.

O traballo presentado neste capítulo é unha recompilación e análise básica de todo tipo de delimitacións administrativas e funcionais (como a parroquia, o distrito censual ou as áreas escolares), así como das zonificacións do termo municipal definidas por outros motivos (como os tecidos urbanos, os usos do solo ou a topografía) que, xa sexa na actualidade ou nalgún outro momento histórico, implican a creación ou o recoñecemento de diferenzas e a división do territorio da Coruña. Este estudo ten dous obxectivos principais:

1.- Xerar un conxunto de materiais gráficos que permitan visualizar múltiples formas de división do territorio municipal, para fomentar así o debate e a imaxinación de moitas posibilidades para o caso da organización en distritos.

2.- Reflexionar sobre a posibilidade de recoller algunha destas divisións (como as seccións censuais, as parroquias ou as clases de solo) dentro dos criterios para fixar o trazado dos distritos.

* Cómpre sinalar unha cuestión específica sobre a representación cartográfica do municipio da Coruña. A base empregada para representar todas as divisións atopadas provén dunha cartografía SIX do Concello da Coruña (2015), pero cunha sensible modificación, xa que en todos os mapas realizados o municipio represéntase mediante dous elementos: as superficies de cor (que identifican as divisións analizadas en cada caso e que inclúen os espazos continentais e as illas) e a liña límite do municipio (que marca a división entre o municipio da Coruña e os de Arteixo, Culleredo e Oleiros). O motivo desta duplicidade na forma de representación é que no ámbito das Xubias e A Pasaxe prodúcese a singularidade de que o municipio inclúe unha parte da ría do Burgo e mesmo unha pequena parte do areal de Santa Cristina, dous ámbitos que non foron incluídos nas delimitacións de superficies de cor para non distorsionar a lectura das cartografías e permitir unha representación nítida da superficie municipal “terrestre”. Trátase, polo tanto, dunha simplificación. Non obstante, suxírese a necesidade dun estudo en profundidade dos límites municipais, xa que, tanto neste punto, como nos ámbitos da Refinería, Meicende, O Petón, o Parque Empresarial de Vío, a Urbanización Breogán ou o Club de Golf, prodúcense fragmentacións aleatorias de pezas urbanas de carácter unitario que mesmo chegan a dividir unidades parcelarias.



P-5.2.1.- Ámbito actual do Concello da Coruña



P-5.2.2.- Ámbito do Concello da Coruña ata 1912

5.2.- Os límites municipais.

O ámbito do Concello da Coruña ten pouco máis dun século de vixencia, xa que os actuais límites municipais proveñen da anexión do Concello de Oza realizada en 1912.

5.2.1.- Ámbito actual do Concello da Coruña.

Actualmente, segundo os datos do padrón municipal de habitantes do INE do 1 de xaneiro de 2015, A Coruña conta con 243.870 habitantes, nunha superficie municipal que, segundo o IGE, é de 37,8 km^2, o que supón unha densidade de poboación de 6.452 hab/km^2.

5.2.2.- Ámbito do Concello da Coruña ata 1912 (anexión do Concello de Oza polo da Coruña).

O ámbito do Concello da Coruña ata a anexión de 1912 era moi pequeno, sendo moito maior o territorio do Concello de Oza, composto polas outras catro parroquias que hoxe conforman A Coruña: San Pedro de Visma, San Cristovo das Viñas (chamada daquela San Cristovo de Faro), Santa María de Oza e San Vicenzo de Elviña.

Segundo o estudo "Santa María de Oza, 1912: Anexión al Ayuntamiento de La Coruña" realizado polo Grupo de traballo / Taller Rosalía 2010-2011, os límites entre os concellos foron fixados en 1890 mediante 46 marcos de pedra do seguinte xeito: *"el primer marco colocado en la Playa de San Roque de Afuera, sigue hacia el monte de Sta. Margarita dejando Peruleiro en la Coruña y la Gramela y Ventorrillo en Oza. Desde aquí al rio Monelos sigue una línea quebrada dejando Vioño y Outeiro en Oza, el rio Monelos hace frontera entre los dos ayuntamientos hasta el mar y define con todo claridad los limites entre los dos ayuntamientos en esta zona"*.

Segundo a "Historia y descripción de la ciudad de La Coruña" de Enrique de Vedia y Goossens (1845), a xurisdición da Coruña "*se estiende por el camino real de Madrid y Santiago hasta el puente y arroyo de Monelos; por el de Bergantiños, hasta el alto de los molinos de Santa Margarita; y su jurisdiccion marítima comienza en la desembocadura del arroyo que baja por puente Gaiteyra, y termina en la del que corre por la calle de San Roque, abrazando un espacio de un legua y aun mas por las sinuosidades de la costa y la gran estension de la península, á cuya entrada está la población, y al estremo septentrional la torre de Hércules*".

En 1882 a poboación da Coruña era de 31.492 persoas, sendo a súa superficie duns 5 km^2 aproximadamente, polo que tería unha densidade de poboación duns 6.300 hab/km^2, moi similar á actual e seguramente moi elevada para o común neses tempos en Galicia.



P-5.3.- As parroquias

5.3.- As parroquias.

O Concello da Coruña está composto actualmente por 5 parroquias: A Coruña, Elviña (San Vicenzo), Oza (Santa María), San Cristovo das Viñas e Visma (San Pedro).

Denominación actual (Nomenclátor de Galicia)	Denominación actual (Nomenclátor do INE)	Denominación previa (medieval)*	Poboación (IGE, 2001)	Poboación (INE, 2014)
A Coruña	A Coruña	-	220.003	215.227
Elviña (San Vicenzo)	Elviña (San Vicente de)	-	5.472	15.255
Oza (Santa María)	Oza (Santa María de)	-	5.379	6.339
San Cristovo das Viñas (San Cristovo)	Viñas (San Cristóbal das)	San Cristóbal de Faro	2.869	5.443
Visma (San Pedro)	Visma (San Pedro de)	-	2.656	2.546

Fig.5.3.- As parroquias.
Fontes: Nomenclátor de Galicia, IGE e INE.
Fonte (*): Velo Pensado, Ismael. La Coruña en el camino de peregrinos a Santiago. Archivo de la Colegiata, A Coruña, 1996.

Segundo o Instituto Galego de Estatística, as parroquias *"son unidades intermedias entre as entidades singulares e os municipios, constituídas por agrupacións de entidades singulares e que gozan de personalidade propia e dunha orixe marcadamente histórica"*.

Pola súa banda, o Estatuto de Autonomía de Galicia define as "parroquias rurais" como unha das *"entidades locais propias de Galicia"*, explicitando que por Lei de Galicia poderase *"recoñecerlle personalidade xurídica á parroquia rural"*. Por último, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, defínese a parroquia rural como *"de longa tradición no campo galego, verdadeira trama celular da vida local do noso pobo e o seu auténtico sinal de identidade"*, polo que *"terán a consideración de entidades locais territoriais e gozarán de autonomía para a xestión dos seus intereses patrimoniais"*, aínda que a súa organización, funcionamento e competencias se supeditan á regulación posterior por unha lei do Parlamento de Galicia.

Todas estas consideracións non foron nunca levadas á práctica en territorios metropolitanos como A Coruña, pero como diciamos na análise conceptual, a organización territorial en parroquias ten algunhas cualidades moi interesantes para pensar os distritos: por unha banda, porque se trata dunha división territorial que agrupa nunha mesma entidade a varios núcleos e lugares que comparten unha identidade común; e por outra, porque implican unha condición moi singular: a de ser un instrumento para estruturar o territorio que, simultaneamente, é o reflexo da estrutura (humana e produtiva) do territorio.

Por último, é preciso sinalar que aínda que os límites territoriais das parroquias da Coruña foron completamente borrados polas grandes transformacións infraestruturais e urbanísticas desenvolvidas a partir do século XX, cada unha das catro parroquias "periféricas" (San Pedro de Visma, San Cristovo das Viñas, Santa María de Oza e San Vicenzo de Elviña) manteñen na actualidade parte da súa identidade, de diferentes formas e intensidades, e sen dúbida, a historia parroquial inscrita no territorio explica unha parte da riqueza urbana do municipio. Por outra banda, tamén hai que dicir que a división do municipio en 5 parroquias é certamente enganosa, xa que o ámbito da parroquia da Coruña provén das lóxicas estatísticas e, en realidade, estaría dividida en decenas de parroquias coa súa propia igrexa.



P-5.4.1.A.- Os barrios da Coruña no século XIX



P-5.4.1.B.- Os distritos administrativos da Coruña no século XIX

5.4.- Os diferentes tipos de distritos.

Na actualidade existen 4 tipos de distritos funcionais no Concello da Coruña: os distritos censuais, os distritos postais, os distritos urbanísticos e os distritos para a participación cidadá (obxecto deste traballo). Ademais, incluímos neste apartado a división en barrios e distritos administrativos existente a finais do século XIX.

5.4.1.- Os distritos administrativos, os barrios e as seccións censuais no século XIX.

En 1891 a cidade estaba dividida en 7 distritos administrativos, 13 barrios e 15 seccións censuais.

Distritos administrativos	1	2	3	4	5	6	7	TOTAL
Barrios	1º + 2º	3º + 9º	4º + 7º	5º	6º	8º + 10º + 11º	12º + 13º	13
Nº de seccións censuais	2	2	2	2	1	3	3	15
Poboación 1891	3.396	3.643	4.525	2.812	2.277	6.999	6.627	30.279

Fig.5.4.1.- Distritos, barrios e seccións censuais do Concello da Coruña en 1891.
Fonte: Fernández Caamaño, José María. La Coruña vista desde sus libros de Actas. Editorial Vision Net, Madrid, 2006.

É importante sinalar dúas cuestións con respecto a esta situación: por unha banda, é moi destacable que os barrios foran unha figura formal, polo menos estatisticamente, xa que hoxe en día mantéñense como realidade identitaria e simbólica, pero non teñen ningunha lexitimidade oficial; e por outra, é moi relevante que existira unha completa correlación entre distritos, barrios e seccións censuais, unha situación que como veremos máis adiante non se produce na actualidade, o que xera importantes problemas para o estudo e a representación da realidade municipal desde os datos estatísticos oficiais.

5.4.2.- Os distritos e seccións censuais.

A división dos municipios en distritos e seccións censuais é unha competencia en certo modo compartida entre o Instituto Nacional de Estadística (que define os criterios para elaborala) e os concellos (que a poden realizar ou transformar e deben aprobala). A sección censual é unha unidade estatística que delimita un territorio no que residen entre 500 e 2.000 persoas. Actualmente, o termo municipal da Coruña está dividido en 190 seccións censuais agrupadas en 10 distritos censuais.

É preciso sinalar que as delimitacións das seccións censuais son unha ferramenta de moita importancia, xa que son a célula mínima de explotación de datos estatísticos, polo que, ou ben a delimitación dos novos distritos é sensible a esta grella xa imposta de partida, ou ben sería necesario formular os cambios oportunos ao Instituto Nacional de Estadística.



P-5.4.2.A.- Os distritos censuais



P-5.4.2.B.- As seccións censuais

Distritos censuais	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	TOTAL
Nº de secións censuais	10	23	23	28	22	23	42	7	6	6	190
Superficie (km^2)	0,952	1,993	0,988	1,011	3,730	0,458	4,207	4,124	11,907	8,315	37,830
Poboación 2014	12.249	29.974	25.467	31.495	33.904	26.492	54.811	10.515	11.088	8.816	244.810
Densidade 2014 (hab/km^2)	12.867	15.037	25.765	31.149	9.090	57.871	13.028	2.550	931	1.060	6.471

Fig.5.4.2.- Os distritos e secións censuais na actualidade.
Fonte: IGE. Elaboración propia.

Coa actual delimitación, os distritos censuais teñen unha superficie que varía entre os 0,46 km^2 do distrito 6 e os 11,91 km^2 do distrito 9, unha poboación que varía entre as 8.816 persoas do distrito 10 e as 54.811 persoas do distrito 7, e unha densidade de poboación que varía entre os 931 hab/km^2 do distrito 9 e os 57.871 hab/km^2 do distrito 6. Pola súa banda, as secións censuais teñen unha superficie que varía entre os 0,01 km^2 da sección 6013 e os 7,11 km^2 da sección 10001, unha poboación que varía entre as 355 persoas da sección 3008 e as 2.412 persoas da sección 9001, e unha densidade de poboación que varía entre os 128 hab/km^2 da sección 10001 e os 132.787 hab/km^2 da sección 4015.

Se ben estes números poden non dicir nada por si mesmos, as implicacións destas grandes diferenzas representan un certo problema para a utilidade das secións censuais como ferramenta de análise, xa que a súa delimitación actual é tosca de máis para representar territorios complexos como o galego, sendo máis ou menos útiles para describir a realidade dos territorios máis consolidados, pero completamente insensible ás realidades "transxénicas" (ver Anexo 5) das nosas periferias e áreas metropolitanas.

A partir do caso do municipio da Coruña, podemos falar de dous problemas principais: por unha banda, o ámbito máis consolidado non parece presentar problemas de gravidade se a análise é xeral e non necesita precisión, xa que se se baixa de escala, obsérvase que hai varios casos que ben poderían modificarse para que unha mesma sección non estivera composta por áreas pertencentes a barrios diferentes e perfectamente definidos (como pasa, por exemplo, na sección 3011 -con parte no Ensanche e parte na Falperra- ou na 5005 -con case toda a Cidade Xardín e unha parte da Agra do Orzán-), xa que estes pequenos detalles limitan moitísimo a precisión e as posibilidades de análise a partir dos datos oficiais; por outra banda, o que si se presenta como un problema de gravidade é o que sucede nos territorios máis difusos onde as secións censuais son moi grandes e están compostas por realidades urbanas radicalmente diferentes.

Pensemos que das 190 secións, as 10 máis grandes (5011, 5012, 7031, 8003, 8005, 9001, 9002, 9003, 10001 e 10005) suman unha superficie de 25 km^2, o que supón máis de 2/3 do territorio municipal, no que as situacións urbanas son moi heteroxéneas, polo que se debería facer un estudo sobre como realizar esas divisións, repectando o criterio poboacional do INE, pero sendo máis acorde coa realidade urbana do territorio. Unha delimitación que evite casos como que O Portiño comparta sección cunha parte de Labañou, que San Vicenzo de Elviña a comparta coas urbanizacións da Zapateira, que unha parte de Novo Mesoiro inclúa a Pocomaco e Vío e outras dúas inclúan grandes extensións territoriais inhabitadas que ben poderían formar parte da sección de Mesoiro-Feáns, que Palavea comparta sección cun ámbito tan diferente en todos os sentidos como A Zapateira, etc.

Volvendo de novo á cuestión dos distritos, o respecto cara a esta importante división do territorio é recomendable, pero non debe ser prioritaria debido aos problemas comentados. O que si será



P-5.4.3.- Os distritos postais



P-5.4.4.- Os distritos urbanísticos

importante, en canto se teña unha proposta de distritos, será comezar os contactos co INE para propoñer a introdución dos cambios oportunos da forma menos traumática posible para as persoas e as series históricas. Moitas son as perspectivas de análise desde as que se agradecerá que se conformen entidades estatísticas territoriais con significado sociolóxico.

5.4.3.- Os distritos postais.

O sistema de código postal en España comezou a empregarse en 1985, e actualmente o termo municipal da Coruña está dividido en 12 códigos postais: 15001, 15002, 15003, 15004, 15006, 15007, 15008, 15009, 15010, 15011 e 15190.

Ademais, e entrando xa no detalle, segundo a documentación do catastro aparecen tamén o código 15000 na zona da Autoridade Portuaria (unha categoría de solo denominada BICE = Bens Inmobles de Características Especiais), e o 15191 na refinería (que tamén é BICE). Por último, aparecen os códigos 15191, 15192 e 15194 en parcelas das zonas de Penarredonda, As Revoltas e A Zapateira.

A nomenclatura dos códigos provén da seguinte fórmula: as dúas primeiras cifras (15) son o número da Provincia da Coruña, a terceira (0) define a capitalidade do municipio, e as dúas últimas son os distritos postais. O código postal 15190 correspóndese cunha antiga nomenclatura que diferenciaba códigos urbanos e rurais, e que en lugar de ser absorvida polos códigos normais quedou como estaba aínda que corresponda a un territorio plenamente urbano.

Outra cuestión que é preciso sinalar é que nos últimos anos os códigos postais acadaron un certo recoñecemento social como fórmula de designación de áreas urbanas, aparecendo de forma común en conversacións ou grafitis pola súa capacidade para representar ámbitos urbanos que, aínda que exceden a escala do barrio, comparten certas características ou identidades.

5.4.4.- Os distritos urbanísticos.

Os distritos urbanísticos son unha división do termo municipal que responde á xestión dos estándares urbanísticos. Para isto, a partir da LOUGA, os Plans Xerais teñen que xustificar que no conxunto do solo urbano non consolidado de cada distrito se cumpren os estándares de reserva mínima para dotacións urbanísticas locais. Os chamados distritos urbanísticos son, en realidade, pouco urbanísticos e moi burocráticos, provocando que o máis razoable e cómodo, tanto desde o punto de vista da elaboración do PXOM, como desde a flexibilidade cara á súa xestión posterior por parte do Concello, sexa facer os mínimos distritos posibles, dous, e simplemente fixar esa liña divisoria de forma que se cumpran en ambos lados os equilibrios esixidos pola lei.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente en febreiro de 2013 establece polo tanto dous distritos urbanísticos no termo municipal da Coruña: o Distrito 1 e o Distrito 2, formulando unha liña divisoria que vai dende a intersección dos peiraos de Linares Rivas e A Palloza, ata Riazor á altura da praza de Portugal. O único salientable neste senso é que esta delimitación é xusto a contraria á dos dous distritos definidos polo Regulamento Orgánico de Participación Cidadá da Coruña de 2004.



P-5.4.5.- Os distritos para a participación cidadá (2004)



P-5.5.- As clases de solo para a xestión urbanística

5.4.5.- Os distritos para a participación cidadá.

O Regulamento Orgánico de Participación Cidadá da Coruña (2004) define dous distritos: o Distrito de Peixaría e o Distrito de Oza. A delimitación entre ambos é unha liña que parte da intersección dos peiraos de Linares Rivas e A Palloza, segue pola Costa da Palloza e a praza de Catro Camiños, pasa pola rúa Dr. Enrique Hervada e a Ronda de Nelle ata o cruzamento coa avenida de Finisterre, e segue esta vía e a estrada de Arteixo ata o límite do termo municipal.

Como é evidente, esta delimitación é un simple simulacro burocrático que reflicte perfectamente a falla de vontade política para que os novos distritos xoguen algún papel de cara aos obxectivos referidos á participación cidadá regulados pola *Ley 57/2003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del Gobierno Local*. O obxectivo deste informe é sentar as bases para unha nova organización da Coruña en distritos que sexa recoñecible e aceptada pola cidadanía como unha ferramente cunha finalidade clara.

5.5.- As clases de solo para a xestión urbanística.

O PXOM delimita o termo municipal en tres clases principais de solo:

- Solo Urbano (SU), que á súa vez pode ser Consolidado (SUC) ou Non Consolidado (SUNC).
- Solo Urbanizable (SUble), que á súa vez pode ser SUble Delimitado ou SUble de Réxime Transitorio.
- Sólo Rústico Especialmente Protexido (SREP), que pode ser SREP Forestal, SREP de Infraestruturas, SREP das Augas, SREP das Costas, SREP de Interese Paisaxístico, SREP de Patrimonio Cultural e SREP de Espazos Naturais.

Esta delimitación ten unha sensible importancia á hora de pensar a división en distritos, xa que nos dá unha idea dos solos máis proclives a experimentar grandes cambios nos próximos anos.

5.6.- Os tecidos urbanos.

O estudo dos tecidos urbanos é unha das cuestións fundamentais á hora de entender a realidade dos barrios e a complexidade do territorio urbano contemporáneo, xa que representan unha síntese de moitos parámetros sociais, económicos ou culturais, ademais de achegar información fundamental para entender a súa orixe e proceso de formación.

As dúas referencias atopadas ao respecto para o caso da Coruña, e que serviron de base para pensar a cartografía elaborada neste documento son:



P-5.6.- Os tecidos urbanos

- Por unha banda, a cartografía “Análisis urbanístico. Tipo de edificación” (Observatorio Metropolitano del Área Urbana de A Coruña, Javier González Harguindey, 2015), na que se clasifican as edificacións segundo un parámetro mixto de uso e tipoloxía (residencial en mazá, residencial en bloque, residencial unifamiliar, industrial, oficinas, comercial, equipamentos e outros usos).

- Por outra banda, a cartografía “Tejidos y formas urbanas. Plano agregado” (Memoria xustificativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal, 2013), na que se clasifica, unhas veces o solo, outras as edificacións, segundo o tipo de tecido urbano (casco antigo, ensanches, prazas ou sectores urbanos, tramas suburbanas, urbanización marxinal, polígono residencial, cidade xardín, equipamentos e industria e terciario).

Na cartografía elaborada optouse por clasificar o solo e non as edificacións, así como por facer unha clasificación máis exhaustiva segundo os tipos de tecidos urbanos. Finalmente, foron identificados os seguintes 20 tipos:

- Tecidos principalmente residenciais:
    - Cidade de orixe medieval
    - Núcleos de orixe preindustrial
    - Áreas agrícolas
    - Ensanches do século XIX
    - Grupos de vivendas de mediados do século XX
    - Tecido en mazá pechada
    - Polígonos residenciais da segunda metade do século XX e principios do XXI
    - Urbanizacións de vivendas unifamiliares
    - Asentamentos informais
    - Tecido lineal entre medianeiras
    - Tecido consolidado de vivenda unifamiliar illada
    - Tecido disperso de vivenda unifamiliar illada
    - Áreas de mestura de usos e tipoloxías

- Tecidos de dotacións e actividades produtivas:
    - Conxuntos planificados
    - Agrupacións
    - Pezas illadas
    - Tecidos portuarios
    - Grandes parques

- Outras pezas significativas:
    - Infraestruturas de comunicación
    - Áreas só urbanizadas

A cartografía elaborada está nun estado inicial, polo que só se presenta como avance do que sería un dos mapas fundamentais para o entendemento dos barrios e, consecuentemente, do territorio dos distritos. Se ben nas áreas máis consolidadas do municipio a definición dos ámbitos dos tecidos está bastante estruturada, e só faltaría afinar algunhas das clasificacións e dos límites, no resto do territorio municipal este plano preséntase tan cego e inoperante coma calquera outro mapa convencional, xa que segue resaltando un suposto “baleiro” continuo que en realidade non é tal.



P-5.7.1.- A ocupación do solo segundo o CORINE



P-5.7.2.- A ocupación do solo segundo o SIOSE

Nesto senso, será preciso afinar as ferramentas conceptuais da urbanística para recoñecer as diferenzas e os matices dentro dos ámbitos “difusos” ou “transxénicos” (ver Anexo 5) que conforman a meirande parte das áreas metropolitanas galegas. No seguinte capítulo deste documento, avánzase pola vía específica da toponimia cara á resolución deste problema, pero este plano sobre os tecidos urbanos queda polo de agora incompleto, xa que esixiría un traballo que excede os obxectivos deste informe.

5.7.- A ocupación do solo.

A ocupación do sólo é tamén un parámetro importante para entender o territorio e, no caso que nos ocupa, é unha división máis das que proveñen da propia realidade urbana do municipio e non de divisións virtuais baseadas nun obxectivo concreto. As dúas bases de datos que se representan como delimitacións son a do CORINE (CoORdination of INformation of the Environment), e a do SIOSE (Sistema de Información sobre Ocupación de Suelo de España), que é a que ten unha maior definición.

5.7.1.- A ocupación do solo segundo o CORINE.

O sistema CORINE establece 5 grandes clases de ocupación de solo (cada un dividido á súa vez en moitas subclases):

- Clase 1: Zonas artificiais.
- Clase 2: Zonas agrícolas.
- Clase 3: Bosques e áreas semi-naturais.
- Clase 4: Zonas húmidas.
- Clase 5: Superficies de auga.

5.7.2.- A ocupación do solo segundo o SIOSE.

O sistema SIOSE establece 6 grandes clases de ocupación de solo (cada un dividido á súa vez en moitas subclases):

- Clase 1: Superficies artificiais.
- Clase 2: Zonas sen vexetación.
- Clase 3: Forestal arboredo.
- Clase 4: Zonas de mato.
- Clase 5: Mosaicos e zonas agrícolas.
- Clase 6: Zonas de auga.

Estes dous planos, sobre todo o segundo, reflicten a gran complexidade morfolóxica do territorio municipal cun grao de detalle que será moi útil para rematar a cartografía dos tecidos urbanos.



P-5.8.1.A.- As áreas escolares dos centros públicos



P-5.8.1.B.- As áreas escolares dos centros concertados

5.8.- Os equipamentos públicos.

5.8.1.- As áreas escolares.

Nos mapas das áreas escolares dos centros públicos e concertados hai dous temas que chaman a atención principalmente: por unha banda, a distribución asimétrica dos colexios de ambos os tipos, xa que mentres os públicos se distribúen por toda a superficie consolidada do municipio, sobre todo no primeiro anel de entre rondas, deixando sen cobertura toda a zona sur da cidade agás Feáns, a metade dos concertados sitúanse precisamente nestes ámbitos periféricos en busca de grandes superficies e solo barato. Por outra banda, unha cuestión moi destacable respecto á realidade formal das áreas escolares como división territorial é a posibilidade de solape que introducen, xa que tanto unha como outra xeran ámbitos pertencentes a máis dunha das áreas. Xorde así a oportunidade de elección, neste caso de escola, pero que en abstracto se pode pensar para calquera outro tipo de condición.

5.8.2.- As áreas sanitarias.

Os datos sobre as áreas sanitarias non son accesibles, polo que os ámbitos de influencia dos 14 centros de saúde existentes na cidade (Abente y Lago, Casa do Mar, Castrillón - Monte das Moas, Durmideiras, Elviña - Mesoiro, Federico Tapia, Labañou, Matogrande, Monte Alto - A Torre, Novo Mesoiro, Os Mallos, Os Rosais, O Ventorrillo e San Xosé) foron simplemente esquematizados dunha forma orientativa e abstracta mediante a representación das rexións de Voronoi asociadas a cada un dos puntos.

5.8.3.- Os centros cívicos e outros equipamentos socioculturais municipais.

Os vinte e dous centros cívicos xunto cos demais equipamentos para usos socioculturais existentes na cidade pódense clasificar segundo a súa tipoloxía do seguinte xeito:

- Catorce centros cívicos municipais (Artesanos, Castrillón, Cidade Vella, Eirís, Elviña, Labañou, Mesoiro, Monelos, Monte Alto, Novoboandanza, Os Mallos, Os Rosais, Palavea e San Diego).
- Seis centros cívicos veciñais (Castro-Elviña, Feáns, Pescadores, San Pedro de Visma, Santa Lucía e Santa Margarida).
- Dous centros cívicos socioculturais (A Silva e Sagrada Familia).
- Dous centros veciñais (Bens e Nostián).
- Un espazo de encontro veciñal (O Birloque).
- Dous grandes equipamentos socioculturais (Centro Ágora e Fórum Metropolitano).



P-5.8.2.- As áreas sanitarias



P-5.8.3.- Os centros cívicos e outros equipamentos similares

Ao non existiren áreas oficiais de influencia destes equipamentos, procedeuse como no apartado anterior, facendo unha división moi abastracta mediante a representación das rexións de Voronoi asociadas a cada un dos puntos.

5.9.- Os servizos públicos.

5.9.1.- A mobilidade.

Unha das cuestións máis determinantes do grao de centralidade e das características e modos de vida dun ámbito urbano é a súa accesibilidade ás redes de mobilidade pública. No caso da Coruña, formúlase a análise superficial das seguintes opcións de mobilidade alternativas ao vehículo particular: o bus urbano, o taxi e a bicicleta, esta última só desde a perspectiva do carril-bici e o sistema público “bicicoruña”.

A análise do plano das liñas e paradas de autobús explicita a irracionalidade do seu ámbito de influencia, delimitado ao municipio da Coruña. O recordo de que foi todo un acontecemento conseguir as tres paradas en Meicende no municipio de Arteixo (un calvario burocrático para dar conta dunha reclamación histórica das asociacións da zona) explica á perfección os límites das formas de xestión metropolitana na actualidade. A maiores desta cuestión, dentro do municipio da Coruña, quizais os únicos puntos que chaman a atención por non dispoñer de ningunha parada de bus a menos de 300 metros son algunhas partes da Gramela, Eirís, Monte Mero, Penamoa e Pocomaco, aínda que todos estes lugares teñen paradas un pouco máis lonxe, polo que os únicos lugares habitados e moi desconectados do principal medio de transporte público serían a parte máis preto do límite municipal da Zapateira e, sobre todo, O Portiño.

En canto ao taxi, non hai moito que destacar a esta escala de análise, xa que as paradas fixas sitúanse nos ámbitos máis poboados e nos puntos xeradores de fluxos continuos como os parques empresariais ou os complexos hospitalarios.

Por último, sobre a bicicleta, só cabe comentar a caótica política de carril-bici desenvolvida ata o momento, cunha gran continuidade nos percorridos vinculados maioritariamente ao lecer (o paseo marítimo), e unha total inexistencia ou discontinuidade no resto dos vectores de movemento fundamentais para a cidade (conexións interbarrios, cos parques empresariais, coa universidade, etc.). Non se traballou cos datos de uso do sistema “bicicoruña”, e enténdese que a súa implantación está aínda en proceso como para obter conclusións sobre o seu funcionamento e política de situación das estacións de bicicletas.



P-5.9.1.A.- A mobilidade pública en autobús



P-5.9.1.B.- A mobilidade pública en taxi



P-5.9.1.C.- A mobilidade pública en bicicleta



P-5.9.1.D.- A mobilidade pública: grao de accesibilidade



P-5.9.2.- A xestión das zonas verdes



P-5.10.- As asociacións veciñais

5.9.2.- A xestión das zonas verdes.

O mantemento dos parques, os xardíns e o resto de zonas verdes públicas da Coruña é un servizo privatizado hai xa anos (os Xardíns de Méndez Núñez foron, ata 2010, o último reduto verde da cidade mantido polo Concello). A xestión destes espazos correspóndelles, polo tanto, ás empresas concesionarias, neste caso e na actualidade: Malvecín, S.L. (Zona 1), Cespa, S.A. (Zona 2) e Orto Parques y Jardines, S.L. (Zona 3). A división da cidade realizada para o reparto das zonas de traballo de cada unha das empresas é quizais un bo exemplo do tipo de servizos cuxa distribución debería coordinarse coa nova organización da cidade en distritos, xa que sería moi interesante que o recoñecemento dos ámbitos dos distritos implicase o coñecemento de moitos outros datos asociados a eles, como, por exemplo, quen se encarga do mantemento das zonas verdes ou calquera outro servizo público realizado por máis dunha organización.

5.10.- A organización veciñal.

Para o estudo do asociacionismo no municipio elaborouse unha selección daquelas organizacións formais (inscritas no rexistro de asociacións e presentes na *Guía de Asociaciones de A Coruña* editada polo Concello da Coruña en 2013) que teñen un ámbito de influencia ou acción ben definido e limitado a un territorio, barrio ou grupo de barrios concretos da cidade. A aplicación destes criterios deu como resultado unha listaxe de setenta e unha entidades divididas nos seguintes oito grupos:

- Corenta e seis asociacións veciñais
- Dúas asociacións veciñais, culturais e sociais ou deportivas
- Tres asociacións de veciños e comerciantes
- Doce asociacións de comerciantes
- Tres asociacións de comerciantes e empresarios
- Unha asociación de profesionais
- Unha asociación de profesionais e empresarios
- Tres asociacións de empresarios

Na cartografía realizada sinaláronse os lugares onde teñen a súa sede cada unha das setenta e unha asociacións. Ademais, remarcáronse os barrios que contan con este tipo de organizacións formais, un parámetro que provén de cruzar os datos dos “ámbitos de influencia” destas asociacións coa listaxe e delimitación de barrios elaboradas neste informe (no seguinte capítulo).

Os diferentes barrios están representados cunha gradación de cor que indica o número de asociacións (0, 1, 2 ou 3) cuxo ámbito de actuación ou interese (explícito no seu nome ou declarado na listaxe de asociacións do Concello) inclúe o barrio en cuestión. Da análise desta clasificación o primeiro que chama a atención é a cantidade de barrios nos que non parece que existan organizacións veciñais, se ben esta cuestión é seguramente enganosa, xa que o ámbito de influencia de moitas das asociacións non consta na listaxe municipal nin no seu nome, polo que é moi posible que varios dos casos formen parte doutras asociacións (algunhas das veces porque incluso se consideran o mesmo barrio), como O Martinete ou Someso (que quizais se relacionen coas asociacións do Birloque ou San Cristovo), Santa María de Oza (coa do Castrillón ou a de Monelos),



P-5.11.1.- A densidade de poboación



P-5.11.2.- O índice de avellentamento

O Bosque e A Cova (coa de San Cristovo), Pedro Fernández e Río de Quintas (coa de Pedralonga ou a de Palavea), A Cubela e Estación de Autobuses (coa de Catro Camiños ou a da Gaiteira) ou as urbanizacións Club de Golf, Obradoiro, O Carón e Valaire (coa da Zapateira). Outros casos son máis dubidosos, como As Rañas, Lonzas, Marzán ou Zalaeta, e outros teñen outra explicación, como Meicende e O Petón, que o máis probable é que a súa asociación sexa a de Meicende, pero estea rexistrada en Arteixo.

Dentro do ámbito urbano máis consolidado o asociacionismo non é un parámetro dominado polo centro como pasa noutros casos, senón que son moitos os barrios con máis dunha asociación e están distribuidos por todo o primeiro anel da cidade, desde Os Rosais ata Oza, pasando pola Agra do Orzán, a Sagrada Familia, Os Mallos, o Polígono de Elviña, A Gaiteira e Os Castros.

Só dúas preguntas xorden a maiores ao fío desta cuestión: por unha banda, se institucións coma a Autoridade Portuaria, as xuntas directivas de grandes empresas como a Refinería ou a Fábrica de Armas, ou o equipo reitoral da UDC son interlocutores abondo como "veciñanza", é dicir, dada a súa importancia superficial e a enorme cantidade de persoas que os habitan como "barrio" todo o ano, serían o conxunto dos seus habitantes, e non só os seus xestores, os que estarían ao mesmo nivel que o tipo de asociacións das que se está a falar aquí. Por outra banda, e por último, poderíase reflexionar sobre algo tan simple como quen representa os intereses dos montes e do resto dos espazos sen masa crítica humana como para pór en marcha unha asociación.

5.11.- As áreas estatísticas.

Baseándonos nos datos estatísticos de acceso público referidos ás seccións censuais, fixéronse tres planos como exemplo do tipo de realidades que se poden ler desde estas fontes, así como para explicar as limitacións da ferramenta (introducidas no apartado 5.3.2) á hora de representar outras divisións virtuais do municipio dun xeito preciso.

5.11.1.- A densidade de poboación.

Cartografía na que se representa a densidade de poboación por sección censual (en hab/km^2) segundo os datos do INE de 2014. Un plano no que se reflicten as altas densidades de ámbitos como Monte Alto, Agra do Orzán, Os Mallos, Juan Flórez, Os Castros ou Castrillón, pero onde non quedan representados lugares como Palavea, Novoa Santos - Torres de San Diego ou Matogrande, e onde suceden cousas como que cada parte de Novo Mesoiro teña unha densidade moi diferente segundo o tamaño da súa sección censual.



P-5.11.3.- O poder adquisitivo



P-5.12.- As áreas topográficas

5.11.2.- O índice de avellentamento.

Cartografía na que se representa o índice de avellentamento por sección censual (en porcentaxe de persoas maiores de 64 anos) segundo os datos do INE de 2014. Un plano no que se reflicten os altos índices de ámbitos como Bens e Nostián, ou partes da Peixaría, Barrio das Flores, Riazor ou Os Mallos, pero onde non quedan representados lugares como Mesoiro e Feáns, por estar na mesma sección censual que as urbanizacións Obradoiro e Breogán.

5.11.3.- O poder adquisitivo.

Como non hai datos sobre o nivel de renda a escala das seccións censuais, optouse por cruzar os datos públicos que poderían ter unha maior relación: a tenza en propiedade de vehículo privado e de vivenda. Elaborouse así unha cartografía na que se representa o índice de "poder adquisitivo" por sección censual (en porcentaxe de persoas con vivenda e vehículo en propiedade) segundo os datos do INE de 2014. Un plano no que se reflicten os altos niveis do Ensanche, Juan Flórez ou Zalaeta, pero onde non quedan representadas as diferenzas entre lugares como A Zapateira e Palavea, Cidade Xardín e Agra do Orzán, San Vicenzo de Elviña e Urbanización Valaire.

5.12.- As áreas topográficas.

Un simple plano da topografía do territorio municipal reflicte unha das divisións da Coruña máis presentes no cotián da vida peonil, pero poucas veces explicitada, quizais polo seu carácter natural, todo o contrario que as delimitacións virtuais como os distritos. A topografía é, deste xeito, un parámetro fundamental para entender o desenvolvemento urbanístico da cidade, pero tamén os movementos e relacións entre barrios a nivel micro, unha cuestión esta última que se mencionou en varios dos encontros presenciais do proceso participativo. As condicións xeomorfolóxicas da Coruña xerán unha riqueza de vales en rede que fan que o grao de vencellamento entre todo o istmo, e deste cara a Labañou polo Oeste, e cara a Catro Camiños polo Sur ata Ponte da Pedra e case que Mesoiro, ou desviándose mesmo por Agrela ata a Cala de Bens, é fisicamente moi diferente ao posible noutras áreas da cidade, onde as relacións son sensiblemente asimétricas entre os barrios situados nas cotas altas e os barrios colindantes dos ámbitos inferiores (pensemos, por exemplo, nas relacións Os Rosais - Labañou, Agra do Orzán - Riazor, Monte Alto - Peixaría ou Castrillón - Os Castros).



P-5.13.A.- As delimitacións históricas e actuais no Concello da Coruña

P-5.13.B.- Liñas fortes e patróns nas delimitacións históricas e actuais no Concello da Coruña

5.13.- Síntese das delimitacións históricas e actuais do termo municipal.

Como remate momentáneo deste estudo, superpuxéronse todas as delimitacións analizadas nun mesmo plano. Primeiro, dunha forma directa (con todas as liñas límite representadas de igual xeito), na que se pode apreciar unha grella moi densa en todo o territorio municipal, agás nalgunhas áreas dos parques empresariais ou grandes instalacións produtivas, así como nalgúns dos montes: o territorio está completamente subdividido por múltiples cuestións, a maioría delas non relacionadas. E segundo, dunha forma "agregativa", é dicir, dándolles ás liñas un grao de transparencia para que destaquen aquelas onde máis delimitacións se superpoñen. Neste segundo plano, pódense apreciar unha serie de "liñas fortes" que coinciden na súa meirande parte coas grandes infraestuturas viarias, aínda que tamén hai casos de pezas urbanas que quedan perfectamente definidas, como O Ventorrillo ou Cidade Xardín.

Cómpre sinalar que son moitas as cartografías que reflicten outras divisións físicas ou virtuais do termo municipal e que, polo tanto, poderían formar parte desta listaxe perfectamente. Algunhas xa están feitas e son de acceso público, como o mapa de ruído da cidade ou as áreas xestionadas por outras administracións (viario de titularidade estatal, porto, etc.); outras están feitas, pero non son públicas, como as áreas de recollida de lixo e limpeza viaria; outras non están feitas, pero poderíanse facer de forma sinxela, como o mapa das festas e grandes eventos periódicos (festas de barrio, fogueiras de San Xoán, etc.), os equipos deportivos cunha forte relación cos barrios, ou as áreas de actividade 24h da cidade; e outras, non están feitas, e a súa elaboración implicaría moitas dificultades pola falla de datos e a necesidade de traballo de campo e análises máis complexas, como o mapa da precariedade (habitacional, enerxética, laboral, social, etc.), o mapa da especulación inmobiliaria, o mapa do índice de concentración da propiedade, e moitos outros nos que normalmente existe unha relación directa entre a súa importancia social e a dificultade para elaboralos.

Por último, só cabe volver explicitar que cada unha das cartografías recompiladas neste capítulo expresa ámbitos de diferenza dentro do termo municipal cos que a nova organización en distritos comezará a interactuar, unhas veces para asumir parte dalgunha desas divisións, e outras para implicar modificacións nelas, de xeito que os distritos poidan corresponderse co maior número posible de organizacións urbanas, funcionais ou identitarias xa existentes na cidade.

6.-
ESTUDO DOS BARRIOS DA CORUÑA COMO BASE PARA A ORGANIZACIÓN MUNICIPAL EN DISTRITOS.



P-6.1.- Os barrios da Coruña no século XIX

6.1.- Introdución.

Como se mencionou á hora de explicar a metodoloxía e os materiais producidos no proceso participativo, unha das decisións fundamentais tomadas ao longo desta primeira fase do estudo é que como primeiro paso para organizar a cidade en distritos é preciso analizar profundamente a composición do termo municipal en entidades de poboación asimilables ao concepto barrio.

O barrio é unha entidade física e de significado que na actualidade non ten ningunha funcionalidade oficial, polo que se trata dunha realidade urbana non estudada en profundidade nin, por suposto, delimitada. Neste senso, cómpre sinalar que hai case 200 anos, o barrio si era unha unidade poboacional con certas funcionalidades, cando menos estatísticas, xa que a mediados do século XIX a cidade estaba organizada en 13 barrios, compostos á súa vez por 194 mazás, 121 rúas, 2.886 casas e 20 lugares.

Barrios	Nº de mazás (1839)	Nº de rúas (1839)	Nº de casas (1839)	Nº de lugares (1839)	Poboación (Padrón da Coruña de 1882)
Nº 1	23	11	188	-	1.561
Nº 2	20	12	174	-	1.729
Nº 3	16	14	272	-	2.341
Nº 4	9	11	319	-	2.710
Nº 5	15	10	266	-	3.129
Nº 6	21	13	309	-	2.518
Nº 7	18	12	338	-	2.602
Nº 8	13	13	176	-	1.901
Nº 9	9	6	145	-	1.496
Nº 10	21	4	105	-	2.519
Nº 11	29	6	270	-	2.683
Nº 12	-	11	324	-	3.537
Nº 13	-	-	-	20	2.766
TOTAL	194	121	2.886	20	31.492

Fig.6.1.- Os barrios da Coruña no século XIX.
Fonte (a): Vedia y Goossens, Enrique de. Historia y descripción de la ciudad de La Coruña. A Coruña, 1845.
Fonte (b): Romero Masiá, Ana. As cigarreiras que coñeceu dona Emilia. La Tribuna, Nº 5, Real Academia Galega / Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, A Coruña, 2007.

Segundo o dicionario da Real Academia Galega, un barrio é unha *"área administrativa ou parte dunha cidade, vila ou localidade que presenta unhas características de tipo funcional, social etc., que a distinguen do seu contorno"*. Segundo o dicionario da Real Academia Española, un barrio é *"cada una de las partes en que se dividen los pueblos y ciudades o sus distritos"*.

Á parte de destacar unha certa falla de concreción nas definicións oficiais do termo, é moi interesante a súa orixe etimolóxica. Barrio, en árabe hispánico *(bárri),* significaba "exterior", unha definición que hoxe en día só recolle a segunda das acepcións da RAE *(arrabal -barrio fuera del recinto de una población-)*, e na súa orixe, no árabe clásico *(barrī),* significaba "salvaxe". Barrio era, polo tanto, un concepto que explicitaba dalgún xeito unha confrontación co centro urbano: o centro como interior,

como nodo da globalidade, do control e da orde, fronte aos barrios como exterior asilvestrado, como comunidades á marxe das lóxicas hexemónicas.

Neste estudo, entenderase o concepto barrio dunha forma aberta que dea conta das súas distintas materializacións (escalas, formas e orixes) a partir dunha condición sempre presente: a de ser entidades recoñecibles colectivamente, é dicir, ámbitos cuns límites máis ou menos precisos, e cunha situación e identidade que é coñecida por unha boa parte da veciñanza do Concello. Así, o barrio sería a primeira unidade de convivencia que temos fóra do doméstico, o que quere dicir que aínda que non é a primeira unidade de veciñanza (que sería o descanso, a escaleira, o patio ou a rúa), si é a primeira onde a identidade, o noso sentido de pertenza, acada a escala de cidade, xa que ao falar sobre o noso barrio, calquera veciño/a do Concello poderá localizar facilmente a nosa residencia e comprender a súa identidade vinculada.

É certo que barrio é un concepto que dificilmente pode recoller a gran diversidade de situacións urbanas e territoriais capaces, especialmente no caso galego, de xerar o recoñecemento e a identidade que se lle presupón ao barrio. Núcleos de orixe preindustrial transformados de moi diversos xeitos, ámbitos periféricos e "transxénicos" (ver Anexo 5) de todo tipo, urbanizacións residenciais de baixa densidade, grandes parques empresariais en proceso de terciarización, grupos de vivendas *franquistas*, montes atravesados por infraestruturas metropolitanas, canteiras e repoboacións forestais: son moitas as pezas urbanas que ata o de agora non foron interpretadas como barrios, ben pola súa monofuncionalidade inicial, que non permitía identificar a complexidade e vitalidade urbana identificada cos barrios, ou ben pola súa desconexión dos fluxos centrípetos do territorio metropolitano e dos relatos simbólicos dominantes nos medios masivos.

Este estudo dos barrios da Coruña é unha aposta pola máxima precisión no recoñecemento das múltiples formas en como se declina o concepto de barrio na cidade contemporánea, dando lexitimidade a cada un dos fragmentos do municipio que, por riba da escala rúa ou praza, mereceron nalgún momento ter un nome co que a veciñanza puidera identificarse e que a colectividade e as institucións puideran recoñecer. Con todo, é preciso sinalar que se trata dun estudo en proceso, e que as súas primeiras conclusións amosadas neste documento non pechan a definición do concepto de barrio: sempre que se utilice o termo entenderase como unha simplificación de "ámbitos de identidade e recoñecemento colectivo".



P-6.2.A.- Por que é necesario un estudo en profundidade dos barrios? (I)

P-6.2.B.- Por que é necesario un estudo en profundidade dos barrios? (II)

6.2.- Obxectivos e metodoloxía.

O obxectivo deste estudo é polo tanto a identificación e delimitación provisional (á espera dun traballo máis específico) dos barrios da cidade. No contexto dun informe sobre a organización do municipio en distritos, volvemos así o foco cara ao barrio, unha escala urbana cuxo estudo en profundidade é moi necesario para:

- Desde unha perspectiva xeral,

    - Recoñecer a gran diversidade de tipos de barrios e formas de vida que conviven na Coruña, xa que non hai listaxes nin estudos oficiais ao respecto. É preciso apostar por unha narración do municipio que lexitime e inclúa a todas as diferenzas que o compoñen.

    - Ter sempre en conta a complexidade e os matices de todo o territorio municipal e non só das áreas centrais máis consolidadas como é costume, atendendo especialmente ás singularidades do territorio galego, é dicir, entendendo que as formas urbanas nítidas e recoñecidas pola academia urbanística non son as únicas que conforman hoxe en día as nosas áreas urbanas.

- Desde a perspectiva máis centrada no específico da organización da cidade en distritos,

    - Elaborar unha "grella" sobre a que trazar os límites dos distritos de tal xeito que non se rompa ningunha realidade urbana cohesionada. Coñecer os límites dos barrios, as áreas onde se superpoñen identidades ou os graos de relación entre os barrios é xa unha forma de seleccionar e priorizar as posibles liñas límite dos futuros distritos.

    - Identificar a todos os interlocutores necesarios para que os distritos representen a toda a veciñanza. Se unha entidade urbana ten recoñecemento, a súa voz deberá estar incluída en calquera das formas nas que se organice o goberno dos distritos, fomentando polo tanto que un certo tipo de minorías (que en moitos casos representarán a minorías sociais e non só "urbanas") non tendan inexorablemente á invisibilización e á desaparición.

    - Poder entender o territorio e imaxinar formas intencionadas de compoñer os distritos segundo parámetros de carácter social. A aproximación á escala dos barrios permitirá representar o municipio con máis matices que os parámetros técnicos convencionais (poboación, superficie, estándares urbanísticos, etc.), de xeito que a composición dos distritos será un traballo no que a imaxinación política poderá ter un lugar.

Como apuntamento aos obxectivos enumerados anteriomente, é preciso sinalar que no Artigo 1 do *Real Decreto 1690/1986, de 11 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales*, establécese que *"es competencia del Ayuntamiento la división del término municipal en distritos y en barrios y las variaciones de los mismos".* Van xa 30 anos desde que a lei suxire a posibilidade de pensar os barrios como unha realidade urbana relevante, e moitos dos municipios que xa desenvolveron as súas divisións en distritos (como Barcelona, Bilbo, Madrid, Murcia ou Palma), aproveitaron a ocasión para facer simultaneamente a listaxe e delimitación dos barrios incluídos en cada un dos distritos.



P-6.3.A.- Os barrios segundo o proceso participativo (P.1)

Por outra banda, a metodoloxía empregada para facer a listaxe e a delimitación dos barrios da cidade baseouse no traballo con diferentes fontes de información (mapas e listaxes de barrios, tanto formais como informais, enumerados no Anexo 3) e nos seguintes pasos:

A.- Identificación do maior número posible de topónimos referidos a entidades de poboación do municipio.

B.- Análise dos territorios baleiros de topónimos referidos a entidades de poboación, pero cunha rica microtoponimia de lugares, montes, agras, etc.

C.- Proposta de delimitación provisional dos barrios da Coruña.

D.- Clasificación dos barrios delimitados segundo as súas características urbanísticas, un conxunto de parámetros como a tipoloxía edificatoria, a funcionalidade ou o proceso de urbanización.

6.3.- Identificación provisional dos barrios da Coruña.

A primeira lista de barrios da cidade partiu da análise dos materiais producidos no proceso participativo e continuou coa consulta da documentación cartográfica e bibliográfica, as listaxes oficiais de entidades de poboación e varias plataformas online con listaxes propias.

Desde a análise dos resultados do proceso participativo, detectáronse 87 barrios segundo as respostas á pregunta 1 (Cal é o teu barrio?) e 121 segundo as das preguntas 3 (Cales son os barrios limítrofes cos que máis te relacionas?) e 7 (Con que barrios limítrofes pensas que se vincula o teu barrio para configurar un distrito?), polo que ao final do proceso, o mapa da Coruña estaría composto por 132 barrios.

Desde a análise da documentación cartográfica e bibliográfica, os topónimos detectados foron 200, sendo 70 os que aparecen en listaxes oficiais de entidades de poboación e 69 os mencionados nalgunha das plataformas online consultadas para medir o coñecemento popular ou o “impacto” dos barrios da Coruña.

Se algo destaca destes tres estudos é a enorme diferenza que representan, xa que mentres que desde a bibliografía e as cartografías consultadas xorde un plano máis ou menos homoxéneo na distribución dos topónimos polo municipio, no mapa derivado das listaxes oficiais de entidades de poboación (Nomenclátor de Galicia, Nomenclátor do INE e Toponimia de Galicia), a distribución dos topónimos limítase aos ámbitos menos consolidados urbanisticamente do municipio, obedecendo isto a unha lóxica, irracional pero moi asumida pola academia, na que os topónimos desaparecen das listaxes a medida que os núcleos e lugares van transformándose en barrios (sobrevivindo nalgunhas ocasións en forma de nomes de rúas ou ámbitos dos barrios). Se comparamos este mapa co derivado do estudo das listaxes de barrios de plataformas online como *wikipedia*, *milanuncios* ou os portais inmobiliarios, obsérvase como a lóxica é exactamente a contraria, limitándose a aparición de topónimos ás áreas máis centrais e recoñecidas popularmente.



P-6.3.B.- Os barrios segundo o proceso participativo (P.3 e P.7)

P-6.3.C.- Os barrios segundo o proceso participativo (Total)

O resultado destes dous estudos é un conxunto de 216 topónimos, unha primeira listaxe e situación de 216 entidades (210 no municipio da Coruña e 6 situadas nos municipios limítrofes) susceptibles de seren consideradas barrios, entendendo que o concepto de barrio non será pechado, senón que poderán definirse varias categorías e tipoloxías de barrios que compartirán certas calidades e diferirán noutras.

Este primeiro mapa dos barrios da Coruña non está completo dabondo, xa que seguen quedando importantes ámbitos do termo municipal “baleiros” de topónimos. Se queremos superar as lóxicas nas que a densidade edificatoria é o parámetro fundamental para decidir o que é urbano, e polo tanto pode estar composto por barrios, e o que non, temos que describir o que pasa en calquera tipo de ámbito urbano e territorial do municipio. É necesario polo tanto definir qué sucede nos grandes “baleiros” de entidades de poboación que reflicte o mapa.

Antes de pasar a este punto, unha última cuestión que é preciso remarcar sobre a metodoloxía utilizada para elaborar esta listaxe, é que a utilización da toponimia como base fundamental do estudo non se formula en ningún caso como mecanismo de estabilización ou coñecemento arqueolóxico de tempos pasados considerados máis pertinentes que o presente. Aínda que son moitos os seus valores e utilidades, para este traballo a toponimia é simplemente a ferramenta máis adecuada para identificar diferenzas no territorio con importancia social, lugares habitados de múltiples formas, pero que nalgún momento mereceron un nome. Unhas denominacións que ademais de representar unha memoria e ser un mecanismo de identificación, se aparecen nesta listaxe é porque están inscritas no presente como realidade urbana, sexa cal sexa o seu estado actual.

Un dos casos máis singulares atopados neste traballo, e que pode axudar a entender as potencias da toponimia, é o da Pasaxe, un topónimo que ata xa entrado o século XX (nas versións do MTN50 aparece ata 1984) identificaba o que hoxe se coñece como As Xubias de Abaixo. A historia desta transformación é moi directa: cando en 1902 se constrúe a Ponte da Pasaxe, muda a situación do punto principal de cruzamento da ría, que ata ese momento era a barca que comunicaba A Pasaxe coa punta de Santa Cristina (o único paso ata a Ponte do Burgo). Esta nova situación fixo que o topónimo se trasladase cara a este punto, e A Pasaxe comezou a ser coñecida como As Xubias de Abaixo (un topónimo de orixe posterior, xa que As Xubias -hoxe As Xubias de Arriba- aparece nas cartografías xa no século XX). Esta identificación dun topónimo cunha realidade física e social, e á marxe da localización ou a forma urbana orixinal, representa moitas das calidades da toponimia, como se pode ver, non vinculadas unicamente á estabilidade.



P-6.3.D.- Os barrios segundo a documentación cartográfica e bibliográfica



P-6.3.E.- Os barrios segundo as listaxes oficiais de entidades de poboación



P-6.3.F.- Os barrios segundo as listaxes de medios online



P-6.3.G.- Os barrios segundo os estudos e o proceso participativo

P-6.4.A.- As grandes áreas non urbanizadas segundo o estudo cartográfico

P-6.4.B.- As grandes áreas non urbanizadas segundo o catastro

6.4.- Identificación dos lugares que compoñen os baleiros de toponimia.

Como se pode obsevar no último dos mapas do apartado anterior, existen importantes ámbitos do municipio sen presenza de topónimos. Nun primeiro achegamento, a maioría destes “baleiros” de entidades de poboación correspóndense cos 40 topónimos de montes e outras pezas territoriais identificadas na documentación cartográfica consultada, non obstante, á hora de delimitar, aínda que sexa dunha forma esquemática, os límites de cada un, atopáronse moitos problemas de falla de información. Esta situación obrigou a baixar de escala e consultar directamente o catastro, polo que a delimitación definitiva destes ámbitos correspóndese máis ben coa microtoponimia do territorio que chegou ata a actualidade nos rexistros catastrais, e non tanto cos topónimos de montes que aparecen nas cartografías históricas. É preciso sinalar que este estudo está tamén limitado polo formato de denominación dos enderezos das parcelas utilizado no catastro, xa que só aparecen referidas a topónimos de lugares e territorios aquelas que non lindan directamennte cunha vía, que pasan a ter ese novo enderezo e non conservan o nome do lugar a maiores. Ao final do estudo, estas áreas “baleiras” de entidades de poboación quedaron divididas en 80 lugares ou territorios.

Esta maior definición das pezas que compoñen os espazos baleiros do municipio (baleiros, por suposto, non desde a súa urbanidade, senón unicamente desde a perspectiva dos topónimos de entidades de poboación) supuxo ademais a posibilidade de clasificar dunha forma máis precisa as diferentes materializacións desta tipoloxía territorial. Estase a falar de pezas urbanas dunha enorme trascendencia para a cidade contemporánea, e só unha aposta polo seu recoñecemento pode facer que deixen de ser interpretadas como ámbitos á espera de ser urbanizados. Tanto desde o punto de vista do seu recoñecemento como partes indivisibles de formas urbanas complexas pola súa orixe preindustrial, como desde unha certa condición de “común” metropolitano, estes ámbitos merecen o mesmo tratamento que calquera outro barrio da cidade, é dicir, sexa cal sexa a súa condición, deben ser incluídos no relato político da área metropolitana.

P-6.4.C.- Os topónimos engadidos para homoxeneizar o criterio de selección



P-6.4.D.- Os posibles barrios da Coruña desde o estudo da toponimia

A maiores destes topónimos referidos a territorios, introducíronse 15 novos topónimos referidos a entidades de poboación que non proveñen das fontes de información consultadas, senón dunha busca máis específica. A razón é que se intentou homoxeneizar a representación das cousas urbanas similares, polo que se introduciron os nomes dos grupos de vivendas -Campsa, Juan Canalejo, Nuestra Señora de los Dolores, Pardo de Santayana (Corea), Sagrada Familia-, das urbanizacións -Club de Golf, A Regueira 2, El Mirador, Pazogrande, Villa Adelaida e Villa Lucas-, dos poboados informais -A Pasaxe e As Rañas-, e doutros puntos como Galán e as Torres de San Diego, que non foron mencionados nas cartografías consultadas, pero que teñen as mesmas características ca outros moitos puntos que si aparecen.

Ao final do proceso, no mapa resultante foron identificados 311 topónimos (pódese consultar a listaxe no Anexo 4): 231 referidos a entidades de poboación ou urbanidade (225 no municipio da Coruña e 6 nos municipios veciños) e 80 referidos a lugares ou territorios nos que o edificado ou urbanizado non é a condición principal que marca a súa identidade.



P-6.5.A.- Delimitación das entidades físicas e de significado asimilables a barrios



P-6.5.B.- Comparativa coas delimitacións do proceso participativo

6.5.- Delimitación provisional dos barrios da Coruña.

Unha vez proposta unha primeira lista de entidades segundo a análise toponímica, procedeuse a delimitalas desde o convencemento da necesidade de recoñecer, da forma máis rigorosa posible, a enorme diversidade existente no municipio, tendendo polo tanto a incluír non só os barrios máis recoñecidos pola veciñanza e os medios de comunicación, senón toda a riqueza de lugares e identidades que conviven na Coruña.

A proposta de delimitación provisional de todas as entidades de poboación e significado atopadas partiu do plano "Localización de barrios da cidade" (Concello da Coruña, 2015), que dividía o municipio en 112 barrios, e a partir de aí, fóronse intentando delimitar cada un dos 225 topónimos de entidades de poboación ou urbanidade e cada un dos 80 topónimos de lugares ou territorios identificados na Coruña. O número total de entidades delimitadas foi de 297, sendo 217 as entidades de poboación ou urbanidade que dalgún xeito poderían entenderse como barrios, e 80 os lugares ou territorios tamén recoñecibles desde o parámetro da identidade. A maiores, no mapa quedan reflectidos 8 topónimos "dubidosos", ben porque pola falla de tempo ou información non se puido asegurar a súa situación, ou ben porque poden ter un papel no futuro ao non seren substituídos por outros nomes.

É importante subliñar que as delimitacións formuladas non son totais ou exclusivas, senón que se poden superpoñer, de forma que existen áreas que pertencen a máis dunha entidade considerada barrio, ben en forma de sub-áreas dentro de barrios (como San Agustín na Peixaría), ben como barrios que se superpoñen en determinadas áreas (como Catro Camiños e A Gaiteira), ou ben como barrios de rango "territorial" que engloban á súa vez a outros barrios recoñecibles (como Eirís ou Elviña). Como se pode observar na comparativa entre esta proposta e as delimitacións dos barrios realizadas no proceso participativo, a maioría dos barrios expanden as súas áreas de influencia moito máis aló do ámbito que tecnicamente lles correspondería. Na maioría dos casos, a realidade dos barrios parece ser, máis que un ámbito perfectamente delimitable, unha identidade focal que se vai diluindo e mesturándose con outras.

6.6.- Clasificación provisional dos barrios da Coruña.

Unha vez delimitadas as entidades de poboación ou significado, ou máis ben, simultaneamente a este traballo, xurdiu a necesidade de comezar a definir as diferentes formas nas que se materializa o concepto de barrio, xa que a súa delimitación estará condicionada por algunha das súas características. Ideouse así unha clasificación que acollera a multiplicidade de formalizacións do concepto barrio, chegando a un nivel de detalle que non presupón unha maior riqueza urbana das áreas consolidadas centrais, senon que inclúe nun mesmo plano de lexitimidade a todas as particularidades presentes no municipio.

A clasificación formulada baséase principalmente en parámetros relativos aos tipos de tecidos urbanos, xa que este é o dato fundamental para entender os procesos de formación e as condicións habitacionais e socioeconómicas dos barrios. Non obstante, é preciso explicitar que as delimitacións realizadas correspóndense cos ámbitos de identidade (os barrios), é dicir, a importantísima cuestión do tipo de tecido urbano queda relegada nesta análise a un lugar secundario á hora de condicionar as delimitacións dos barrios, pero ten un papel fundamental á hora de clasificalos para entender as súas diferenzas. Un exemplo claro das consecuencias desta metodoloxía pode ser o caso dos ensanches, xa que se ben o primeiro (Ensanche) está categorizado como “barrio común ordenado”, o segundo (Ensanche de Riazor) estao como “área parte doutro barrio”, xa que o topónimo de Riazor inclúeo na mesma delimitación que ás outras áreas do que é un único barrio.

Así pois, nunha primeira clasificación segundo algunha das condicións urbanísticas máis salientables dos topónimos identificados, recoñecemos os seguintes tipos de entidades asimilables ao concepto de barrio:

A.- Barrios “comúns”
- A.1.- Barrios “peza”
  - A.1.1.- Barrios “orgánicos”
  - A.1.2.- Barrios “ordenados”
  - A.1.3.- Barrios “en execución”
- A.2.- Barrios “progresivos” ou “incrementais”
  - A.2.1.- Barrios de edificación entre medianeiras
  - A.2.2.- Barrios de vivendas unifamiliares
  - A.2.3.- Barrios “informais”
- A.3.- Barrios “mixtos”
  - A.3.1.- Barrios “asimétricos” ou “de enclave”
  - A.3.2.- Barrios “simétricos” ou “multiparte”

B.- Barrios “funcionais”
- B.1.- Barrios “post-funcionais”
- B.2.- Grandes áreas monofuncionais
- B.3.- Sectores do porto.



P-6.6.A.- Os tipos de barrios (Os barrios “comúns”)

C.- Barrios “núcleo”
- C.1.- Núcleos minimamente modificados
- C.2.- Núcleos “calcificados”
- C.3.- Núcleos “acompañados”
- C.4.- Núcleos “expandidos”
- C.5.- Núcleos modificados e con crecementos contiguos
- C.6.- Núcleos “dependentes”
- C.7.- Núcleos “acosados”

D.- Barrios “territorio”
- D.1.- Conxuntos de varias pezas recoñecibles
- D.2.- Conxuntos de pezas e espazos intersticiais

E.- Áreas recoñecibles (“sub-barrios”)
- E.1.- Áreas independentes
- E.2.- Áreas que forman parte doutro barrio

F.- Ámbitos non urbanizados
- F.1.- Montes
  - F.1.1.- Monte baixo
  - F.1.2.- Monte alto
  - F.1.3.- Monte mixto
  - F.1.4.- Monte e cultivos
  - F.1.5.- Monte e vivendas
  - F.1.6.- Monte e instalacións
- F.2.- Praias periféricas
- F.3.- Territorios mixtos
  - F.3.1.- Áreas nas que domina o monte
  - F.3.2.- Áreas nas que domina o cultivo
- F.4.- Lugares ocupados por instalacións

G.- Barrios “veciños”

H.- Barrios “extra”

A continuación, defínense brevemente as categorías establecidas e enuméranse os barrios que se atopan en cada unha delas:

A.- **Barrios “comúns”**. Ámbitos urbanos amplamente recoñecidos como barrios pola maioría da veciñanza, o que quedou reflectido tanto na documentación previa como no proceso participativo. Unha das súas características é que están conformados maioritariamente por tecido residencial e, salvo os barrios de vivendas unifamiliares e os informais, dispoñen de actividade terciaria en calquera das súas formas. A maioría do territorio municipal considerado urbanizado está composto por este tipo de barrios, aínda que tamén existen pezas dispersas en áreas máis periféricas. Dentro desta categoría, pódense distinguir tres subtipos:

A.1.- **Barrios “peza”**. Ámbitos urbanos que teñen uns límites ben definidos e unha composición interna homoxénea ou coherente cuns principios comúns. Dentro deste tipo, pódense definir á súa vez tres subtipos:

A.1.1.- **Barrios “orgánicos”**. Ámbitos urbanos de orixe medieval desenvolvidos ao longo de amplos períodos de tempo, pero que, tanto nas épocas marcadas pola presenza de murallas, como na actualidade, pola diferenza que representan con respecto aos ámbitos contiguos, teñen uns límites ben definidos. Dentro desta tipoloxía atópanse: Cidade Vella e Peixaría.

A.1.2.- **Barrios “ordenados”**. Ámbitos urbanos planificados e desenvolvidos mediante instrumentos urbanísticos, polo que a súa formalización é coherente cun proxecto global como pezas independentes. Pódese tratar tanto de pezas de ensanche urbano construídas a partir de finais do século XIX, como de polígonos residenciais da segunda metade do XX e principios do XXI. A súa situación sempre é inicialmente a de bordo urbano, aínda que co paso do tempo acaban sendo integradas na trama. Dentro desta tipoloxía atópanse: Barrio das Flores, Cidade Xardín, Durmideiras, Ensanche, Matogrande, Novo Mesoiro, O Ventorrillo, Os Rosais, Polígono de Elviña 1ª Fase, Polígono de Elviña 2ª Fase, Polígono de Someso, Vioño e Zalaeta.

A.1.3.- **Barrios “en execución”**. Ámbitos urbanos xa recoñecibles como entidade, aínda que polo de agora só existan as súas trazas de urbanización e non estean habitados. A razón para non clasificar estes ámbitos como parte das categorías cara as que se supón que foron planificados é precisamente a de non participar na construción dese futuro aínda non escrito. Este tipo de ámbitos poden mudar radicalmente durante os longos procesos que soen supoñer a súa consolidación, polo que se considera pertinente ter isto en conta e consideralos unha categoría propia sobre a que se pode reflexionar. Dentro desta tipoloxía atópanse: Parque Empresarial de Vío e Parque Ofimático.

A.2.- **Barrios “progresivos” ou “incrementais”**. Ámbitos urbanos cuxo desenvolvemento se prolonga durante moitos anos, chegando a darse casos, como os barrios informais, nos que o proceso de consolidación é continuo. Trátase de barrios compostos por pezas edificadas en tempos moi diferentes, o que, segundo cumpran ou non determinadas normas comúns (tipoloxía edificatoria, alineacións, edificabilidade, etc.), determinará o grao de homoxeneidade interna do ámbito na actualidade. Dentro deste tipo, pódense definir á súa vez tres subtipos:

A.2.1.- **Barrios de edificación entre medianeiras**. Ámbitos urbanos baseados no tecido de rúas corredor, nos que a edificación se dispón simplemente consolidando un parcelario máis ou menos modificado e respectando unhas determinadas alineacións. Trátase dos barrios cunha maior densidade residencial, xa que en moitos casos, as alturas da edificación foron aumentando co paso do tempo debido ao dominio das lóxicas urbanísticas da especulación inmobiliaria. Dentro desta tipoloxía atópanse: A Cubela, A Falperra (Gurugú), Agra de San Amaro, Agra do Orzán, As Atochas, As Lagoas, Castrillón, Catro Camiños, Juan Flórez, Labañou, Monelos, Monserrat, Monte Alto, Orillamar, Orzán, Os Castros, Os Mallos, Peruleiro, Sagrada Familia e Santa Lucía.

A.2.2.- **Barrios de vivendas unifamiliares**. Ámbitos urbanos nos que a única tipoloxía edificatoria é a vivenda unifamiliar, sempre construída a partir dos anos 60 do século XX, sobre parcelario de orixe preindustrial máis ou menos modificado

(pero sen ter en ningún caso como orixe un núcleo rural). Este tipo de proceso de desenvolvemento produce territorios dispersos que se van colmatando co tempo, pero sen espazo para o público, nin para o comunitario, nin para unha gran complexidade de actividades urbanas. Dentro desta tipoloxía atópanse: Agra do Foxo, As Rañas, A Zapateira, Monte Mero e Penamoa. Estes son os casos nos que esta categoría é a que prevalece porque teñen unha identidade propia moi marcada, aínda que existen outros casos que foron clasificados como áreas recoñecibles formando parte doutros barrios que comparten esta mesma tipoloxía desde o punto de vista formal: As Regas en Cances, As Revoltas e O Escorial en A Zapateira, Fontaíña en Palavea, Pradeira en Comeanda e Ramallos en Mesoiro.

A.2.3.- **Barrios "informais"**. Ámbitos urbanos cuxo desenvolvemento non foi planificado na súa totalidade e onde se concentran os casos máis graves de precariedade habitacional no municipio. Trátase de lugares complexos e derivados de procesos de desenvolvemento moi heteroxéneos: desde os que mesturan a autoconstrución con pezas de orixe municipal derivadas das políticas de expulsión de comunidades cara ás periferias, ata os procesos de ocupación de territorios abandonados ou a autoconstrución sobre parcelas en propiedade. A súa situación sempre é periférica e afastada do contacto cos fluxos públicos peonís da cidade. Desde unha perspectiva crítica coas limitacións da técnica urbanística e as lóxicas sociopolíticas que implica a representación cartográfica, é moi significativo que dous dos tres casos identificados non foran nunca representados nin mencionados en ningunha das fontes de información consultadas, a pesar de existir moito antes e ter máis poboación residente que outras realidades urbanas si representadas. Dentro desta tipoloxía atópanse: O Campanario, Poboado da Pasaxe e Poboado das Rañas.

A.3.- **Barrios "mixtos"**. Ámbitos urbanos compostos por diferentes pezas: grandes equipamentos ou espazos libres, instalacións produtivas, infraestruturas de todo tipo, distintos tecidos residenciais, etc. O único elemento que nunca forma parte deste tipo de barrios é o núcleo de orixe preindustrial, polo que non se trata dos territorios "transxénicos" comúns en Galicia, senón de pezas relativamente centrais da cidade. Dentro deste tipo, pódense definir á súa vez dous subtipos:

A.3.1.- **Barrios "asimétricos" ou "de enclave"**. Ámbitos urbanos mixtos nos que domina simbólica e superficialmente unha das pezas, polo que a identidade do lugar e o tecido residencial gravitan ao redor de grandes equipamentos, espazos libres ou infraestruturas. Dentro desta tipoloxía atópanse: A Torre, Cidade Escolar, Estación, Estación de Autobuses, Parque de Eirís, Paseo das Pontes, Santa Margarida e Santa María de Oza.

A.3.2.- **Barrios "simétricos" ou "multiparte"**. Ámbitos urbanos mixtos nos que non hai un dominio definido de ningunha das pezas que o compoñen, polo que o tecido residencial é unha peza máis dentro dun conxunto heteroxéneo. Dentro desta tipoloxía atópanse: A Pasaxe, A Sardiñeira, Lonzas, Meicende, Monte das Moas, O Petón, Oza, Pelamios, Riazor, San Diego e San Roque de Fóra.



P-6.6.B.- Os tipos de barrios (Os barrios “funcionais”)

B.- **Barrios "funcionais"**. Ámbitos urbanos de diferentes tipoloxías específicas que, sen chegar a constituír barrios propiamente ditos pola súa monofuncionalidade e falla de complexidade inicial, pódense comportar como tal en termos de vida urbana ou de identidade e recoñecemento colectivo. A necesidade de grandes superficies de solo para desenvolver este tipo de pezas fai que a súa situación tenda sempre á periferia, unha cuestión que, ao dificultar (ou directamente impedir) a súa relación peonil cos centros urbanos, fai emerxer relacións de certa intensidade cos seus barrios veciños. Dentro desta categoría, pódense distinguir tres subtipos:

B.1.- **Barrios "post-funcionais"**. Ámbitos urbanos monofuncionais en orixe, pero que xa son recoñecidos como barrios, ben porque foron moi transformados co paso do tempo, ben por seren atravesados por vida urbana aínda que non dispoñan de espazos residenciais, ben porque a vida pública vaise infiltrando lentamente no seu desenvolvemento. Dentro deste tipo, pódense definir á súa vez catro subtipos principais: os parques empresariais (Agrela e Pocomaco), as áreas de actividade (Complexo Hospitalario, Penarredonda e Ponte da Pedra), os campus universitarios (A Zapateira e Elviña), e as urbanizacións residenciais non integradas (Breogán, Club de Golf, Obradoiro, O Carón e Valaire).

Como curiosidade, nesta categoría hai dous casos salientables no que se refire á toponimia: Ponte da Pedra e Penarredonda, xa que actualmente son áreas de actividade sen función residencial e sen practicamente ningunha das trazas orixinais, pero que conservaron o topónimo das entidades de poboación históricas porque non foron substituídos por outros.

B.2.- **Grandes áreas monofuncionais**. Ámbitos urbanos que manteñen unha completa monofuncionalidade (normalmente produtiva) e teñen unha presenza e tamaño que impide consideralos como unha parte indiferenciada dos barrios que os rodean. Dentro desta tipoloxía atópanse: Área Industrial de Bens - San Xosé e Fábrica de Armas.

B.3.- **Sectores do porto**. Ámbitos urbanos que en conxunto constitúen o Porto da Coruña, pero que son perfectamente identificables segundo a súa situación e funcionalidade específica. Trátase dun conxunto moi relevante para a historia e o futuro da cidade: por unha banda, desde a perspectiva da súa integración na vida urbana, xa que nas últimas décadas a complexidade propia dun territorio tan extenso e activo derivou cara a unha maior monofuncionalidade, debido ao aumento das políticas de control nas grandes infraestruturas estatais e ao seu completo illamento con respecto á cidade; por outra banda, desde a perspectiva do seu futuro, xa que nos atopamos nun momento histórico chave no que se debate qué facer cuns terreos públicos que tras a posta en funcionamento do Porto Exterior están suxeitos a toda clase de ambicións de reconversión inmobiliaria. As posibilidades de futuro de cada unha destas pezas son múltiples e diverxentes, polo que comezar a pensalas como ámbitos de urbanidade de similar condición que os barrios é un primeiro paso para poder imaxinar o que queremos que representen para a cidade. Dentro desta tipoloxía atópanse: Dique de Abrigo Barrié de la Maza, Peirao das Ánimas, Dársena da Mariña, Peirao de Transatlánticos, Peirao de Batería, Peirao de Calvo Sotelo, Peirao de Linares Rivas - Santa Lucía, Peirao da Palloza, Peirao do Leste, Peirao do Centenario, Peirao de San Diego, Peirao Petroleiro e Dársena de Oza.



P-6.6.C.- Os tipos de barrios (Os barrios “núcleo”)

C.- **Barrios “núcleo”**. Ámbitos urbanos cuxo centro é un núcleo de orixe preindustrial e que manteñen a súa identidade porque conservan a forma das súas trazas de camiños ou unha boa parte dos seus elementos patrimoniais. A maioría destes barrios non se circunscriben unicamente ao parcelario edificado, senón que inclúen territorios máis amplos, antigamente vinculados (e hoxe parcialmente) aos usos agrarios.

É importante subliñar que nesta análise, esta é unha categoría dominante, no sentido de que prevalece sobre as demais á hora de clasificar os barrios, é dicir, sempre que exista a máis mínima presenza dun núcleo de orixe preindustrial, o barrio pertencerá a esta categoría, sexa cal sexa a súa situación actual ou grao de abandono. Esta complicada decisión tomouse como compromiso cara ás posibilidades da diferenza na cidade galega contemporánea, que ten características propias como a multiplicidade de formas urbanas derivadas da dispersión poboacional histórica, que non poden seguir sendo consideradas como “tapóns urbanísticos”, senón como elementos multiplicadores das posibilidades de construír unha realidade complexa e radicalmente urbana. Dentro desta categoría, pódense distinguir sete subtipos:

C.1.- **Núcleos minimamente modificados**. Núcleos que conservan as súas trazas viarias, a estrutura parcelaria e parte dos seus elementos patrimoniais, acollendo modificacións e crecementos mínimos que non repercuten na lexibilidade da súa orixe e forma urbana. Dentro desta tipoloxía atópanse: A Cova, A Gramela, A Madosa, A Pedra da Barca, As Xubias de Abaixo, Bens, Eirís de Abaixo, Feáns, Mazaído, Nostián, O Bosque, San Cristovo das Viñas e San Vicenzo de Elviña.

C.2.- **Núcleos “calcificados”**. Núcleos que conservan practicamente intactas as súas trazas urbanas e división parcelaria, pero nos que unha boa parte das súas edificacións foron modificadas en altura ou tipoloxía. Dentro desta tipoloxía atópanse: As Pedreiras, As Xubias de Arriba, Caldemoreiras, Cances, Casanova de Eirís, Castro, Eirís de Arriba, Loureiro e San Pedro de Visma.

C.3.- **Núcleos “acompañados”**. Núcleos pouco modificados pero que acolleron crecementos no seu territorio en forma de pezas independentes, sen topónimo propio, e cunha tipoloxía edificatoria diferente, de tal xeito que o núcleo segue a ser perfectamente recoñecible. Dentro desta tipoloxía atópanse: A Silva, Comeanda, O Martinete e Someso.

C.4.- **Núcleos “expandidos”**. Núcleos que acolleron crecementos contiguos importantes, pero cunha tipoloxía edificatoria, a vivenda unifamiliar illada, de baixa densidade, volumetricamente semellante e baseada na estrutura viaria existente con pequenas modificacións no parcelario. Dentro desta tipoloxía atópanse: Castaño de Eirís, Curramontes e O Portiño.

C.5.- **Núcleos modificados e con crecementos contiguos**. Núcleos que conviven con crecementos urbanos desenvolvidos a partir da segunda metade do século XX e que están xa transformados internamente polas novas lóxicas urbanísticas, acollendo outras tipoloxías edificatorias e cambios radicais no parcelario orixinal. Dentro desta tipoloxía atópanse: A Cabana, A Canteira, A Costa, A Moura, Casablanca, Catro Ventos, Entrecasas, Fontenova, Marzán, Mesoiro, O Birloque, O Río, Orra, Palavea, Pedralonga, Pedro Fernández, Río de Quintas e Santa Xema.



P-6.6.D.- Os tipos de barrios (Os barrios “territorio”)



P-6.6.E.- Os tipos de barrios (As áreas recoñecibles ou “sub-barrios”)

C.6.- **Núcleos "dependentes"**. Entidades de poboación de tamaño mínimo, moi pouco modificadas, e que na actualidade parecen estar en proceso de absorción, xa que a maioría da poboación probablemente as considera como parte doutras entidades adxacentes máis recoñecidas (ningunha foi mencionada no proceso participativo, aínda que si teñen topónimo propio de orixe preindustrial). O recoñecemento destes lugares considérase necesario porque representan unha forma urbana consustancial ao territorio galego: o das parroquias e as pequenas aldeas en rede ou subordinadas a outras. Dentro desta tipoloxía atópanse: Agursín, As Bouzas, Cadaveiras, Caveiro, Lagar de Castro, O Coidal, O Curro, O Souto e Pardiñas.

C.7.- **Núcleos "acosados"**. Entidades de poboación de tamaño mínimo rodeadas completamente por outras formas de urbanización que ocuparon boa parte do seu territorio e mudaron a súa toponimia. A excepción de Vío (un núcleo rodeado completamente por un parque empresarial en execución, pero habitado con relativa normalidade), o resto dos núcleos incluídos nesta categoría están actualmente deshabitados e nun proceso de ruína moi avanzado, pero manteñen as trazas orixinais e certos elementos patrimoniais que as fan recoñecibles e moi valorables como realidade urbana. Dentro desta tipoloxía atópanse: A Gouxa, Agramonte, Leira do Campo, O Corgo, Pedroso, San Xosé e Vío.

D.- **Barrios "territorio"**. Áreas urbanas que comprenden varias entidades de poboación ou barrios recoñecibles, coa súa propia identidade, pero que posúen ademais unha identidade compartida nun territorio amplo e máis ou menos difuso. Son moi poucos os casos con estas características, provindo tanto de cuestións históricas como as divisións parroquiais, coma de procesos urbanos máis contemporáneos como a idea do "centro" ou da situación periférica de determinadas áreas do municipio. Dentro desta categoría, pódense distinguir dous subtipos:

D.1.- **Conxuntos de varias pezas recoñecibles**. Ámbitos de identidade compostos por barrios perfectamente recoñecibles, coa súa propia identidade, pero que comparten esa outra a maiores. Dentro desta tipoloxía atópanse: Centro, Elviña, Monte Alto e Porto da Coruña.

D.2.- **Conxuntos de pezas e espazos intersticiais**. Ámbitos de identidade compostos por barrios recoñecibles, pero tamén por espazos intersticiais ou áreas urbanizadas que non teñen outro topónimo propio a maiores do colectivo. Dentro desta tipoloxía atópanse: As Xubias, Bens, Eirís, Nostián e Visma.

E.- **Áreas recoñecibles ou "sub-barrios"**. Ámbitos urbanos perfectamente recoñecibles, pero que non chegan a compoñer un barrio propiamente dito, ben porque o seu reducido tamaño ou monofuncionalidade non produce toda a súa complexidade, ou ben porque forman parte dun barrio máis amplo co que forman unha unidade de significado colectivo. Dentro desta categoría, pódense distinguir dous subtipos:

E.1.- **Áreas independentes**. Ámbitos urbanos que, aínda que non son un barrio propiamente dito, non forman parte de ningún outro dos que os rodean. Dentro desta tipoloxía atópanse: A Maestranza, A Mariña, María Pita, O Parrote, San Pedro de Mezonzo e Xardíns do Recheo.

E.2.- **Áreas que forman parte doutro barrio**. Ámbitos urbanos que, aínda que son unha peza perfectamente identificable, non chegan a ter a complexidade inherente a un barrio



P-6.6.F.- Os tipos de barrios (Os ámbitos non urbanizados)

e forman parte claramente doutro maior. Un bo número destes casos son os grupos de vivendas de mediados do século XX e as urbanizacións residenciais integradas de finais do século XX. Dentro desta tipoloxía atópanse: Agra de San Cristovo, As Conchiñas, As Regas, As Revoltas, Campo de Artillería, Campo de Marte, Canteira de Cotos, Castro de Elviña, Cidade Deportiva, Complexo Comercial Marineda City, Costa do Castro, Ensanche de Riazor, Estación Depuradora de Augas Residuais de Bens, Fontaíña, Mariñeiros, O Escorial, O Polvorín, Os Cantóns, Parque de Bens, Parque do Monte de San Pedro, Planta de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos de Nostián, Porto de San Pedro, Pradeira, Ramallos, Refinería de Petróleo, San Agustín, San Pablo, Torres de San Diego, os grupos de vivendas da Sagrada Familia, Campsa, Francisco Franco (Katanga), Juan Canalejo, María Pita, Nuestra Señora de los Dolores, Nuestra Señora del Carmen, Pardo de Santayana (Corea), Santa Cristina e Santa Bárbara, e as urbanizacións El Mirador, Gatón - Comeanda, Nuestra Señora de Belén, Pazogrande, Sotto, Villa Adelaida, A Regueira e Oza.

F.- **Ámbitos non urbanizados**. Áreas nas que non hai presenza de ningún tipo de tecido residencial nin topónimos asociados a entidades de poboación, que coinciden cos accidentes topográficos máis salientables do municipio, e cuxa urbanización está só referida á vivenda unifamiliar illada e a determinadas instalacións produtivas ou dotacionais de escala metropolitana. Trátase polo tanto das áreas cuxa identidade non está referenciada principalmente ao edificado ou á urbanización, coincidindo todos os lugares identificados coas delimitacións urbanísticas de Solo Rústico ou Solo Urbanizable.

É necesario mencionar que unha boa parte dos territorios que poderían estar incluídos nesta categoría forman parte das delimitacións de núcleos, xa que se entendeu a forma urbana núcleo como unha máquina composta polo caserío e polas terras asociadas que orixinalmente conformaban un todo bio-produtivo.

A clasificación das 80 áreas que compoñen estes territorios está formulada a partir da presenza e distribución das 5 pezas ou condicións básicas que os conforman: o monte baixo, o monte alto, as zonas cultivadas, a vivenda unifamiliar illada e as instalacións produtivas ou dotacionais. Segundo conteñan ou non estas pezas, dentro desta categoría pódense distinguir varios subtipos:

F.1.- **Montes**. Territorios nos que o solo está ocupado principalmente por monte baixo, alto ou mixto, aínda que poden acoller pequenas áreas adicadas ao cultivo ou a vivendas unifamiliares e instalacións illadas que en ningún caso comprometen a súa identidade como monte. Dentro deste tipo, pódense definir á súa vez seis subtipos:

F.1.1.- **Monte baixo**. Áreas de monte nas que a maior parte do solo non está modificado pola actividade humana, manténdose ocupado por monte baixo, pequenas áreas forestais e zonas rochosas. Dentro desta tipoloxía atópanse: A Seixeira, Aguillón, As Pallas, Barreiro, Bojafeiro, Campos, Castrelos, Cañota, Cazolos, Conles, Cortigueiro, Cruces, Da Eira, Do Muiño, Fontán, Fontán, Huerta Don Federico, Monte Aberto, Monte dos Castelos, Pedramoa, Pedreira, Penenzas, Pomido, Regueiro, Revolta de Vázquez e Vidueiros.

F.1.2.- **Monte alto**. Áreas de monte nas que a maior parte do solo está ocupado por masas forestais. Dentro desta tipoloxía atópanse: Arca Aberta, As Torres, Bebedoiro, Cal de Ameixeiras, Cavanchona, Convento, Costa Liñares, Fraga, Lagarta, Corvos, Parcelos, Pedra de Asno, Quenlle, Revolta, Revolta do Campo e Sobre da Silva.

F.1.3.- **Monte mixto**. Áreas de monte nas que non hai un dominio claro entre monte baixo e alto. Dentro desta tipoloxía atópanse: Cal de Porcas, Castros, Coto, Fraga da Pedra Moa, Lagares, Mato Grande, Monte da Fieiteira, Monte dos Chans, Peñasquedo, Pereira, Pifanas, Rozas e Veneirón.

F.1.4.- **Monte e cultivos**. Áreas de monte (baixo, alto ou mixto) nas que unha parte do solo está adicada ao cultivo agrícola. Dentro desta tipoloxía atópanse: Da Coba, Petellas, Quenlles e Tras Vilar.

F.1.5.- **Monte e vivendas**. Áreas de monte (baixo, alto ou mixto) nas que unha parte do solo está ocupada por vivendas unifamiliares sen ningunha relación coas actividades agrarias. Dentro desta tipoloxía atópase unicamente Montes da Zapateira.

F.1.6.- **Monte e instalacións.** Áreas de monte (baixo, alto ou mixto) nas que unha parte do solo está ocupada por instalacións produtivas illadas. Dentro desta tipoloxía atópanse: Leira Grande, Monte de San Pedro, Monte Grande, Pichoutos e Rebordelo.

F.2.- **Praias periféricas**. Espazos costeiros conformados por areais de titularidade pública dedicados principalmente ao lecer. Dentro desta tipoloxía atópase unicamente a Cala de Bens, aínda que é preciso sinalar que o uso como espazo de lecer é mínimo polas malas condicións ambientais da zona, contigua á refinería, polo que non é un lugar de uso masivo como o resto das praias do municipio, senón que acolle prácticas máis individuais e colectivas (por suposto, coa mesma lexitimidade que os usos masivos).

F.3.- **Territorios mixtos**. Territorios compostos por varios dos cinco tipos de pezas estudadas, combinándose as áreas de monte con zonas de cultivo, vivendas unifamiliares dispersas e pequenas instalacións apoiadas nos camiños e nas formas das agras de cultivo históricas. Lugares que só poden considerarse como habitados, pero onde non hai rastro de tecido residencial convencional, producíndose un tipo de territorio moi común en Galicia e moi pouco estudado ata o de agora. Dentro deste tipo, pódense definir á súa vez dous subtipos:

F.3.1.- **Áreas nas que domina o monte**. Territorios mixtos nos que a maior parte da superficie está ocupada por monte baixo, alto ou mixto. Dentro desta tipoloxía atópanse: Aguieira, Castelo, Castiñeio e Curros.

F.3.2.- **Áreas nas que domina o cultivo**. Territorios mixtos nos que a maior parte da superficie está ocupada por áreas de cultivo. Dentro desta tipoloxía atópanse: Castillo e Conxes.

F.4.- **Lugares ocupados por instalacións**. Áreas orixinalmente de monte ocupadas na actualidade por instalacións industriais ou dotacionais que, por ser incompatibles ou nocivas para a vida urbana e por precisar para a súa actividade dunha gran superficie, sitúanse en enclaves periféricos sen presenza doutras actividades ou do uso residencial. Dentro desta



P-6.6.G.- Os tipos de barrios (Os barrios “veciños”)



P-6.6.H.- Os tipos de barrios (Os barrios “extra”)

tipoloxía atópanse: A Gobia, Castillo, Fontenla e Laxecova (Planta de Tratamento de R.S.U. de Nostián), Casar Vello e Poldros (instalacións de xestión de residuos), Cotos (canteiras) e Redonda (E.D.A.R. de Bens e instalacións de desmantelamento e reciclaxe).

G.- **Barrios "veciños"**. Entidades de poboación situadas fóra do municipio da Coruña (en Arteixo, Culleredo e Oleiros), pero coas que a veciñanza das áreas limítrofes mantén relacións cotiás á marxe da división administrativa (virtual) dos territorios. Dentro desta tipoloxía atópanse: A Corveira, Borroa, O Portádego, Perillo, Santa Cristina e Vilaboa.

Neste caso son precisas dúas notas aclaratorias: por unha banda, cómpre sinalar que esta lista elaborouse unicamente a partir das respostas no proceso participativo, polo que seguramente quedarase curta e moitos outros lugares veciños poderían tamén estar reflectidos nela; por outra banda, é tamén preciso explicar que nesta lista non aparece Meicende porque unha pequena parte deste barrio está dentro do municipio da Coruña, polo que, aínda que a xente que o mencionou (17 persoas) seguramente se referira máis ben a lugares no municipio de Arteixo, Meicende non aparece como barrio "veciño" senón na categoría que lle corresponde como barrio da Coruña.

H.- **Barrios "extra"**. Ademais das 297 delimitacións realizadas, no mapa final introducíronse 8 topónimos a maiores, casos que entendemos que é preciso seguir investigando, ben porque poderían ter sentido no futuro (xa que non foron substituídos por novos topónimos), ou ben porque o estudo realizado ata o de agora non foi abondo para chegar a unha conclusión contrastada sobre a súa delimitación. Dentro desta tipoloxía atópanse: As Cernadas, A Silva de Abaixo, A Silva de Arriba, Figueiras, Galán, Gatón, Laranxeiro e Laxes de Orro.

- As Cernadas e Galán consérvanse porque, aínda que os núcleos orixinais foron eliminados sen deixar rastro hai poucos anos e o plan parcial para a zona popularizou o nome de Parque Ofimático, éste é un topónimo completamente inadecuado toda vez que o ámbito se transformou nunha operación inmobiliaria residencial e non de oficinas, polo que sería recomendable que no futuro próximo se recupere a toponimia orixinal.

- A Silva de Abaixo e A Silva de Arriba non se delimitaron por falla de documentación sobre a historia do núcleo e a súa toponimia, quedando polo de agora todo o seu territorio englobado en A Silva, á espera dun estudo máis detallado.

- Gatón consérvase porque, aínda que o antigo caserío e as súas trazas desapareceron baixo as instalacións da refinería, o topónimo incorporouse á urbanización chamada "Gatón - Comeanda", polo que aínda podería recuperar o seu lugar nun futuro.

- Figueiras e Laranxeiro consérvanse porque aparecen nalgunha das cartografías actuais consultadas e non só nas antigas de cando existían os respectivos núcleos, polo que se suxire un estudo en máis profundidade.

- Laxes de Orro consérvase porque non está clara a súa situación orixinal, e como mantén a súa presenza como nome dunha praza, podería chegar a ter un lugar no intersticio entre Ponte da Pedra e O Birloque.



P-6.6.l.- Os grandes tipos de barrios



P-6.6.L.- Os tipos de barrios

A clasificación formulada non pode entenderse máis que como un primeiro bosquexo dun estudo que excede os obxectivos desta fase do proceso para a organización da cidade en distritos. Son moitas as dúbidas que xorden ao analizar pormenorizadamente o mapa resultante e as denominacións das categorías establecidas, así como moitas as clasificacións diferentes que poderían ter sido feitas.

Se ademais temos en conta que as propias delimitacións dos barrios requiren de máis traballo para chegar a unha proposta seria e acorde á realidade (e que mesmo é moi dubidoso que sexa a delimitación a ferramenta máis útil para representar ámbitos de identidade, xa que moitos non responden a un límite senón a unha condición focal que se vai diluindo); e que o sistema de representación non está tampouco traballado dabondo como para que queden ben explicitadas as superposicións entre barrios ou as diferentes tipoloxías, queda claro que esta cartografía só é un intento de representación da enorme complexidade identitaria dun territorio galego contemporáneo. Unha riqueza sorprendentemente pouco estudada, pero que se entende que é a base máis operativa para que a división en distritos da cidade sexa unha tarefa onde o estritamente técnico deixe espazo para a imaxinación política e a vontade social.

O estudo dos barrios segue polo tanto en proceso, pero xa nun estado no que pode devolverse á veciñanza para que poida avalialo e expresar a súa opinión. Na seguinte páxina amósase a cartografía provisional dos “barrios e outros ámbitos de identidade e recoñecemento colectivo” da Coruña, un documento que será compartido durante os próximos meses para que calquera persoa ou organización interesada poida facer achegas xa desde este momento inicial do proceso.

OS BARRIOS* DA CORUÑA

IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN PROVISIONAIS (Febreiro de 2016)

*** BARRIOS E OUTROS ÁMBITOS DE IDENTIDADE E RECOÑECEMENTO COLECTIVO**





P-6.6.M.- Os barrios da Coruña. Identificación e clasificación provisionais (Febreiro de 2016)

III.-
CONCLUSIÓNS.

7.-
INFORME DOS CRITERIOS ADOPTADOS E DOS DEBATES ABERTOS COMO CONCLUSIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PROCESO

PARA ORGANIZAR O MUNICIPIO DA CORUÑA EN DISTRITOS.

A POR TA ABER TA

P-7.1. O proceso para a organización municipal en distritos

7.1.- Introdución: os temas, as preguntas e os estudos.

Este documento componse dunha serie de estudos e análises que teñen como obxectivo producir coñecementos e información útil para contestar ás seguintes preguntas fundamentais sobre a organización municipal en distritos:

A.- **Definición**: Que é un distrito?

B.- **Funcionalidade**

B.1.- **Organización**: Como se estruturan e quen forma parte do seu goberno?

B.2.- **Actividade**: Que competencias e funcións poden desenvolver?

C.- **Territorio**

C.1.- **Cantidade**: En cantos distritos dividimos o municipio?

C.2.- **Composición**: Que criterios temos en conta para definilos?

C.3.- **Delimitación**: Por onde trazamos os seus límites?

C.4.- **Centro**: Cal é o seu centro ou espazo de referencia?

D.- **Denominación**: Que nome lles poñemos?

Estas oito preguntas non podían ser respondidas desde estudos específicos para cada unha delas, por iso se organizou o informe arredor de estudos independentes que, de forma transversal, achegan coñecementos útiles para o tratamento de cada unha destas cuestións. No gráfico adxunto [P-7.1], están representadas as relacións e as achegas significativas de información útil de cada un dos seis estudos (máis un pendente de realizar na segunda fase do proceso) de cara ao tratamento das oito preguntas básicas identificadas.

De forma resumida pódese dicir que o tema da funcionalidade (B) dos distritos é unha cuestión fundamental, e tanto o proceso participativo como os estudos complementarios son insuficientes neste senso, quedando á espera dun estudo xurídico e administrativo que defina o marco de posibilidades desde a análise en profundidade dos recursos necesarios e os seus obxectivos sociais. Por outra banda, a funcionalidade (B) e a cantidade (C.1) están totalmente vinculadas, polo que tendo fixados unha serie de parámetros e modelos sobre os que reflexionar, nesa segunda fase poderanse decidir ambas as cuestións. Os estudos realizados si sentan as bases para debater e tomar decisións respecto da composición (C.2) e a delimitación (C.3) dos distritos, dous temas que tamén determinan os diferentes modelos para pensar a cantidade (C.1), que deberán ser cotexados coas posibilidades funcionais (B). Por último, a definición (A), o centro (C.4) e a denominación (D) dos distritos son cuestións máis sinxelas para as que o proceso participativo e os estudos previos son abondo como base para tomar decisións.

7.2.- Definición: Que é un distrito?

No primeiro dos estudos deste documento establecéronse as características principais que definen os distritos:

- Desde a perspectiva da orixe etimolóxica e as definicións académicas do termo, os distritos están caracterizados polas condicións de territorialidade e funcionalidade, xa que son divisións dun territorio cunha función explícita, xa sexa administrativa, xurídica ou de distribución e organización de dereitos, servizos ou funcións públicas.

- Desde a perspectiva da lexislación, os distritos están determinados polos obxectivos referidos á desconcentración e á participación, xa que son un instrumento para desenvolver tanto as políticas de proximidade e desconcentración de funcións, como o fomento e a garantía da participación cidadá na xestión dos asuntos públicos.

- Desde a perspectiva da escala urbana, os distritos defínense como unha escala territorial intermedia entre o barrio e o municipio: unha subdivisión do municipio ou unha agrupación de barrios.

7.3.- Funcionalidade.

O tema da funcionalidade dos distritos é unha cuestión complexa porque é aí onde se decidirá a operatividade e as ambicións políticas da nova ferramenta. Aínda que non é o obxectivo deste informe, expóñense a continuación unha serie de reflexións, á espera do posterior estudo político e administrativo. De cara á análise, dividiuse a cuestión en dous subapartados: por unha banda, a organización, para falar da súa estrutura administrativa e a composición do seu goberno; e por outra, a actividade, para falar das súas competencias e funcións prácticas.

7.3.1.- Organización: Como se estruturan e quen forma parte do seu goberno?

Como se explicou no apartado 2.2.2.1, é o Regulamento Orgánico de Participación Cidadá o que define a composición das Xuntas Municipais de Distrito, no caso da Coruña especificando o seu número de membros (entre 3 e 9) e o papel que xogan tanto o Concello como as asociacións veciñais rexistradas na elección dos seus membros.

Non cabe dúbida de que este proceso é moi sensible politicamente, tanto desde a perspectiva da política municipal de partidos, como desde o punto de vista dos ecosistemas e micropolíticas populares. A decisión sobre como xestionar a composición das XMD dunha forma aberta á diversidade, ao informal, aos matices e ás minorías normalmente infrarrepresentadas, terá unha Importancia clave nas posibilidades dos distritos como ferramenta útil.

O que achega este informe a este respecto é unicamente o estudo dos barrios, que sen dúbida pode ter relevancia para a identificación do máximo número de entidades de poboación e formas de vida que poderían estar representadas na composición das Xuntas Municipais de Distrito.

Como se explicou no apartado 6.2, é preciso buscar fórmulas que non dificulten a participación das minorías no funcionamento dos distritos. No caso do que estamos a falar, a cidade como territorio, as minorías serían os barrios menos poboados, os máis desconectados, os asentamentos informais, os núcleos e aldeas de orixe preindustrial, os grupos de vivendas "baratas" que mantiveron unha poboación interxeracional e fixaron a súa identidade, as agras e montes nunca tidos en conta como lugares dunha urbanidade radical aínda que non estean urbanizados, e un longo etcétera de situacións urbanas que nunca terían cabida nin representación nunha XMD. Primeiro, porque non foron nunca identificados, e os barrios máis poboados ou organizados coparían eses postos por "sabiduría" política das organizacións veciñais e por "sentido común" das matemáticas da lóxica democrática; e segundo, porque o illamento producido pola desconexión e o descoñecemento probablemente implique formas de vida e lóxicas de relación coa administración diferentes ás de calquera dos barrios "integrados". É na xestión destes problemas fascinantes onde se porá a proba a capacidade e a aposta pola innovación democrática do Concello.

7.3.2.- Actividade: Que competencias e funcións poden desenvolver?

As posibles respostas á pregunta 5 non entraban no debate sobre as funcións e servizos específicos que poidan desenvolver os distritos, senon que facían fincapé nas expectativas e nos diferentes graos de implicación das persoas e comunidades no seu funcionamento.

O tema segue polo tanto moi aberto, e moito hai que pensar sobre os posibles servizos desconcentrados que poidan acoller os distritos, así como no seu papel en procesos máis complexos como a implementación dos orzamentos participativos no Concello.

Á espera dun estudo político-administrativo en profundidade, nunha lectura rápida das competencias delegables polos organismos municipais ás Xuntas Municipais de Distrito (XMD) segundo a *Ley 57/2003*, non se detecta ningunha funcionalidade específica, xa que case todo queda a expensas do que defina o correspondente regulamento orgánico.

A partir da análise das funcións específicas das XMD definidas nos regulamentos doutras cidades e o propio da Coruña (enumeradas no apartado 2.2.2.2), obsérvase que os seus enunciados, copiados directamente dunhas cidades a outras na maioría dos casos, son como sempre moi interpretables, e ben poderían significar o compromiso coa participación cidadá como todo o contrario. En gran medida, faise necesario debater e definir o que se entende, por exemplo, por ese ecosistema social co que se relacionaría o Concello, ou sobre a neutralidade ou posicionamento dos mecanismos de filtrado e exposición da información ou dos estudos que se poñan en marcha nos distritos.

A lei non entra a definir estratexias específicas para que os distritos fomenten ou garantan a participación cidadá, unha cuestión un tanto estraña, toda vez que é precisamente a participación un dos seus obxectivos fundamentais segundo a lei. É posible que sexa desde este estudo específico

das múltiples formas de participación nos asuntos públicos como se poida chegar a definir con máis precisión as funcionalidades das Xuntas Municipais de Distrito.

Neste senso, será importante facer un inventario orzamentado dos diferentes tipos de estruturas (humanas, arquitectónicas e de recursos) que farían falla para poñer en marcha servizos e formas de participación de todo tipo: desde cousas moi sinxelas como a visibilización da información municipal, ata outras máis complexas como a creación de rexistros municipais ou observatorios de análise e seguimento dos problemas detectados nos distritos, a xestión da elaboración de orzamentos participativos ou do co-deseño de espazos públicos, ou a cesión do patrimonio municipal para o desenvolvemento de actividades colectivas. O único que queda claro polo de agora é que non se debe partir unicamente das estruturas e funcionalidades convencionais reflectidas noutros regulamentos, senón dun debate máis traballado no que se poida discutir sobre fórmulas específicas de participación cidadá e innovación democrática.

Por último, á parte de debater sobre cada unha das posibles funcións que poden desenvolver as XMD (un campo no que como se viu parecen ter cabida moitas posibilidades), unha das cuestións importantes será decidir se estas teñen que ser homoxéneas, se ten sentido que o sexan se as características, problemáticas, desexos e capacidades dos distritos non o son. Unha pregunta importante porque dela dependerá en gran medida a flexibilidade para aplicar criterios de delimitación de distritos non convencionais.

7.4.- Territorio.

Outra das grandes cuestións é a que se refire á delimitación do ámbito territorial dos distritos, é dicir, aos criterios que se deberían ter en conta á hora de definilos e facer esa nova división da cidade, un tema que pode dividirse a súa vez en catro cuestións: a cantidade (o número de distritos), a composición (os criterios para conformalos), a delimitación (os límites entre distritos) e o centro (o espazo de referencia).

Antes de comezar, é preciso sinalar que, aínda que só pareza unha simple materialización física dunha virtualidade, a relación entre a forma da división en distritos e as políticas participativas aplicables no Concello pode ser moi directa. Distintas formas de distritos suporán distintas políticas posibles, xa que estas son moi sensibles a factores como a accesibilidade ou a cantidade de persoas interpeladas (ambas cuestións vinculadas co tamaño dos distritos). Ademais, os territorios tamén son moi diferentes entre si, polo que distintas realidades urbanas responderán de xeito diferente ás mesmas formas ou tamaños de distritos. Esta complexidade constata a necesidade de entender a formalización dos distritos como un ámbito no que aplicar a creatividade e non só a técnica estatística: a innovación política é proceso, mais tamén é forma.

7.4.1.- Cantidade: En cantos distritos dividimos o municipio?

A cuestión do número de distritos, cantos distritos deberían conformar a cidade, está totalmente vinculada co primeiro dos temas, a súa funcionalidade. Nos extremos desta pregunta, que non se facía expresamente no formulario do proceso participativo, poderiamos situar as dúas hipóteses seguintes:

> a) Crear moitos distritos, o que implicaría que estes tivesen poucas competencias delegadas (debido ao seu custo económico), pero cunha proximidade máxima á veciñanza. Neste caso falariamos de distritos de pequeno tamaño que deberían fomentar un maior recoñecemento por parte das comunidades e persoas que o integran, pero que non podería contar con moitos recursos municipais, polo que as súas posibilidades dependerían en moita maior medida da implicación da veciñanza no seu funcionamento.
>
> b) Crear moi poucos distritos, o que permitiría atribuírlles todas as competencias que permite delegar a lei así como a estrutura formal que esta suxire. Neste caso falariamos de distritos moi grandes que seguramente non xerarían un gran recoñecemento por parte das múltiples comunidades e persoas que o integran, pero que ao contar con suficientes recursos municipais, as súas funcionalidades, cando menos economicamente, estarían aseguradas.

A relación entre o número total e o tamaño dos distritos non é, evidentemente, tan directa como reflicten estas dúas hipóteses, xa que son moitas as combinacións que se poden facer neste senso. Como exemplo, poderiamos pensar en distribucións asimétricas nas que convivisen distritos moi pequenos con outros moi grandes e, dependendo do número total de distritos, habería que decidir se esa asimetría relativa ao tamaño se ve tamén reflectida no funcional ou non. Como viamos no estudo das outras cidades, un modelo moi común é o dunha distribución de moitos distritos pequenos nas áreas urbanas máis consolidadas e poucos e moi grandes nas áreas máis difusas, aínda que tamén había casos que optaban por moitos ou poucos, pero tendían cara á homoxeneidade de tamaño.
O que está claro é que a toma dunha decisión ao respecto do número de distritos implica reflexionar sobre a súa funcionalidade, tendo en conta, entre outros, pero sobre todo, parámetros como a sustentabilidade económica e os recursos necesarios, así como a capacidade para xerar recoñecemento e comunidade, dous temas moi sensibles que cada tamaño de distrito impide ou posibilita.

En resumo, os criterios para decidir o número de distritos son principalmente tres: por unha banda, a súa funcionalidade, que terá repercusión na estrutura administrativa e na distribución dos recursos entre os distritos, e por outra, a definición de límites máximos e/ou mínimos respecto aos parámetros de poboación (que terá consecuencias respecto á representatividade dos distritos) e superficie (que terá consecuencias respecto ao recoñecemento dos distritos). Neste senso, o que aparece é un debate arredor das asimetrías, é dicir, sobre cales destes parámetros é importante que sexan homoxéneos para todos os distritos e cales poden admitir asimetrías.

En realidade, estamos a falar dun tema radicalmente político, ante o que o máis obvio sería optar pola poboación como parámetro simétrico, o que implicaría que a distribución de recursos, a estrutura administrativa e a representatividade puidesen ser tamén simétricas para todos os

distritos do municipio. Non obstante, a conclusión provisional deste informe é que esta opción pode interpretarse como unha fuxida técnica moi cómoda para todos, de “sentido común”, pero que podería non ser a única posibilidade.

Apostamos polo tanto por explorar a opción da superficie como parámetro base para decidir o número de distritos, o que implicaría establecer un criterio de posibilidade de relación peonil entre todo o territorio dun mesmo distrito, un tema que ten relación coa superficie, pero tamén coa topografía e as condicións da rede de espazos públicos peonís. A partir de aí, habería que imaxinar sistemas de xestión das asimetrías que aparecerán nos outros parámetros, e que implicarán pensar diferentes escalas de estruturas administrativas, fórmulas de distribución equitativa dos recursos, e distintas formas de goberno e participación que sexan operativas en contextos de volumes de poboación moi heteroxéneos.

Trátase, ao final, de entender que dentro deses parámetros, as asimetrías destes tres últimos pódense resolver desde a política e a xestión, mentres que a distancia peonil e a capacidade de recoñecemento dun territorio están fixadas polas características físicas e psíquicas do ser humano. Dalgún xeito, temos que imaxinar fórmulas que, como a parroquia, conecten máis coa realidade ontolóxica do ser humano e coas súas prácticas produtivas e reprodutivas cotiás, que coas lóxicas estatísticas e burocráticas.

7.4.2.- Composición: Que criterios temos en conta para definilos?

O segundo dos temas relativos ao territorio dos distritos é a cuestión de decidir sobre qué parámetros buscamos unha certa homoxeneidade á hora de definir os ámbitos dos distritos, é dicir, cal é o nexo común entre os barrios e territorios incluídos nun mesmo distrito, e cal a relación entre os diferentes distritos. Os temas sobre os que se podería debater son principalmente seis:

A.- **As dotacións públicas**.

Á hora de interpretar os resultados do proceso participativo, e tras unha análise máis fonda da cuestión, detectouse un problema coa última e máis votada das posibilidades de resposta á pregunta sobre os criterios para definir os distritos: “dotación de servizos públicos”. Enténdese que non tería sentido delimitar os distritos segundo este parámetro, senón que os distritos deben ser unha ferramenta para visibilizar a falla de equipamentos e que a veciñanza poida reclamar de formas máis áxiles que se homoxenicen os estándares de servizos públicos en todo o termo municipal. Dividir a cidade en distritos nos que haxa iguais ou similares servizos públicos obrigaría a que estes ámbitos foran moi diferentes en canto a outros parámetros (xa que os equipamentos están distribuídos de forma heteroxénea na actualidade) e, o que é peor, non servirían para reflectir as diferentes posibilidades que ten a veciñanza da cidade segundo o seu lugar de residencia, unindo nun mesmo distrito, que supostamente está equipado de igual forma que os demais, a entidades de poboación con moi diferentes graos de acceso a estes servizos. Polo tanto, a reflexión sobre as dotacións públicas virá nun segundo momento, e esta cuestión queda aquí entendida como aspiración social, como posible obxectivo para cuxa consecución deberían poder ter un papel activo os distritos (dunha forma complementaria á que xa propoñen os distritos urbanísticos).

B.- **As condicións de vida**.

Dividir a cidade de forma que os distritos resultantes estean compostos por comunidades parecidas en termos socioeconómicos (condicións, formas ou niveis de vida) é unha opción moi complexa de levar a cabo pola fragmentación e dispersión urbana das diferentes formas de vida, pero implicaría como vantaxe que se partiría dun importante nivel de integración social das comunidades que compartan distrito. Pode ser unha forma de delimitar algún dos distritos, pero dificilmente pode funcionar como método global. Aínda así, esta cuestión introduce un interesante debate político arredor do grao de homoxeneidade ou heteroxeneidade interna dos distritos en termos socioeconómicos, sobre se o máis oportuno é tender á homoxeneidade de niveis de vida en busca dunha suposta integración, ou se é máis razoable optar pola máxima heteroxeneidade para xerar conexións inesperadas e coñecementos mutuos obrigatorios.

C.- **A forma urbana**.

Dividir a cidade de forma que os distritos resultantes estean compostos por pezas urbanas que compartan un vínculo histórico, a tipoloxía arquitectónica ou as características do tecido urbano é unha forma de fomentar o recoñecemento dos distritos, tanto desde o punto de vista interno, as comunidades que se recoñecen como habitantes dun mesmo tipo de territorio, como desde a perspectiva externa, dada a facilidade que suporía á hora de recoñecer as diferenzas entre un distrito e outro. Ao igual que no caso das condicións de vida, trátase dun parámetro sensiblemente fragmentado e disperso no territorio, polo que en moitos dos casos implicaría a creación de distritos discontinuos. Ao igual que no caso anterior, parece unha opción valorable para definir algún dos distritos, pero moi difícil de implementar para todos os casos.

D.- **A poboación**.

Dividir a cidade de forma que os distritos resultantes teñan unha poboación similar en termos cuantitativos é unha opción moi directa e que ten dúas vantaxes importantes: cada distrito sempre disporá dunha masa crítica mínima e o nivel de representatividade será o mesmo para todos os distritos. Como problema, podemos dicir que este método xeraría importantes diferenzas de tamaño, tendendo a un modelo no que os distritos das áreas máis densificadas teñan unha superficie moito menor que os distritos doutros tipos de territorios.

E.- **A superficie / O tamaño**.

Dividir a cidade de tal xeito que os distritos resultantes teñan unha superficie similar en termos cuantitativos é unha opción tamén moi directa, e que tería como consecuencia que o nivel de recoñecemento do territorio do distrito sería similar para toda a súa veciñanza. Ao non existir distritos desproporcionados, grandes de máis como para poder ser un ámbito recoñecido no cotián, parece que se fomentaría unha maior identificación tanto entre as comunidades que o forman e o propio distrito, como entre as propias comunidades.

F.- **As relacións cotiás entre barrios**.

Dividir a cidade segundo o estudo das relacións entre barrios podería ser un parámetro máis ou menos obxectivable se se dedicaran os recursos necesarios para facer un estudo en profundidade. Os resultados documentados neste informe, conseguidos a través do proceso participativo, parten dun volume de respostas elevado, pero non suficiente para representar o que acontece en todo o

termo municipal. Por outra parte, tendo claro que as delimitacións dos distritos non deberían romper ningún barrio, xa non está tan claro se os distritos deben tender a unir barrios xa moi relacionados ou, precisamente, ser unha forma de unir barrios con problemas de comunicación.

Como conclusión a esta pequena análise das posibilidades, pódese dicir que o que parece máis operativo é partir dun modelo mixto, baseado no punto E (a superficie), e resolto no detalle principalmente segundo os puntos B e C (as condicións de vida e a forma urbana), xa de por si normalmente vinculadas, e segundo o punto D (a poboación), nos casos en que este parámetro implique diferenzas radicais, o que seguramente se vexa tamén reflectido nos dous puntos anteriores. O importante é comezar a entender este tipo de asuntos abstractos, que parecen moi facilmente delegables nos saberes técnicos, nunha cuestión politicamente imaxinativa na que, por exemplo, se poidan pensar as posibilidades dos distritos como ferramenta redistributiva de recursos públicos e privados, ou como método de organización urbana que loite contra as lóxicas centrífugas hexemónicas e se estableza como un diálogo coas inercias centro-periferia.

De moito interese será tamén pensar na idea dos distritos discontinuos, unha posibilidade explorable en casos como os dos barrios periféricos de orixe preindustrial ou nos parques empresariais e áreas de actividade. No estudo doutras cidades, detectáronse varios casos nos que existe esa discontinuidade dentro dun mesmo distrito, a maioría das veces debido á propia discontinuidade do municipio (como en Alacant, Barcelona, Jerez de la Frontera ou Málaga), pero outras, como no caso de Oviedo, por unha decisión de deseño intencionada.

Outra das cuestións detectadas no estudo doutras cidades é a posibilidade de diferenciar entre os distritos urbanos e outro tipo de distritos: “rurais” en Jerez de la Frontera, Oviedo ou Zaragoza, “periurbanos” en Córdoba, “pobles” en València, “camps” en Elx, ou distritos composto por barrios e distritos compostos por pedanías e barrios, en Murcia. Esta opción específica é dificilmente contemplable para o caso da Coruña polo seu pequeno tamaño e altísimo grao de urbanización, no que se pode falar de multitude de formas urbanas mixtas, híbridas ou “transxénicas” (ver Anexo 5), pero dificilmente do mundo rural. Non obstante, esta posibilidade de pensar en diferentes tipos de distritos si é moi interesante metodoloxicamente, xa que explicita unha forma de xestión das asimetrías que si podería ser útil, quizais a partir doutro tipo de diferenzas urbanas, para o caso do municipio da Coruña.

7.4.3.- Delimitación: Por onde trazamos os seus límites?

Outra das cuestións fundamentais sobre a delimitación dos distritos é a que ten que ver coa propia liña límite entre os distritos, con cómo e por onde se traza a dita liña. Na lexislación relativa aos distritos non hai ningunha observación a este respecto, polo que, aínda que se trate de elementos diferentes, é interesante mencionar o previsto no artigo 49 (división do solo urbano e urbanizable) da *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, no que se explicitan unha serie de recomendacións para o caso dos distritos urbanísticos, como a utilización na definición dos seus límites dos *“sistemas xerais e os elementos estruturantes da ordenación urbanística”* e a idoneidade de que coincidan *“na maior parte da súa extensión cos barrios, parroquias ou unidades territoriais con características homoxéneas”*.



P-7.4.- Decisións básicas sobre o territorio dos distritos

Ademais destes dous importantes elementos, os límites dos barrios e as grandes infraestruturas, tamén existen outras moitas liñas virtuais na cidade que poderían tomarse como guías se se considera importante potenciar o seu significado ou consecuencias. Por exemplo, se pensamos nas seccións censuais, conservar o seu trazado como grella para a división en distritos, implicaría que os datos do Instituto Nacional de Estadística serían plenamente útiles para coñecer a realidade e os procesos demográficos e socioeconómicos dos novos distritos. Dado o interese que teñen para realizar unha proposta definitiva de distritos tanto a delimitación dos barrios como as outras divisións xa presentes no municipio, os capítulos 5 e 6 deste documento trataron estes temas explicitamente.

As conclusións destas análises respecto á delimitación dos distritos foi o establecemento como criterio principal a indivisibilidade da unidade barrio, que nunca será fragmentada polo trazado dun distrito. A partir do mapa dos barrios da cidade exposto no capítulo 6, esta decisión significará unha primeira simplificación da "grella base" sobre a que delimitar os distritos, xa que os barrios que comparten ámbitos solapados e os barrios-territorio tamén formarán unha unidade indivisible. Por outra banda, que os barrios sexan unha prioridade tamén implica que os límites dos distritos non teñen porque coincidir coa rede viaria e as grandes infraestruturas, xa que haberá casos nos que estas non sexan as liñas fortes que marcan a transición entre barrios.

Por último, outro dos criterios que hai que ter en conta é a posibilidade de que os distritos se correspondan con algunha das outras divisións da cidade expostas no capítulo 5, ben porque a delimitación proposta respecte no posible algunha das demarcacións actuais, como os tecidos urbanos ou as seccións censuais, ou ben porque posteriormente certas cuestións de xestión se coordinen cos novos distritos para que o seu recoñecemento implique relacións entre saberes (como os ámbitos de rehabilitación prioritaria, o mantemento das zonas verdes, etc.).

7.4.4.- Centro: Cal é o seu centro ou espazo de referencia?

A través da pregunta 2 relativa á escala barrio (Cal é o centro ou espazo de referencia do teu barrio?), coñecemos todos os puntos da cidade que a veciñanza considera a referencia do seu barrio, o que servirá para, unha vez delimitados os distritos, tomar a decisión sobre cal pode ser o seu centro. Un centro que, dado o resultado da pregunta 8 (Onde se debería situar/localizar o espazo de referencia do distrito?), queda claro que será nun lugar fixo do seu ámbito territorial (aínda que, como se explica no apartado 4.2.2.4, existen sensibles diferenzas entre barrios).

As dúbidas que quedarán por resolver son as seguintes: por unha banda, xorde o debate entre optar polos centros incluídos no mesmo distrito directamente segundo a súa relevancia como centros de barrio, ou se formular centros alternativos aos principais para que non compitan coa identidade autónoma do barrio elixido, nin quede solapada e capturada por este en exclusividade; por outra banda, será tamén necesario pensar se se toma a decisión atendendo a criterios de centralidade estritamente con respecto ao distrito, ou se pensamos en centralidade a escala municipal, é dicir, se prima máis que o centro do distrito sexa un lugar moi relevante na escala metropolitana, aínda que estea situado nun bordo do distrito e polo tanto non estea a unha distancia similar de todos os barrios que o compoñen, ou se, pola contra, é esta condición de centralidade para os propios barrios que compoñen o distrito o parámetro prioritario para tomar a decisión.

7.5.- Denominación: Que nome lles poñemos?

Unha clara interpretación dos resultados das respostas á pregunta 9 (Que criterios usarías para darlle nome ao distrito?) é que unha maioría das persoas prefire non vincular o nome dos distritos a un dos nomes particulares dos barrios que o compoñen, optando a maioría ou ben pola solución máis abstracta de identificalos cun número, ou ben con todos os nomes dos barrios que o compoñen separados por guións, unha posibilidade factible no caso de se opte por crear moitos distritos compostos por poucos barrios, pero moi engorrosa se a opción é crear poucos distritos nos que estean incluídos moitos barrios.

Dependendo das características da proposta de delimitación dos distritos, poderán terse en conta opcións alternativas como a de poñerlle nomes referidos a cuestións históricas ou xeográficas, unha opción con moito valor xa que foi a máis mencionada das respostas non incluídas como predefinidas no proceso participativo. Esta opción abriría un interesante debate sobre se a propia historia ou realidade socioeconómica contemporánea pode ter o mesmo peso que cuestións históricas menos coñecidas pola veciñanza, é dicir, un debate sobre se os nomes dos distritos deberían tender a producir recoñecemento instantáneo (por estar referidos á realidade actual dos seus ámbitos territoriais), ou se, polo contrario, poderían ser unha ferramenta de memoria e difusión da historia menos coñecida deses ámbitos.

8.-

AVANCE DOS SEGUINTES ESTUDOS PREVIOS Á PROPOSTA DE DIVISIÓN MUNICIPAL EN DISTRITOS.

8.1.- Continuación e conclusión do traballo de identificación, delimitación e clasificación dos barrios.

Como se mencionou no capítulo seis, o estudo dos barrios da Coruña, no Artigo 1 do *Real Decreto 1690/1986, de 11 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales*, establécese que *"es competencia del Ayuntamiento la división del término municipal en distritos y en barrios y las variaciones de los mismos".* O estudo dos barrios da cidade non é só unha necesidade técnica para a correcta delimitación dos distritos, senón unha competencia municipal perfectamente definida na lexislación. O estudo excedía as posibilidades deste informe, polo que, se ben está moi avanzado respecto á situación de partida, requirirá dun traballo en máis profundidade para poder consideralo útil para a toma de decisións e non só como análise académica. Os traballos que se desenvolverán a partir de agora para chegar a unha proposta adecuada á realidade serán:

- <u>Continuación e conclusión da cartografía dos tecidos urbanos do municipio</u>.

A primeira tarefa para rematar de definir a base sobre a que se delimitarán os barrios será a continuación do traballo de identificación e clasificación dos tecidos urbanos. Nos ámbitos máis centrais da cidade a clasificación está elaborada abondo, polo que neste caso só faltaría traballar a escala de detalle e a inclusión das pezas de menor tamaño que non foron recoñecidas na primeira fase do estudo. Nos ámbitos máis periféricos é onde se concentrará a maior carga de traballo, xa que se trata de áreas urbanas moi complexas nas que as referencias teóricas da disciplina urbanística son moi limitadas, polo que haberá que tomar importantes decisións sobre a metodoloxía de recoñecemento de tecidos e formas urbanas (se se tende á máxima fragmentación -coincidindo os tecidos e as tipoloxías arquitectónicas- ou non -pensando en tecidos como entidades compostas por pezas heteroxéneas-). Por último, será preciso definir as formas de delimitación dos tecidos na escala de detalle, homoxenizando os criterios de delimitación dos diferentes tipos de tecidos (segundo a parcela, o edificado ou os eixos viarios).

- **<u>Continuación do estudo cartográfico e bibliográfico</u>**.

Sobre todo no que se refire á cartografía da Coruña da segunda metade do século XX, o período no que máis transformacións experimentou a cidade, pero do que precisamente menos planos foron estudados ata o de agora. Entre outras fontes, haberá que consultar as primeiras e sucesivas edicións do Mapa Topográfico Nacional 1:50.000 (MTN50) e 1:25.000 (MTN25) editado desde 1968, así como outros materiais de interese como as listaxes de barrios da cidade realizadas desde o mundo da literatura ou desde os estudos académicos sobre cuestións non vinculadas directamente ao urbanismo. Ademais, tamén se deberá complementar a información cartográfica anterior ao século XX, para o que pode servir como guía a recompilación de planos recollida no libro *La ciudad a través de su plano* (Concello da Coruña, 1984) de José González-Cebrián Tello.

- **Traballo de campo**.

A visita a moitos dos territorios recoñecidos inicialmente, sobre todo a aqueles máis periféricos e complexos, será indispensable para resolver moitas das dúbidas sobre os límites e os nomes das cousas na pequena escala, xa que gran parte do coñecemento sobre a realidade territorial nunca foi documentado e a única fonte existente son os saberes da veciñanza.

- **Revisión profesional da toponimia**.

Unha vez rematada a listaxe final de barrios e áreas recoñecibles, será necesario cotexar todos os topónimos con expertos/as que poidan detectar os erros e transformacións non xustificadas que as cartografías oficiais foron repetindo durante toda a historia, un problema moi común en Galicia, onde os topónimos non só foron substituídos polo imaxinario da ditadura en moitas ocasións, senón tamén castelanizados na súa gran maioría.

- **Continuación do traballo analítico**.

Moito hai que pensar sobre as clasificacións e as denominacións dos tipos de barrios ata chegar a conceptos claros e sinxelos de entender por calquera persoa. A clasificación ten por obxectivo establecer criterios uniformes para a delimitación dos barrios, entender as interdependencias non apreciables a simple vista entre eles, e axudar a construír un relato da realidade metropolitana que inclúa e enorme riqueza de situacións e cousas urbanas das que gozamos no territorio galego. Ademais, aínda con todas as limitacións do sistema de análise estatística derivada da formalización das seccións censuais, será interesante cruzar os parámetros empregados ata o de agora para clasificar os distintos tipos de barrios cos datos estatísticos como a densidade, o índice de avellentamento ou o poder adquisitivo, co obxectivo de matizar aínda máis as similitudes e diferenzas entre os barrios.

- **Traballo de delineación e representación**.

Un grao de complexidade como o que resulta da delimitación e clasificación dos barrios esixe unha fonda reflexión sobre como representar graficamente esta realidade. Será necesario probar distintas técnicas cartográficas ata dar cunha solución axeitada coa que se poidan reflectir formas urbanas complexas, múltiples categorías, algunhas do mesmo estatus conceptual e outras radicalmente diferentes, superposións entre delimitacións, etc.

- **Cálculos estatísticos**.

Unha vez decidida a proposta inicial de delimitación dos barrios, deberanse calcular os datos estatísticos de poboación, superficie e densidade de poboación, un traballo que esixirá recompoñer, a partir dos datos catastrais, os ámbitos onde as delimitacións das seccións censuais entren en conflito coas delimitacións dos barrios. Unha vez elaborado este traballo, poderase dicir que a base ou “grella” sobre a que facer a proposta de distritos estará definitivamente rematada.

8.2.- Estudo xurídico e administrativo: Límites e posibilidades para imaxinar a forma e a xestión dos distritos.

